

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e catro de febreiro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto sexto da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos sexto e sétimo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xaneiro de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 27 de xaneiro de 2017 é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 1/2017 DO ORZAMENTO DO INORDE.-

O Sra. interventora explica brevemente en qué consiste a modificación de créditos obxecto do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, Sr. presidente. Bo día a todas e todos. É ben coñecido deste Pleno, e de todo o mundo me parece, cal é a filosofía, o noso posicionamento ao respecto da existencia do INORDE; pensamos que é un organismo que non debería existir, co cal non compartimos nin as súas finalidades, nin os criterios cos que reparte os fondos; co cal, loxicamente, vamos a votar en contra deste punto. De momento nada máis. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi bo día. Nós, igual que temos feito en anteriores ocasións, votaremos en contra desta modificación pola súa discrecionalidade. Nada máis.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, Grupo do Partido Popular: bo día, distinguidas señoras e señores, e todos os que nos están escoitando e vendo. A verdade é que son pouco orixinais para xustificar, polo tanto eu creo que isto unha vez aprobado polo Consello Reitor do INODE o 25 de xaneiro, e alí debatido tamén, pois non hai moito máis que dicir. Era o esperado.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2017 do orzamento do INORDE, para o exercicio 2017, modificando a base quinta no que se refire á partida especificada para as subvencións a concellos, que sería na 462.01 en vez de na 489.06; e na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións nominativas segundo o cadro seguinte:

A Asociacións sen ánimo de lucro (42211/489.06):

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Jóvenes Empresarios Ourense	Gastos e actividades da asociación ano 2017	15.000,00 €
Asociación Empresarios de Maceda	Gastos correntes e de investimento para funcionamento da asociación anos 2016 e 2017	40.000,00 €
Asociación Empresarios de Verín	Gastos de funcionamento 2017	15.000,00 €
Área Industrial Carballiño (AICA)	Gastos de funcionamento 2017	12.000,00 €
Total:		82.000,00 €

A Concellos (42211/462.01):

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Beariz	Redacción dos plans especiais: Parque Empresarial e Cemiterio.	20.000,00 €
Total:		20.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE AVIÓN EN MATERIA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DAS TAXAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E SANEAMENTO ASÍ COMO DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Avión ten atribuídas en materia de xestión tributaria e recadación das taxas de subministración de auga e saneamento así como do canon da auga da Xunta de Galicia, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 23 de decembro de 2016. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

4º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2017 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. presidente. Non vou a repetir os argumentos que xa expuxen no seu momento cando se tratou inicialmente este tema; pero o trasfondo do noso posicionamento en contra, que xa explicitamos na propia Comisión, está na privatización dun servizo que entendemos que debe ser estritamente xestionado desde o ámbito público e non privatizado, por iso nós xa votamos en contra e agora neste Pleno manteremos ese mesmo posicionamento. Nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. presidente. Nós imos votar en contra, non tanto en canto pola cuestión que se resolve aquí, pola alegación que se resolve aquí, senón polo orzamento dun servizo externalizado, privatizado, que xa nos viñemos manifestando en contra do mesmo nos diferentes Plenos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

houbo do Consorcio Provincial de Incendios, coma anteriormente na aprobación inicial deste orzamento. Nós apostabamos por unha xestión pública porque é máis barata; acaba de saír na prensa estes días o orzamento do parque de bombeiros do Deza - Tabeirós que é de 831.000 €, se facemos a multiplicación por catro, que son os parques deste Consorcio, por catro ou seis anos que é polo que se adxudicou este contrato na provincia de Ourense, veremos que van en favor das teses que nós defendiamos, que é unha xestión pública deste servizo, moito máis eficiente e con moitos máis medios; por non entrar tampouco noutra cuestión, na que xa falaremos cando se remate, que é o proceso de selección de persoal que está tendo lugar nestes momentos, sobre todo para o parque que vai abrir, o de Carballiño - Ribeiro, non nos gusta o que está saíndo nos medios, nin as informacións que estamos vendo en canto a cuestións de parentescos e parentela. Esperaremos ata que estea o proceso rematado para dicir o que teñamos que dicir. Insisto e repito, o noso voto é que non.

D. Pablo Pérez Pérez, Grupo do Partido Popular: moitas grazas. Moi bos días a todos, Sr. presidente. Primeiro de nada dicir que nós si estamos contentos coa decisión tomada sobre a xestión do servizo; segundo, vostede fala do Deza - Tabeirós, pois dicirlle que eu pódolle nomear o informe que fixeron os tres secretarios das Deputacións de Lugo, Coruña e Pontevedra, onde non goberna o Partido Popular, onde se facía unha comparación dun servizo e doutro e en ningún momento se pronunciaron do nivel económico, por algo será; e segundo, falaba vostede do proceso de selección é que verá, mire, a Deputación Provincial é totalmente allea ao proceso de selección, si podemos dicir que foi un proceso público e transparente e non se pode poñer en tela de xuízo a unha institución coma a Universidade da Coruña; de feito, calquera persoa que quixera ver as probas físicas alí podía ir, e tanto despois exames, están metidos os sindicatos, comité de empresa e de todo; do resto, pois non dicir nada máis, e que si, que o día 1 de xuño será unha realidade o que durante moitos anos ninguén conseguiu que é poñer en marcha o xa desexado Parque comarcal Carballiño - Ribeiro. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: si, non tiña pensado intervir nesta segunda quenda, pero non podo deixar pasar por diante o que acaba de dicir o deputado do PP. É dicir, home, solo faltaría, os da comarca do Carballiño levabamos padecendo a falta desde parque que foi anunciado xa no 2003, ao pouco de entrar eu de alcalde en Piñor, e insisto que a Deputación estivo sempre nas mesmas mans; é certo que antes non era un Consorcio Provincial, pero a Xunta durante todo este proceso maioritariamente estivo o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

seu partido político ao fronte dela e o Concello do Carballiño tamén estivo gobernado durante catro anos polo seu partido político; polo tanto, algunha responsabilidade terán niso. Home, eu canto a selección do persoal, visto é que non selecciona o Consorcio Provincial, xa nos gustaría a nós que seleccionase o Consorcio Provincial e que fose unha selección de persoal público; probablemente, sendo así, seleccionaríanse aos mellores. De momento eu non vou dicir nada porque fáltanme saber cales son as persoas, os bombeiros, que son elixidos e a esperar a ver si se confirman as sospeitas que nós temos. Falaremos despois.

D. Pablo Pérez Pérez, Grupo do Partido Popular: si, reiterarlle que a Deputación é allea totalmente a este proceso e tamén dicirlle que, evidentemente, vostedes tamén gobernaron do ano 5 ao ano 9 na Xunta de Galicia e sabe moi ben que o 66% deste consorcio é do que é titular a Xunta, non coma nos outros que é metade - metade coas Deputacións. Si, tamén recordarlle que este proceso superou numerosos atrancos xudiciais, numerosos atrancos xudiciais, e recursos de sindicatos, de empresa e tal, e quere dicir que fala do bo facer dos técnicos desta casa e de que é un proceso totalmente limpo e transparente. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a reclamación con NRE 3543 presentada pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo de aprobación inicial do orzamento 2017 do Consorcio.

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2017, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 13 de decembro de 2016, por importe de 3.806.000 €.

3º.- Publicar no BOP, resumido por capítulos, o orzamento do Consorcio obxecto de aprobación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

5º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C.H. DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DA VEIGA PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO ACONDICIONAMENTO, PROTECCIÓN E MELLORA DA CONECTIVIDADE DAS MARXES DO RÍO XARES AO SEU PASO POLOS NÚCLEOS DE XARES, PONTE E BAÑOS (A VEIGA).

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: nós ímonos abster neste punto. Nada temos en contra deste convenio, votariamos a favor, iso si, se fose un convenio marco para todos, un convenio que ofertase esta posibilidade a todos os concellos da provincia. Nada máis.

D. Juan Anta Rodríguez, Grupo do Partido Popular: bos días, deputadas, deputados, xente que nos acompaña. Pensei que non tiña que intervir, solo unha mención, imaxino, non sei, si en todos os concellos da provincia hai río; senón, facémolo, non, é dicir, imaxínome que non, creo, pero non o sei. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: fíxese si hai en todos os concellos que, ata non hai moito, se quería facer un pantalán nun río na Limia. Fíxese vostede si hai ríos ou non. Moitas grazas. É unha broma, perdoe.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello da Veiga para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto acondicionamento, protección e mellora

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán o financiamento, redacción do proxecto, posta a disposición dos terreos, execución e posterior entrega para o mantemento e conservación das obras e instalacións que se contemplan no proxecto titulado “Proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños na Veiga (Ourense)”

SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- O presente convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órgano e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no Boletín Oficial do Estado. En relación coa súa vixencia haberá que ter en conta o seguinte:

a) Vixencia en canto á execución das obras

A súa vixencia concluirá cando finalizasen as actuacións do seu obxecto e se procedese á recepción das obras, liquidación do contrato e finalización do prazo de garantía, de acordo co especificado na cláusula quinta relativa ás anualidades.

b) Vixencia en canto á encomenda de xestión.

A encomenda de xestión estará en vigor desde a data de entrega das actuacións conforme co establecido na cláusula sétima e duodécima ata que se materialice a mutación demanial a favor do Concello da Veiga prevista no apartado quinto da citada cláusula duodécima.

En todo caso, o prazo de vixencia da encomenda de xestión non será superior a catro anos, salvo que antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio acorden unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

2.- O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

a) O acordo unánime de todos os asinantes.

b) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contraditorio regulado no artigo 51.2c) da LRXSP, levará consigo o pago dunha indemnización aos demais outorgantes do convenio polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

Nos devanditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación das destas e a forma de entrega das obras ao organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

No entanto, en caso de resultar necesaria a modificación das anualidades conforme co establecido na cláusula quinta, esta realizarase a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, cando sexa preciso para acomodar o financiamento ao ritmo de execución das actuacións.

TERCEIRA.-DESCRICIÓN DA OBRA

O obxectivo da actuación recollerase no “Proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponche e Baños na Veiga (Ourense)”, que será redactado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e consistirá no acondicionamento das marxes do río e a execución de proteccións puntuais nelas, nas zonas máis afectadas pola erosión en tres tramos de río, ao seu paso por cada un dos núcleos de poboación anteriormente citados.

Así mesmo, é obxectivo desta actuación a integración e mellora da conectividade entre as marxes do río Xares mediante varias actuacións nas pontes existentes, valorando a necesidade de acometer novas obras de paso.

Ademais, revisarase o estado de conservación dos noiros que forman as marxes do río Xares e elementos etnográficos asociados a este; actuando para a súa conservación e mantemento.

CUARTA.-CUSTO DAS ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO RELATIVO Á EXECUCIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

1.- O investimento total necesario para a actuación estimouse en 400.000 €.

2.- Para afrontar o custo do investimento existe crédito, adecuado e suficiente, de acordo coas anualidades previstas na cláusula quinta na aplicación orzamentaria 23.108.452A60, código de proxecto 2013 23 233 0011 do orzamento de gastos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

3. De acordo co anterior, o financiamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará 200.000 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

- A Deputación Provincial de Ourense achegará 140.000 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 35% do investimento inicialmente previsto.

- O Concello da Veiga achegará 60.000 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 15% do investimento inicialmente previsto.

4. As tres partes asumirán, en idéntica porcentaxe (50%-35%-15%) cada un, as variacións económicas, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de prezos, liquidación do contrato, obras complementarias, así como por calquera outra modificación que se aprobe na execución dos contratos de obras ou servizos.

5. Con cargo ao importe previsto no apartado primeiro, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil afrontará tanto o custo do proxecto, como da obra, dirección e vixilancia dela, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores estimados para cada un destes conceptos son:

- Asistencia técnica para a redacción do proxecto estímase en 40.000 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.

- Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde: 335.000 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.

- Asistencia técnica para a dirección das obras, incluíndo coordinación de seguridade e saúde delas: estímase en 25.000 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.

QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS.

1. Para a execución do obxecto do presente convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como anexo I ao presente documento. Estas haberán de modificarse sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do convenio.

2. As achegas da Deputación Provincial de Ourense e do Concello da Veiga materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, trala certificación previa por esta dos compromisos adquiridos (fase contable D); ou retido, en caso da liquidación final.

3. As mencionadas transferencias de fondos, que poderán ser varias nunha mesma anualidade, en función das certificacións de compromisos expedidas pola Confederación Hidrográfica, efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

A contía indicada para cada anualidade, será a máxima que os cofinanciadores teñan que achegar anualmente, con independencia dos compromisos adquiridos pola CHMS, salvo que se modifique previamente o importe total do convenio, caso no que lles corresponderá a cantidade derivada da dita novación convencional.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

4. Cando se prevexa que a execución non alcance a contía inicialmente comprometida para unha anualidade, a Confederación Hidrográfica porao en coñecemento dos cofinanciadores para que poidan efectuar os oportunos axustes financeiros e orzamentarios. A dita comunicación haberá de realizarse antes de que conclúa o mes de outubro de cada exercicio.

5. No entanto, non se considerará modificación do presente instrumento convencional, a distribución interna, entre as distintas anualidades, do crédito en principio determinado para cada unha delas, así como tampouco a distribución entre os distintos conceptos que a compoñen, sempre que non se incremente o seu importe global.

6. O importe non certificado nunha anualidade dada, pasará, automaticamente, á seguinte, sumándose, se é o caso, ao importe previsto inicialmente para esta última.

SEXTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil licitará, adxudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución do presente convenio, ata a terminación definitiva das obras.

SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS.

1. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil comunicaráselles á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello da Veiga tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público a este último para o seu mantemento e conservación.

2. A dita entrega poderá realizarse por fases, cando, de acordo co disposto no artigo 235.5 d) da Lei de contratos do sector público, na redacción dada a este no seu texto refundido, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, así como no artigo 165 do Regulamento xeral de contratos das administracións públicas, caiba a recepción parcial da obra e a súa entrega para o uso público ao que está destinada.

3. No caso de que a CHMS, en aplicación do artigo 235.6 do texto legal precedente, acorde a ocupación efectiva das obras, poderán serlle entregadas ao Concello da Veiga estas.

4. En calquera caso, a entrega entenderase materializada pola mera notificación ao Concello da Veiga achegando unha copia da acta de recepción. A partir deste momento a dita entidade local asumirá todos os dereitos e obrigacións inherentes ao encomendado. Posteriormente tramitarase o oportuno expediente de mutación demanial entre administracións públicas, conforme co establecido na cláusula duodécima.

5. A entrega das precitadas obras efectuarase polo organismo de conca en adecuadas condicións de uso.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

**OITAVA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN
HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, as seguintes obrigacións:

1. *Financiar as actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta do presente convenio.*
2. *Licitar, adxudicar e xestionar os contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executar o convenio de colaboración ata a súa terminación definitiva.*
3. *Realizar, unha vez terminadas as obras, a súa recepción.*
4. *Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlles este acto á Deputación e ao Concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.*
5. *Pór a disposición do Concello o construído, de modo que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.*
6. *A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado do construído, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo.*
7. *Tramitar ante a Dirección Xeral do Patrimonio o correspondente expediente de mutación demanial.*

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil resérvase as funcións de inspección e control sobre os bens cuxo uso se entrega.

**NOVENA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE OURENSE.**

- 1.- *A Deputación Provincial de Ourense asume o financiamento da actuación, conforme co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.*
- 2.- *A entidade local acepta que o mantemento e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello da Veiga.*

DÉCIMA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DO CONCELLO DA VEIGA

Corresponderanlle ao Concello da Veiga, as seguintes obrigacións e facultades:

1. *O financiamento das actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta do presente convenio.*
2. *O mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída,*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

asumindo os dereitos, obrigacións e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.

3. O pago de todos cuantos tributos graven as ditas instalacións, incluso, se é o caso, o Imposto sobre Bens Inmóveis e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación do actuado e en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio.

4. A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ao outorgamento da licenza municipal, no caso de que esta resultase necesaria.

5. Realizar as obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumir os gastos que delas poidan derivarse.

6. Pór a disposición da Confederación Hidrográfica Miño-Sil os terreos precisos para a realización das obras, libres de cargas e gravames.

7. A obtención de todos os permisos necesarios para a execución das obras e en particular os correspondentes á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e á Dirección Xeral de conservación da Natureza da Xunta de Galicia.

O Concello da Veiga queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utilizar as obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

UNDÉCIMA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS

O Concello da Veiga porá a disposición os terreos necesarios para a execución das obras. En caso de incumprimento de tal obrigación, este convenio quedará automaticamente extinguido, debendo asumir o Concello da Veiga os gastos que se xeraron ata esa data.

DUODÉCIMA.- RÉXIME DE TITULARIDADE

1. A actuación obxecto deste convenio entrégaselle inicialmente ao concello en réxime de encomenda de xestión, e non supón cambio no réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, sen prexuízo das competencias que sobre a materia lle corresponden ao Estado.

2. De acordo co anterior, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (encomendante) encomenda a xestión para o mantemento e conservación das obras de infraestrutura de saneamento realizadas ao Concello da Veiga (encomendada) que as acepta.

3. Esta encomenda estará vixente, ata a sinatura da acta da mutación demanial prevista no apartado quinto desta cláusula, sen prexuízo da posibilidade de revogación por motivos de interese xeral, ou ben, trala denuncia previa das partes, con preaviso de seis meses, por incumprimento das obrigacións respectivamente asumidas no presente instrumento.

4. A Confederación Hidrográfica de Miño - Sil consente expresamente que o Concello da Veiga poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das instalacións obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

5. As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño - Sil tramite, ante

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello da Veiga, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

6. Esta mutación demanial non alterará a titularidade dos bens nin as facultades de inspección e control sobre eles que, en todo caso, lle corresponden ao organismo de conca como titular.

DECIMOTERCERA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha comisión de seguimento que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, un da Deputación Provincial de Ourense (esta última ata que non se reciban e entreguen as obras) e outro representante do Concello da Veiga. Unha vez entregadas as obras, corresponderanlle ambos representantes ao concello de referencia.

Esta comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto do presente convenio, tentando liquidar as dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.

DÉCIMO CUARTA.- ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE

Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á comisión de seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan exporse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido serán competencia da orde xurisdiccional contencioso - administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e nos artigos 48.8 e 11.3 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

PROGRAMACIÓN INICIAL DAS ANUALIDADES PREVISTAS

	TOTAL	C.H. MIÑO-SIL (50%)	DEPUTACIÓN DE OURENSE (35%)	CONCELLO DA VEIGA (15%)
2017	200.000,00 €	100.000,00 €	70.000,00 €	30.000,00 €
2018	200.000,00 €	100.000,00 €	70.000,00 €	30.000,00 €
SUMA	400.000,00 €	200.000,00 €	140.000,00 €	60.000 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2018 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

6º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Primeiro voume a referir á exposición de motivos. Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos. Un dos efectos máis graves foi o dos cortes de subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 40 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica. Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un Decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado. Para alén diso e para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir, cómpre tamén inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas ao respecto da conservación axeitada das infraestruturas, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras. Non é aceptable que Galicia, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas, parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais desta actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

eléctrico. Todo isto, lévanos a solicitar, por parte deste Pleno, os seguintes acordos:

“1. Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola, etc...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Esixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galicia, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

E un segundo punto, instando ao Goberno Provincial a:

a) Prestar apoio e asesoramento aos concellos e á veciñanza afectada a través dos servizos provinciais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.”

Nós pensamos que non abonda, ou non chega, con que as empresas eléctricas, pois, pidan desculpas aos consumidores polos cortes e polo mal servizo; por iso, demandamos que os poderes públicos imponían sancións exemplares a Gas Natural Fenosa pola súa negligente xestión. A Xunta ten responsabilidades directas na materia e non abonda con se limitar a abri-lle un expediente á empresa. Queremos lembrar-lle tamén ao Sr. Feijóo que cumpra o que dicía cando estaba na oposición, daquela reclamaba axudas e agora que está no goberno deixa á xente tirada. De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días a todos. Coincidindo esencialmente coa exposición de motivos do BNG, absterémonos neste punto da orde do día porque dubidamos de que sexan, as medidas propostas, as máis axeitadas para resolver o problema; nalgúns dos casos dubidamos da súa legalidade, e noutros casos dubidamos da capacidade de ser levadas á práctica. Entendemos que algunhas destas medidas non son pragmáticas, non levan realmente á resolución do problema e, como dixen, noutros casos a legalidade entendémola discutible; entón, absterémonos neste punto. Grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: si, bo día, Sr. presidente, deputadas e deputados. É certo que estes temporais de inicio de mes afectaron á cidadanía aínda que de xeito desigual e, así, nuns lugares non pasou da caída de ramas de árbores, pero noutros lugares da provincia producíronse cuantiosos desperfectos. O temporal deixou ao seu paso: cubertas arrincadas, danos en tellados de centros escolares, goteiras, vinte e dúas caídas de árbores entre a liña convencional ferroviaria entre Ourense e Santiago cos correspondentes cortes e o seu restablecemento dous días despois; en canto á liña Ourense – Vigo, estivo cortada catro días e cando se restableceu o tráfico foi con diésel, posto que a catenaria seguía en caída debido ao corte do subministro eléctrico. Os servizos de emerxencia atenderon 178 incidencias en 48 horas, liñas de transporte escolar afectadas (Maside, San Amaro); caída dalgún poste de tendido na vía (Boborás, Cartelle, Carballeda de Avia, Toén). En moitos fogares do noroeste da provincia foron varios días os que non houbo subministro eléctrico. Temporais coma este non son novidade en Galicia, pero tamén se converteu nunha costume o feito de que a estas alturas, cando queremos presumir de servizos, esteamos tanto tempo sen subministro eléctrico; nunha situación que nos retrotrae trinta anos atrás, despois de gastarnos moito diñeiro público en plans de mellora eléctrica os cortes de luz afectaron a 60.000 usuarios desta provincia. A esta circunstancia non é allea a política das empresas que participan no mercado eléctrico recortando todo o que poden e máis en mantemento dos servizos á costa da cidadanía; por iso os poderes públicos debemos estar vixiantes en que o servizo se preste como é debido e demandar responsabilidades en casos como este. Por todo isto, imos apoiar as propostas da moción do Bloque Nacionalista Galego, pese a que temos as nosas reticencias con respecto ao segundo punto porque nos parece que a administración máis acaída para este mester son os concellos e a propia Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Consumo. Nada máis nesta primeira parte.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas, Sr. presidente, bos días señores e señoras deputadas e demais persoas que nos acompañan, ben aquí ou a través da web desta Deputación. Anúnciolle, Sr. Rodríguez Suárez, que, para que vexa que somos bos rapaces, ímoslle a votar a favor dos acordos que nos propón na moción; aínda que, como resulta evidente para todos, deberíamos matizar bastantes cousas das que se din na mesma. De tódolos xeitos, teño que dicir que estamos de acordo no esencial, que é o importante, que non é outra cousa que axudar aos nosos veciños e aos concellos afectados, e polo tanto, instar ao goberno galego a que se adopten as medidas precisas ao respecto como vostede propón. E tamén estamos de acordo en axudar directamente desde esta Deputación aos concellos e á veciñanza afectada polos recentes temporais, pero non é necesario que nolo pida vostede, Sr. Rodríguez Suárez, xa o estamos facendo; iso si, e convén telo presente, na medida das posibilidades que son as que son. Pero, Sr. Rodríguez Suárez, xa me resultaba a min estraño que, en casos coma este desgraciados para moita xente -en xeral para case todos-, que non se envolvera unha vez máis na bandeira do oportunismo e da demagogia, é o seu estilo habitual. De tódolos xeitos direille o seguinte, mire di vostede o punto dous textualmente: *“Prestar apoio e asesoramento aos concellos e á veciñanza afectada a través dos servizos provinciais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación”*, é vostede consciente Sr. Rodríguez Suárez do que nos propón aquí? Cre que realmente iso é posible? Vostede o cre realmente? Segundo vostede teríamos que tramitar as reclamacións, fago especial fincapé aquí, teríamos que tramitar as reclamacións de tódolos veciños afectados desta provincia e tamén dos concellos, supoño que 91, non nos incluírá o da cidade tamén; vostede cree que iso é posible? Polo tanto, a demagogia a xusta, Sr. Rodríguez Suárez. En resumo, unha proposta que en principio todos a poderíamos considerar oportuna e seria, remata vostede converténdoa en oportunista e demagóxica claramente; pero repito, aínda así, no esencial estamos de acordo e polo tanto votaremos a favor da mesma porque o noso interese non é outro, como non podería ser doutro xeito, que axudar aos veciños e aos concellos afectados. O de vostede, máis ben, parece outro e llo digo con todo o respecto e sen ánimo de polemizar; pero permítame, en todo caso, que lle de uns datos que me facilita a Xunta de Galicia, e digo me que me facilita a Xunta de Galicia para que non pense que son meus, que non teño, pois, moita idea de todo isto. Pero direilles o seguinte, e intentarei ser moi breve: entre os días 2 e 5 de febreiro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

producíronse máis de 3.500 incidencias comunicadas ao 112, digo 3.500. No balance inicial estimouse que o custo aproximado causado polo temporal en infraestruturas de titularidade autonómica é superior a cinco millóns de euros, e exemplos claros son: 1,5 millóns en colexios e xulgados, medio millón en reparación de estradas, un millón en centros de saúde, etc, etc...; en canto aos particulares e aos concellos afectados polos temporais, é evidente Sr. Rodríguez Suárez, que deben poñerse os afectados en contacto coas compañías de seguros co procedemento habilitado ao efecto, e digo, e hai que matizalo, no caso dos concellos onde se produciron ventos extraordinarios, é dicir superiores a 120km/h. Para estas reclamacións que os particulares e mesmo os concellos deben facer ás compañías eléctricas e aseguradoras sempre contarán co asesoramento da Xunta de Galicia e, como aquí se dixo, a través do Instituto Galego de Consumo e tamén, e tamén non esquezamos, de moitas oficinas de información ao consumidor que obran nalgúns concellos desta provincia que, como ben dicía o deputado do Partido Socialista, debe ser a canle normal, e non desde esta Deputación, Sr. Rodríguez Suárez. No que respecta aos cortes da luz producidos por causa dos tres temporais que afectaron a Galicia, deberíamos ter en conta o seguinte, en primeiro lugar a intensidade da tormenta que foi superada unicamente, e o digo como dato importante, polo *Klaus* no histórico dos últimos anos; e en segundo lugar, que, a pesar da súa intensidade, Galicia contemplou, e digo Galicia contemplou, no peor momento das tormentas 180.000 puntos de subministro afectados, menos, menos, do 10% do total de puntos da nosa rede, que son 77.000, e digo 77.000 km; 1,8 millóns de puntos de subministro, 1,8 millóns, mentres que no temporal *Klaus* do ano 2009 estiveron afectados o 30% dos puntos de subministro de Galicia, con un total de 500.000 cortes de luz, 500.000. En relación ao comportamento da rede eléctrica galega hai que salientar o seguinte, é unha rede que está a mellorar ano tras ano cun investimento medio de máis de 125 millóns por parte das distribuidoras e que ten posicionado a Galicia, e este é un dato importante, Sr. Rodríguez Suárez, por riba da media no seu comportamento, tanto en tempo de interrupción de subministro, como no número de interrupcións, en algo imos primeiros, Sr. Rodríguez Suárez. Con todo isto, a situación que sufriu Galicia ese fin de semana require de medidas concretas e rigorosas, o que levou á Xunta de Galicia a traballar en dous ámbitos fundamentais: investigando os feitos e as actuacións levadas a cabo polas empresas distribuidoras, e como vostede ben dixo, abrindo un expediente informativo, como debe ser, como debe ser, se non o abriran, Sr. Rodríguez Suárez, estaría aquí dicindo que non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

o abriran; e por suposto, a traballar ao lado das galegas e galegos que se viron afectados, a Xunta está a velar polos seus dereitos como consumidores; tanto tendo en conta que son as empresas distribuidoras as que teñen que facer fronte ás reclamacións, por iso púxose a disposición dos afectados todos os servizos de información e asesoramento que dispón o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e, ademais dos teléfonos de avarías que puxeron as compañías, a Xunta de Galicia pois puxo esas oficinas de consumo e tamén a páxina web consumo.xunta.gal e un teléfono gratuito que seguro que vostede sabe ben. Podo asegurarlles, e así mo transmiten desde a Xunta de Galicia, que ante os incidentes dos temporais a Xunta, velando polos dereitos dos galegos, avaliará polo miúdo as actuacións levadas a cabo polas empresas distribuidoras, pode estar vostede seguro, non teña dúbida, e non xulgue vostede antes de tempo Sr. Rodríguez Suárez. No caso de que non actuase correctamente emprenderíase, como é mester, o correspondente expediente sancionador. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben, antes de nada agradecer xa o apoio explicitado tanto por parte do portavoz do Partido Socialista, como por parte do propio portavoz do Grupo Popular á moción que nós presentamos. Ao respecto das dúbidas que expresaba o portavoz do Partido Popular sobre o punto segundo, primeiro dime que xa o están facendo na medida das súas posibilidades e despois parece que o que propoñemos é algo imposible de facer; desde logo, nós, entendemos que non é así e de feito tampouco lle vamos a pedir que vaian máis alá das posibilidades desta casa, co cal advertimos aí unha pequena contradición entre o que me dixo no primeiro e o que despois alegou. Despois ao respecto do tema da electricidade, eu creo que falamos máis veces, ampliando un pouco o debate non só centrándoo exclusivamente neste tema que é un dos aspectos concretos, pero creo que é un debate máis grande dende o noso punto de vista e xa o fixemos nalgunha outra moción que presentamos neste propio plenario, é difícil de entender que un país que exporta tal cantidade de enerxía do noso teña un servizo tan deficiente e pague a electricidade que consome ao mesmo prezo que outras zonas. Segundo os últimos informes do Instituto Enerxético de Galicia, a potencia instalada no país ascende a 10.665 Mw, isto é un 9,8% do total do Estado; esa porcentaxe aumenta considerabelmente até o 13,6% no caso de ter en conta exclusivamente as fontes renovables. A eólica, principalmente, máis tamén a hidráulica son as tecnoloxías propias con máis peso no mix enerxético galego, con impacto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

ambiental variable e moito máis forte, desde logo, no caso da electricidade que se produce nas centrais e minicentrais dos encoros. Hai de feito, segundo os últimos datos, 162 instalacións en todo o país, cuxa titularidade está repartida practicamente a partes iguais entre a Xunta e a Confederación Miño-Sil, incluídas tanto as de máis como os de menos de 10Mw, a meirande parte delas explotadas polas grandes compañías que operan a nivel estatal: Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Ferroatlántica. Este impacto ocasionado por esta tecnoloxía no país apenas ten retorno para as arcas públicas. Así, as empresas concesionarias dos saltos hidroeléctricos asinaron no seu momento que lle entregarían un 25% da produción ao Estado para usos sociais. De todas elas so hai unha que o fai, Acciona. Só o de Belesar, por exemplo, tería que pagar máis de 10 millóns de euros por este concepto. De se cumprir esta condición, os ingresos públicos serían considerables. Con esta situación e coa incapacidade das administracións para reverter as concesións caducadas (o período de explotación das empresas non debería superar os 75 anos), a realidade é que esa infraestrutura espallada por todo o país non levan aparelado ningún beneficio extraordinario para a cidadanía, nin para a actividade económica galega. Na factura eléctrica que pagamos todos os galegos e galegas temos que partillar dos custes de transporte, das compensacións aos territorios extra - peninsulares, etc... E se todo isto non fóra suficiente, pois tamén nos encontramos co tema ou co asunto que nos trae en concreto a esta moción, que é que temos un servizo absolutamente deficiente e poboacións que están ao pé dos encoros, pois, botan días sen subministro e nisto, como en outros aspectos das infraestruturas, o planeamento é un planeamento feito cunha visión claramente centralista, e aquí o que funciona realmente son as canles de exportación da enerxía eléctrica, para producir beneficios noutros sitios; mentres realmente as nosas infraestruturas e o servizo que reciben os nosos cidadáns e cidadás, pois, é dunha calidade bastante lamentable. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: grazas. Ben, incidir no que dixer na miña primeira intervención, nós tamén coincidimos, como xa dixer na exposición de motivos, coincidimos na problemática, na análise que fixeron os diferentes partidos dos feitos acaecidos recentemente e que coñecemos polos medios de comunicación e que vivimos en primeira persoa, quen máis quen menos dos que estamos aquí, non, e a única diferenza é que as dúbidas que fixeron constar todos os partidos políticos, PSOE e Partido Popular, e que no seu caso non foron óbice para votar a favor, no noso caso móvenos a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

abstención. Non o detallei na miña primeira intervención, pero dicía que, esencialmente, consideramos imposible na práctica que esta sexa a solución, o señor Plácido deu algúns detalles máis da súa dificultade práctica de poder ser levadas a cabo estas propostas como solución, como solución real. E tamén dubidamos da legalidade ou do recorrido legal que puidera ter a posta en marcha, digamos pola forza, de certas medidas que se propoñen aquí; entón, ben, tamén coincidimos na análise, o que pasa e que non ten nada que ver, ou polo menos sáese do contido da moción, coincidimos na análise que fixo o BNG acerca dos recursos enerxéticos da Comunidade Autónoma e de que deberían reverter doutra maneira na economía do país. Sabemos que Galicia ten unha orografía e unha climatoloxía que para unhas cousas o beneficia, por exemplo, pioneiros en enerxía eólica, excedentarios en enerxía eléctrica; ao mesmo tempo, pois, esa climatoloxía, esa orografía, fai que pase o que pasa, a nosa proximidade ao mar fai que de vez en cando pois pasen estes furacáns ou estas tormentas. Sabemos que as empresas, si, hai que lle esixir o maior nivel de calidade, de seguridade; pero tamén, como dicía un rei do pasado da historia de España “*non envíe á miña flota a loitar contra os elementos*”, hai veces que por moito que se poda facer, pois, ante a forza dos elementos sempre vai haber problemas deste tipo, o cal non quere dicir que non haxa que esixir a esas empresas un maior nivel de calidade, a maior rapidez e a maior eficiencia á hora de resolver os problemas. Estas dúbidas, como dicía, que no caso do Partido Popular non foron suficientes para absterse, no noso caso pois fainos abster, como dicía na primeira intervención neste punto da orde do día. Moitas grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: si, bos días outra vez. Eu creo que a o final estivemos falando todos un montón do que non tiña nada que ver coa moción que se presentou aquí, iso imaxino que é outro debate. Nós xa o dixemos claro na primeira intervención, sobre todo no que non estamos moi a favor é co punto dous que presenta desta moción, porque iso débese facer a través do Instituto Galego de Consumo como xa matizou antes tamén o portavoz do Grupo Popular; todo o demais eu creo que colga, porque iso sería outro debate, si vamos a falar das liñas eléctricas en Galicia pois levaríanos máis dunha mañá e seguramente máis dun día e de dous; é dicir, é un tema, polos temporais hai que poñerlle remedio a isto, e o demais xa será outro motivo. Nós xa matizamos na primeira intervención que vamos a estar a favor con algunha reticencia no punto dous, e nada máis. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas, Sr.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

Presidente. Sr. Ojea xa dixen na miña intervención que tiñamos que matizar unhas cantas cousas da moción, pero que íamos apoiala porque coincidiamos no esencial que é, como debe ser, axudar aos nosos veciños na medida do posible e aos concellos. E dito isto, Sr. Rodríguez Suárez, non hai ningunha contradición e pido desculpas si me expresei mal, simplemente dixen que non era posible e que faciamos o que podíamos e non era necesario que nolo pedira vostede porque xa se está facendo. Me consta que o presidente da Deputación, como é a súa obrigación, ten atendido peticións de asociacións, peticións de concellos, e eu pódolle falar dende o meu concello que tivemos bastantes desperfectos e fun atendido rapidamente para reparar algúns desperfectos que eran de urxencia e estamos en camiño de facer máis, noutros concellos tamén se fixo; entón non hai ningunha contradición, simplemente que esta Deputación atende aos concellos, aos particulares e a outras entidades en función das súas posibilidades, nin máis nin menos, e eu estou seguro de que vostede me entende perfectamente; outra cousa é, como lle digo, que se teña que envolver na bandeira da demagogia e do oportunismo que, ao final, trae malos resultados Sr. Rodríguez Suárez, fágame caso algunha vez. E dito iso, as reclamacións de particulares, como ben apuntaba o voceiro do Partido Socialista, deben canalizarse por onde deben canalizarse, que non é outro que as oficinas de consumo do Instituto Galego de Consumo e as oficinas que hai en moitos concellos desta provincia, ou incluso outros servizos que os concellos, sen ter oficinas de consumo, pomos á disposición dos nosos veciños, e estou seguro que vostede tamén coincide nese procedemento comigo; pero hai que dicir algo, sexa o que sexa. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, Sr. presidente. Simplemente dicir que ao respecto do tema do subministro eléctrico pois entendemos que, ben, non é outro debate o falar en xeral da situación enerxética do país, da produción, etc.. e que ao final e ao cabo, ao final todo é un aspecto do mesmo debate. O debate é un debate máis amplo, isto é un aspecto concreto e hai que ter en conta realmente toda a situación para avaliar pois a problemática completa que nos traía aquí a presentar esta moción. Nós pensamos, e remato, que as cousas só poderán mudar si somos donos dos nosos propios recursos, e a alternativa do BNG para o sector eléctrico pasa inescusablemente por unha tarifa eléctrica galega que teña en conta a nosa condición como país produtor excedentario, e tamén propoñemos rebaixar o IVE do 21 a 4 por cento por ser un servizo de primeira necesidade para a poboación, e tamén unha decidida aposta nas enerxías renovables e no autoconsumo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

alternativas estas que están a ser penalizadas a día de hoxe polo goberno do Estado. Repito, entendemos que o debate é global, que o debate debe ser abordado no seu conxunto e que a problemática no seu conxunto, independentemente de que o día de hoxe o que nos trouxera a este Pleno, pois, a oportunidade de presentar esta moción, fora en concreto a situación causada neste caso polos temporais, pero que é unha situación que parte dunha infraestrutura que ten os anos que ten, que ten a situación que ten e que iso non é de ningunha maneira alleo ao debate xeral e á situación xeral que xa temos abordado varias veces ao respecto de como se está xestionando a enerxía eléctrica do país, como se está utilizando ou non utilizando, neste caso, para poñelo á disposición dos cidadáns e cidadás e das empresas galegas como un feito diferencial á hora de crear riqueza no país; e pensamos que non se debe, ou non se poden, abordar as cousas, pois, parcialmente sen facer referencia ao aspecto global, porque é o que nos fai realmente entender despois as problemáticas concretas, como a destes danos causados polos temporais estes días. Reiterar novamente o agradecemento ao apoio da moción, independentemente das reservas xa manifestadas, e nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7), e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola ...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Esixirlles responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado delas ás prestadoras de servizos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

subministración eléctrica polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigarlles ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para corrixir as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

2º.- Instar ao Goberno provincial a:

a) Prestarlles apoio e asesoramento aos concellos e á veciñanza afectada a través dos servizos provinciais, co fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SUPRESIÓN DA VENDA FÍSICA DE BILLETES NAS ESTACIÓNS DE TREN DA PROVINCIA.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción se presentaron dúas emendas de substitución: do Grupo do BNG, con número de rexistro 5.399, e do Grupo Popular, con número de rexistro 5.450 e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: bos días señoras e señores deputados. Decía unha canción de Andrés Dobarro, decía: “*o tren que me leva pola beira do Miño / me leva e me leva polo meu camiño / O tren que vai andando pasiño a pasiño / e vaime levando cara o meu destino*”; cada vez lévanos a menos destinos, a verdade, estes recortes cada vez lévannos a menos destinos; entón o Grupo Socialista trae hoxe aquí unha iniciativa para defender os servizos ferroviarios da provincia. Nos pasados anos téñense feito recortes moi serios en prexuízo dos servizos de transporte ferroviario, téñense recortado horarios, frecuencias, persoal. O servizo de transporte de tren ten moita importancia en moitas das comarcas da provincia, a comunicación coa capital da provincia de Valdeorras, o Carballiño, o Ribeiro, e a zona da Gudiña; a comunicación para enlazar coa rede co resto de Galicia e de España, e de Europa tamén, ten no tren un medio de transporte que hai que potenciar. Recentemente Adif decidiu que o persoal que realiza venda de billetes e atención ao viaxeiro deixe de prestar o servizo, desaparecendo un servizo nas estacións de O Barco

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

de Valdeorras, A Rúa Petín, Carballiño e Ribadavia que afecta a máis de cen mil persoas da provincia. É un grave recorte, outro grave recorte máis aos servizos e é outro grave recorte máis ao rural, ao que todos queremos potenciar, do que todos falamos ben e do que todos vamos a axudar e que vexo que, cada días, máis o enterramos. Nós na nosa moción presentabamos tres medidas, co cal, no punto tres creo que todos estamos de acordo, que se inste ao Ministerio de Fomento; pero nos outros dous que entendiamos nós que era que se implique a Deputación para que Adif rectifique esta medida (é dicir, nós pediamos que a Deputación de Ourense, das seis estacións catro están na provincia de Ourense, pois que fora un pouco protagonista, pero parece que non lle importa, que non lle interesa, pois ben); e que dende a Deputación se esixa á Xunta que faga defensa deste servizo público. Entón, como as tres mocións veñen a dicir o mesmo, dende o Grupo Socialista fariamos unha nova proposta que é, de todos os grupos, collemos a que se aprobou no Parlamento de Galicia, facémola nosa e aprobámola entre todos e deixámonos de votar aquí emendas de substitución, de engádega e de non sei cantas cousas. Nada máis polo momento.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben, este, igual que o anterior, é outro debate que nós pensamos que non se pode abordar parcialmente sen facer unha referencia, como xa temos feito outras veces, pois a situación do ferrocarril na nosa comunidade. Eu xa o teño dito en debates anteriores, Galiza é, dentro do contexto estatal, das comunidades peor comunicadas por ferrocarril. Mentres se ten embobada á poboación co debate trucado de como, cando e por onde chegará o AVE, o Ministerio de Fomento, co Plan de Racionalización dos Servizos Ferroviarios, foi procedendo á supresión de liñas de tren sen ter en conta que o noso país aínda non conta cunha Rede Ferroviaria moderna comparable á doutros territorios. Tampouco se tivo en conta á hora de facelo a nosa realidade peculiar, nin a problemática do medio rural, nin a falla de alternativas nas mesmas rutas doutros servizos públicos de transporte alternativo, nin a poboación envellecida desta provincia. No canto de reforzar a estrutura ferroviaria para poder acceder a un servizo ferroviario de calidade, elimínanse cada vez máis liñas e mentres isto acontece vostedes, señores do Partido Popular, miran para outro lado para non contrariar aos seus superiores. Agora Renfe prevé deixar de vender billetes en sete estacións galegas, das cales catro están na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

provincia de Ourense, como xa se dixo. Estamos a falar dunha decisión que afecta a case 200.000 persoas que soben e baixan dos trens de Renfe, das que 60.000 mercan alí mesmo os seus billetes para as vindeiras viaxes. De momento, só a presión popular conseguiu demorar, porque a estratexia está clara, que se cometa un novo atropelo contra a veciñanza das zonas rurais do país. De momento nas estacións seguen a venderse billetes, veremos por canto tempo, aínda que por parte da administración non se pronunciaron oficialmente. Gustaríanos que nas poboacións afectadas tiveran a mesma certeza que no concellos de Astorga, ou Sahagún, cuxos alcaldes aseguran que desde Adif e Renfe, confirmáronlles que manterán a venda de billetes de xeito presencial nas súas estacións e que non haberá traslado de persoal, nin este sufrirá modificacións. Vostedes señores do Partido Popular, señor presidente, que todos os días e a todas horas nos falan de ourensanía, teñen aquí unha oportunidade fantástica para exercer daquilo do que se gaban permanentemente. Ata o de agora entendemos que non foi así, por iso debate tras debate ao respecto do ferrocarril, votaron en contra das mocións, moitas da oposición, aínda a costa de que iso supuxera un grave prexuízo para os cidadáns da provincia. O movemento demostrase andando, así que non teñen ningunha escusa para rebelarse contra unha decisión inxusta que non ten en conta nin a nosa realidade socio económica, nin os intereses das maiorías sociais. Nós presentamos unha emenda, pero, en todo caso, estaríamos de acordo co que nos propón o voceiro do Grupo Socialista de facer noso o acordo do Parlamento de Galicia e que fora o que finalmente se aprobara. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Fíxense , si se fixan nos puntos da orde do día, verán que a maior parte das mocións teñen que ver con algo que é consecuencia do despoboamento do rural, dos problemas do despoboamento do rural. A anterior, da electricidade, si se vai a electricidade no concello de Ourense non pasan moitos minutos, ao sumo unhas horas, antes de que se arranxe, cousa que no rural non é así. Despois teremos unha moción sobre a fenda dixital, despois teremos outra sobre os problemas de seguridade no rural, un problema tamén agravado polo seu despoboamento, etc.. e aquí tamén temos agora a que estamos tratando, do ferrocarril. Todo máis ou menos xira en torno ao mesmo, os problemas que causa o despoboamento no rural. Se queremos investir esta espiral negativa, teremos que empezar a tomar medidas que freen este despoboamento do rural que trae como consecuencia todos estes problemas e outros máis que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

habitualmente tratamos aquí neste plenario. Unha desas medidas, que podería investir esta tendencia, sería precisamente a que se propón na moción. Si se deixan de vender billetes nesas estacións, podemos dicir que é a consecuencia do despoboamento, pero vai a ser causa de posterior despoboamento. Entón, así como noutras veces se fala de discriminación positiva noutros ámbitos, nós sabemos, imaxinamos que para Adif non son rendibles estas estacións, estes lugares, estes puntos de venda física de billetes; pero aínda que non sexan rendibles, e tendo en conta que Adif non é unha empresa privada, senón algo dependente do Estado, debería, pois, tomarse este concepto de discriminación positiva e empezar a xirar a espiral ao revés, ou sexa, facer algo que polo menos frease o despoboamento do rural, non agravase ese problema. Hai outra cousa que ao mellor temos que reflexionar, o futuro, o futuro pensamos que vai pola recuperación do transporte público en xeral, non, o sexa, esta *vorágine* das últimas épocas que cada un teña un coche particular e que vai para un lado, para outro; é moi posible que en poucas décadas, ao mellor en poucos lustros, se invista e a xente volva a botar man das formas de transporte público, reconvertidas e adaptadas aos novos tempos, entón é moi probable que isto suceda así. Si queremos frear o despoboamento do rural non hai moita discusión de que temos que evitar que pasen esta clase de cousas, non, que deixen de haber estes servizos e todos os que, como dicía antes, se están tratando no resto das mocións. En principio imos a votar a favor da moción, tamén nos parece acaído o que dixo o portavoz do Partido Socialista en relación coas medidas tomadas polo Parlamento de Galicia. No caso da emenda do BNG non terminamos de entender por que incorpora as estacións de Sarria e Guillarei, loxicamente o despoboamento do rural non é exclusivo da provincia de Ourense, pero as nosas competencias, como son a provincia de Ourense, pois ben, de Sarria e Guillarei pois estimamos que se deberían ocupar as respectivas deputacións ou institucións provinciais desas provincias, non. E claro, a emenda do PP, aínda que ben, parece acaída, pero non nos parece tampouco, home, votariámola a favor si hai que votala; pero en última instancia gústanos a moción tal como está e tamén, como dicía, a proposta do portavoz do PSOE, alcalde de Petín, na súa intervención. Moitas grazas.

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular: Grazas presidente, bos días de novo a todos. Nós tamén estamos de acordo coa proposta que nos fai o alcalde de Petín e portavoz do PSOE, nós xa tiñamos pensado facer un receso, si queredes aportamos agora esa moción e falámolo un minuto, se vos parece a todos os partidos, polos grupos vémolos; eu creo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

que dende este Grupo estamos dispostos a votar de maneira uniforme porque é algo que nos interesa a todos. Hai varios matices, solo quero facer, en colación coa última referencia que fai Democracia Ourensana, ás veces ao portavoz do Bloque non o entendo, ás veces queremos suprimir a Deputación, pero despois queremos facer o traballo doutros concellos, doutras deputacións, é dicir nós evidentemente vamos a intentar facer o noso. Sobre o pesimismo que vos oio sempre, que falades do despoboamento e todas estas cousas, digo facedes iso, facédelo ben, reivindicando a discriminación positiva, pero aí se vos acabou o voso discurso. Eu aínda non vos escoitei, levamos aquí case dous anos, unha sola proposta importante, que realmente se traslade ao territorio, que repercuta no desenvolvemento do mesmo, para loitar contra o despoboamento; é dicir, nós si que facemos propostas que consideramos oportunas, onte sacamos unha por exemplo, nós estamos encantados e somos os primeiros que queremos loitar contra o despoboamento do rural, somos os primeiros que reivindicamos a discriminación positiva. Fagan propostas. Nós como non vamos a estar de acordo con que non se cerre a estación?, eu son alcalde da Veiga e quedanos ao lado, a Miguel tamén lle queda ao lado; é dicir, como non vamos a estar de acordo niso?. Fagan vostedes propostas e aprobarémolas, busquen alternativas igual que buscamos nós, traballen como traballamos nós. Nós, se vos parece ben, facemos un receso dun minuto, si o presidente está de acordo, para que Miguel, o portavoz do PSOE, faga achega dese documento e lémololo durante un minuto e aprobámolo por unanimidade.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: si, hai un acordo do Parlamento de Galicia que di: “*o Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar do Ministerio de Fomento a deixar sin efecto a decisión de Renfe e Adif de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Galicia*” ou se quere remarcamos as de aquí soamente, como queiran vostedes. O mesmo texto coas de aquí, as catro de Ourense.

O Sr. Presidente: nese caso, enténdese que sometemos a aprobación un único texto, que sería: *A Deputación de Ourense insta ao Ministerio de Fomento a deixar sen efecto a decisión de Renfe-Adif de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Ourense.* Sería ese o texto, se estamos de acordo.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. Presidente. De todas maneiras como se aludiu á nosa emenda, na que nós faciamos referencia a outras estacións de Galicia, nós, a nosa posición sempre foi claro, nós temos unha visión de país e para nós o país

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

non remata nos límites, o problema, a visión non remata nos límites da provincia de Ourense, entón o noso posicionamento ía nese sentido; é dicir, si, efectivamente, nós somos a Deputación de Ourense, pero é un problema que afecta a máis concellos e eu penso que, por pedir para que se lle manteña o servizo en todo o país, en todas as estacións do país e non preocuparnos exclusivamente do noso, pois, é perfectamente entendible; é o que nos leva á nós a solicitalo dese maneira.

O Sr. Presidente: o autor da moción, qué ten que dicir ao respecto? Se quere, facemos un receso...

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: é moi claro, vámolos deixar así, as estacións de Ourense que son: O Barco, A Rúa Petín, Ribadavia e Carballiño. Esa é a moción que presentamos nós, alternativa á que presentamos nós, coas catro estacións da provincia de Ourense.

Algúns deputados do Grupo Socialista suxiren nese intre que se inclúa tamén a estación de A Gudiña.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: e A Gudiña, vale, A Gudiña tamén.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: aquí fálase moitas veces da autonomía municipal, pois tamén se pode falar de autonomía provincial. Quen di que ao mellor algunha desas deputacións, a de Lugo ou a de Pontevedra, non queira que se cerren as súas estacións?; ou sexa, non somos quen de valorar iso, entón nós, como dicía antes, entendemos que o texto quedaría ben tal e como dixo o portavoz do Partido Socialista, involucrando ás estacións da provincia de Ourense. Grazas.

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular: Grazas. Nós estamos absolutamente de acordo con iso e respectando, exactamente, copio o discurso do compañeiro Ojea, exactamente; é dicir, nós, e respectando incluso a autonomía municipal, nós esta tarde na Veiga, no Pleno da Veiga, vai esta moción. Van facer unha declaración institucional de todos os partidos para respaldar iso. Pregúntome si, por exemplo onte no Pleno de Xinzo, vostede fixo a mesma proposta que é onde lle compete, creo que non, e é a súa competencia, aí si que a ten; o resto *brindis ao sol*, vamos a dicirlle nós a unha deputación...

Don José Ignacio Gómez Pérez, deputado do Grupo Socialista, dirixe nese momento unhas palabras interpelando ao Sr. Anta Rodríguez.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular: pero tranquilo, espere, non se poña nervioso...

O **Sr. Gómez Pérez** di dende o seu escano que el non está nervioso, producíndose un cruce de palabras entre ambos, que he interrompido polo Sr. Presidente.

O **Sr. Presidente:** remate a súa intervención, por favor.

D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular: ben, e rematando, podo?, ben, grazas pola súa educación; volvo a dicir o mesmo, nós, como o portavoz do PSOE, estamos de acordo en aprobar de maneira uniforme, gustaríanos esa declaración institucional a efectos, que é realmente o que nos interesa, que non cerren as estacións.

O **Sr. Presidente:** ben, entón a situación é que o BNG mantén a súa emenda, porque afecta ao conxunto de Galicia, e hai un acordo dos outros tres grupos para aprobar a moción tomando como base o acordo da comisión parlamentaria, singularizando as estacións da provincia de Ourense. Entón, votaremos en primeiro lugar a emenda do BNG, e despois votaremos a proposta de acordo acadada neste intre entre os Grupos Socialista, de Democracia Ourensana e Popular.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e os votos en contra do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (1).

A continuación somete a votación o texto acordado entre o resto dos grupos políticos, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense insta ao Ministerio de Fomento a deixar sen efecto a decisión de Renfe - Adif de pechar o servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro en diversas estacións de Ourense (O Carballiño, A Rúa - Petín, Ribadavia, O Barco de Valdeorras e A Gudiña).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SUPERACIÓN DA FENDA DIXITAL NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de engádegas, con número de rexistro 5.397, e o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución con número de rexistro 5.405, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas Sr. presidente. Nós o que queremos reflectir con esta moción, que teñen no seu poder e que foi xa ditaminada pola correspondente comisión, é a necesidade de implicación por parte desta Deputación naquelas cuestións que si afectan ao acceso desigual por parte da cidadanía ás TIC. Máis aló dos seus tres eixos de actuación no Plan de mandado 15-19: a administración electrónica provincial, intelixencia de información provincial e toma de decisións (que xa nos gustaría, esas tomas de decisións intelixentes, saber en que consisten, que nos dese máis información), ou da administración electrónica provincial, do seu concepto de *smart province*, existe unha realidade moi diferente á que vostedes non queren mirar. Namentres o presidente desta Deputación vai vender o concepto de *provincia intelixente* e os seus convenios con IBM e Vodafone, que impulsará un centro tecnolóxico non sabemos moi ben para que, a Curitiba ou Alicante, o 50,5% da provincia ten ADSL de 10mb e o 11,9% ten o acceso a internet só mediante banda larga. Isto non o dicimos nós, permítome traer aquí este cadro (*exhibe nese momento o documento ao que se refire*) con parte do contido do “Ourense tecnolóxico” do Plan 15-16 no que se fala de atracción e xeración de negocios tecnolóxicos, “*no medio e longo prazo a provincia de Ourense converterase nun referente tecnolóxico*” e tamén se fala de promover un polo de actividade I+D+I; por non falar da aposta do presidente Manuel Baltar, en maio de 2016, no que falaba dun modelo de *smart province* con servizos interconectados que permitan crear unha rede provincial de infraestruturas tecnolóxicas. Pois ben, en tanto que se vende que Ourense se vai a converter nun referente tecnolóxico a medio e longo prazo, a señora Rosa de Alemparte, unha parroquia de Loureiro no concello do Irixo, non pode sacar a vez para ir ao médico das Laxas porque vive nunha zona branca NGA, que non sabe o que é evidentemente, que son as zonas sen cobertura de redes de banda larga nin previsión de tela, polo menos, en tres anos. Sabemos que tamén se trata, a fenda dixital, dun problema de alfabetización dixital, porque probablemente a señora Rosa tampouco entenderá

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

do que estamos falando neste momento. Outro dos aspectos nos que deberá investir esta Deputación, pero sobre todo trátase - falamos de educación dixital ou alfabetización dixital - de ignorar á máis da metade da poboación desta provincia de xeito sistemático. Que importa que a Xunta nos anuncie unhas inversións millonarias que proveñen de fondos europeos dentro do Plan de banda larga 2020 que teñen como previsión aumentar ata 30 megas o acceso para toda a poboación? Se todos sabemos que iso é absolutamente insuficiente para poder desenvolver actividade económica algunha no rural se de verdade queremos asentar poboación, do que se falou neste Pleno, do que se falará máis adiante e do que se falou en Plenos pasados. De verdade queremos asentar poboación no noso rural ou só damos discursos demagóxicos que nada teñen que ver coa realidade da meirande parte do noso territorio? Claro que calquera pode contestar que hoxe en día, quen máis quen menos, ten un *smartphone* que lle prové de internet aló onde quere. É certo que houbo un auxe na adquisición de equipamentos e sobre todo na adquisición deste tipo de terminais, pero en moitos casos é como quen ten unha cadeira e lle falta o cabalo. Obsévese, este outro gráfico que traemos aquí sobre a cobertura 4G na provincia de Ourense (*exhibe nese momento o documento*); as zonas con maior cobertura son as zonas en verde, moi alta, as zonas en azul son as altas e o resto baixa, e o resto ven que está en sombra o resto da provincia. Xa nos gustaría a nós que por unha vez, xa non digo que toda a provincia fose moi alta, pero que polo menos estivese de cor azul e fose alta a súa cobertura. Digo, obsévese este mapa sobre a cobertura 4G da provincia intelixente e véxase, coma min, esas zonas de absoluto baleiro. A realidade é ben caprichosa, ese tan comentado Silicon Valley no que se quere converter a provincia que vai a traer non sei cantas miles de *startups* é en realidade un lugar onde máis da metade da poboación non dá baixado unha canción en mp3 por pesar máis que a velocidade á que vai a súa conexión. Ourense ten un problema observando todos os datos de acceso a internet: ineficiente, baixa velocidade de acceso xeneralizada, e un uso de tecnoloxía máis atrasada; o que ninguén quere remata vindo para nós, como co conto dos teléfonos por satélite. Agora chegou o internet por antena directa ou satélite para todas aquelas zonas que non teñen cobertura móbil, o que supón un encarecemento para o usuario, a parte de ineficiencia do servizo á hora de facer descargas sen ir máis lonxe. A realidade é que non se pode traballar enchufado a un móbil, se temos a sorte de que teña cobertura 4G; nin podemos depender dun internet de baixa velocidade. Cando se fala de referente tecnolóxico, ou cando falan de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

referente tecnolóxico, refírense á toda a provincia ou só se pensa no que se leva investido en San Cibrao e ultimamente no parque de Verín e en algúns máis? Coñece o presidente a realidade desta provincia? Sabe vostede que ata hai uns días no polígono de Pazos en Verín as empresas que alí se establecían tiñan que contratar internet por satélite, máis cara e ineficiente, por non dispor de acceso de alta velocidade nun polígono industrial? Acaso os de Verín se teñen que vir todos á Tecnópole para poder gozar desas marabillas do milagre ourensán? É dicir, esta é a realidade e de aí vén o motivo desta moción que ten catro puntos moi claros, e xa lles anuncio que votaremos a favor da súa emenda, da emenda que vostedes nos propoñen; gustaríanos despois propoñerlles, ou xa o propoñemos aquí, un acordo; é dicir, que quedaría da seguinte maneira, aceptámoslle a súa emenda, o primeiro punto íntegro: *instar ao Goberno da Nación, en concreto ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a que obrigue aos operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800 Mhz a completar conxuntamente –e antes do 1 de xaneiro de 2020- unha cobertura que lles permita, como mínimo, ao 90% dos residentes en poboacións de menos de 5.000 habitantes, ter acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo.* O segundo punto que lle propoñemos son dous puntos da nosa moción, que é *que a Deputación, a través dos concellos, elabore un censo daqueles núcleos que teñen dificultades para recibir cobertura móbil e de Internet e se desenvolva,* - que é o terceiro punto- *un plan de implantación tecnolóxica que, mediante convenios de cooperación cos concellos, poña en marcha puntos públicos de acceso a Internet para o traballo de PEMES e emprendedores do rural como gandeiros, cooperativas, produtos ecolóxicos ou venda en liña de produtos de excelencia, entre outros;* e tería un terceiro punto, pasareillo agora por escrito, que é o seu segundo: *solicitar a actuación conxunta e coordinada da Xunta de Galicia e do Goberno de España no despregue de redes de acceso de nova xeración (RNA), de moi alta velocidade (100Mbps), empregando para isto os fondos europeos dos que dispoñen ambas administracións para tal cometido”* coa seguinte engádega *“prestando especial atención ás zonas industriais de fóra da área metropolitana de Ourense”* coa finalidade de asentar poboación tamén nesas zonas rurais. E pouco máis que dicir nesta primeira intervención. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben , ao respecto deste tema temos que dicir ou lembrar que a Deputación de Ourense desenvolveu un proxecto, no marco dos programas *Terras do Avia*, *Delorur* e *Arraiano*, para a implantación dunha rede de acceso a banda larga, que englobaba 51 municipios que comprenden un total de 1.540 núcleos de poboación, cofinanciado con axudas do FEDER (Desenvolvemento Local e Urbano) e pola Deputación de Ourense cunha achega de 2.455.000 €, que se distribuían da seguinte forma: *Terras do Avia*: 965.000 €, *Delorur*: 625.000 € e *Arraiano*: 865.000 €. O proxecto adxudicouse en novembro de 2009 a Iberbanda a través de un contrato de concesión de obra pública para a implantación e explotación dunha rede de banda larga. A empresa sería a encargada de dotar de servizos de calidade de acceso a Internet, ao tempo que debería desenvolver un Plan de despregamento de rede coa instalación tecnoloxía WIMAX, e proporcionaría cobertura a máis de cento dez mil habitantes, antes de setembro do 2010. O obxectivo fundamental do proxecto era o de conseguir reducir a fractura dixital no prazo máis breve posible, establecendo 3 fases para o despregue da banda larga que debería chegar ao 100% da poboación ofertada nos 12 meses a partir da adxudicación da licitación, en cada un dos proxectos. A realidade é que a día de hoxe, os obxectivos que se prevían no proxecto non se cumpriron e que hai moitas zonas da provincia, como xa se dixo, que seguen a ter dificultades para conexión á rede e outras, directamente, non contan con ela. Recentemente nós pedimos información ao respecto deste tema e se nos pasou un informe e, ben, teño que dicir que do que se nos di aquí hai certas cousas que nos suscitan moitas dúbidas. Á hora de falar, por exemplo, de cobertura dos núcleos, cobertura de 100% dos núcleos de prioridade, nós pensamos que se está facendo algo de trampa, porque na cobertura xa se contemplan as zonas que xa tiñan cobertura. Despois tamén se fala de que nun principio, ou se di como criterio, que a intervención pública non debe fortalecer unha oposición dominante de ningún operador nin distorsionar as normas de competencia, cando teño que lembrar que Iberbanda, que é a empresa adxudicataria deste servizo, está altamente participada por Telefónica que ten case o monopolio das zonas rurais e que Telefónica, como creo que tamén é recoñecido por todos, ten por lei que dar servizo a liñas de RDSL de 56Kps, co cal é imposible navegar e por iso fai que contratar ADSL no rural por WIMAX ou por satélite, neste caso, son moi poucas as empresas que o solicitan e ten que ser lóxicamente por Iberbanda. Despois tamén se fala de que “*non é o presente obxecto do concurso a construción*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

de infraestruturas de telecomunicacións”, e aquí o que non entendemos é como vamos ter cobertura e servizos se non hai infraestruturas. Entón, nós estamos de acordo na redacción que finalmente, pois a parte propoñente que neste caso é o Grupo Socialista, pois lle de á moción; en todo caso a nosa emenda, que era unha emenda de engádega, pensamos que tamén é compatible coas que se presentaron tanto inicialmente, como por parte do Grupo Popular; porque pensamos que, en todo caso, antes de seguir avanzando, si é que hai que avanzar, que nós pensamos que si, haberá que ver e avaliar o que xa temos, o que se fixo, en que condicións se fixo, en que condición estamos para poder seguir propoñendo novas medidas. E por iso nós solicitabamos que no marco dunha comisión se avalíe, coa incorporación dos informes técnicos e dos propios técnicos que participaron en representación da Deputación, si o cumprimento do prego por parte da empresa Iberbanda se corresponde cos criterios fixados no prego de condicións; porque lembro, ou insisto outra vez, en que a día de hoxe deberíamos ter unha cobertura que non temos e que loxicamente haberá que saber por que non a temos; e a única forma que entendemos é no marco desta comisión, onde se avaliara e onde todos puideramos escoitar de primeira man cales son as explicacións dos técnicos, tanto da Deputación como da empresa, á hora de xustificar o que se fixo, o que falta por facer por que non se fixo, ou cales foron os atrancos que se atoparon, porque entendemos que é imprescindible antes de seguir tomando novos pasos e de avanzar no tema este. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Ben, abundamos no que xa dicíamos en anteriores intervencións, o problema do despoboamento rural e as súas consecuencias, convertidas en causa á súa vez. Loxicamente internet hoxe en día, voulles contar un gráfico simpático que vin hai uns días ou unhas semanas en internet precisamente, un debuxo da famosa pirámide de Maslow. Vostedes coñecen todos o modelo de pirámide de Maslow, das necesidades humanas, non, que primeiro a alimentación, despois *tal*, e o final está a cultura e todo iso. Ben, pois alguén incorporou un novo banzo á pirámide: internet, pero non a puxo arriba, púxo a abaixo de todo, abaixo de todo, incluso por debaixo da alimentación; o sexa, que nun futuro inmediato ter internet vai a ser imprescindible ata para poder comer, non, para poder pedir ao mellor a comida ao supermercado. Ben, é un chiste ou unha anécdota, pero que vai na liña de que internet vai a ser imprescindible no futuro, ou no presente, para todo. E o rural, como dicíamos antes, non poderá repoboarse sen este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

importante recurso, se queremos implantar empresas, se queremos fixar poboación. O Partido Popular fala, nunha moción que vira despois, do turismo creativo e cultural, ben, pois entón os turistas que veñan, digamos nese perfil cultural ou nese perfil creativo, os potenciais turistas que poidan vir, loxicamente van a querer estar conectados a internet polo seu perfil, ademais de pola necesidade básica e universal de internet como dicía antes. No perfil concreto do turismo cultural e creativo internet neses puntos, neses dez puntos que aínda están sen determinar da moción que vai vir despois do Partido Popular, pois vai ser fundamental conexión de calidade, claro, tal como se propón na moción. Entón coincidimos, ben, practicamente por completo na moción do Partido Socialista. A emenda do Partido Popular parécenos un pouco como pretender *quitar balóns fóra*, porque claro no involucran as competencias directas da Deputación, ou sexa, un pouco *quitar balóns fóra*. Na moción do Partido Socialista, pois, pídese que a Deputación de Ourense se involucre con máis forza, como corresponde, si é que a Deputación de Ourense lle corresponde, tal e como se repite tantas veces ten como finalidade principal o desenvolvemento da provincia. A provincia que en moitas ocasións se cualifica nesta institución de *provincia intelixente*, non?, iso de *provincia intelixente* parece que traerá como consecuencia inmediata a implantación de internet nestes termos. Tamén nos parece acaída a emenda do BNG porque, ben, desgraciadamente temos experiencia de abondo de que moitas veces o beneficio destas empresas, das empresas concesionarias vén no incumprimento dos pregos, non, entón todos os controis que se fagan ás empresas para ver que se están cumprindo os pregos, sexan comisións ou sexan outras formas de control, pois son necesarias. Entón, votaremos en principio a favor, tamén votaremos a favor da emenda do Partido Popular, como tamén creo que xa dixeron outros portavoces, aínda que como dicía antes nos parece, pois ben, unha declaración de intencións, de boas intencións, pero claro que non involucra directamente á Deputación. Nada máis. Grazas.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas, presidente, bos días a todas e todos. En primeiro lugar, en relación ás emendas presentadas por diferentes grupos políticos, estamos en aras dunha mellor provincia tecnolóxica e entre todos estamos de acordo no que propón o Grupo Socialista por parte do seu portavoz, e non temos ningún problema en consensuar eses puntos. En relación á emenda de engádegas presentada polo Bloque Nacionalista Galego non podemos estar de acordo, por un motivo moi claro, é unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

emenda de engádega onde vostedes presentan o día 23 de febreiro e vostedes anteriormente fixeron un escrito para que se solicitase unha contestación por escrito, o mesmo que presentan agora, e xa teñen un informe, como ben mencionou vostede, por escrito, dun técnico desta casa onde se concreta isto: “*que segundo as certificacións emitidas, realizáronse os investimentos comprometidos e as medicións necesarias para a comprobación do alcance dos obxectivos incluídos no prego, os cales alcanzáronse con folgura*”. Está por escrito, teñen a documentación no seu grupo político, e asinada por un técnico desta casa. Entón entendemos que esa emenda non a podemos aceptar. Entrando no *quid* da cuestión, que é esta moción de fenda tecnolóxica, parece que todo está mal, parece que todo o que temos nesta Institución está mal, e hai que recordar o que se leva feito e como estamos. Temos que recordar que dende o ano 2009 púxose en marcha un proxecto xestionado por unha empresa filial de telefónica, Iberbanda, mediante o cal dotábase de servizos de calidade de acceso á internet de banda ancha en diferentes concellos da provincia. Este proxecto aínda está en vigor, rematando o vindeiro ano 2019. Dende o ano 2003 ao ano 2011 a Deputación de Ourense, xunto coa entidade pública Red.es, puxo en marcha o programa *Internet Rural*, mediante o cal se crearon, en sesenta e nove concellos da provincia, centros públicos de acceso á internet para posibilitar a formación e o acceso da poboación aos servizos de internet. Durante este mesmo período, 2003 ao 2011, e grazas ao programa *Biblioteca*, levado a cabo pola Deputación de Ourense conxuntamente coa Xunta de Galicia, instaláronse centros públicos de acceso a internet noutros vinte e dous concellos da provincia. Dende o ano 2012, tras a licitación do concurso de voz e datos da Deputación de Ourense, ofrécelles a todos os concellos da provincia a posibilidade de integrarse en dita Rede e así dispor, a un prezo económico, dos servizos de voz e datos centralizados nesta institución. Tendo en conta isto, tal e como indiquei anteriormente, a Deputación de Ourense non estivo parada para demandar e executar accións en prol dun mellor acceso ás tecnoloxías na provincia; pero como este sector, coma outros, é moi cambiante, está claro que temos que mellorar día a día entre todos. Pero temos que ter claras dúas premisas básicas; primeira, saber como estamos a día de hoxe, saber como estamos, a situación tecnolóxica da provincia a día de hoxe; e o mapa que sacaba vostede antes, pois para min que non é un mapa intelixente, creo que é un mapa de fai tempo porque realmente a situación 4G da provincia de Ourense é esta, tal e como está aquí (*exhibe un mapa coa situación de cobertura 4G da provincia*). Isto pódese sacar, é público, e esta é a situación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

a día de hoxe da situación da provincia de Ourense en sistemas 4G. Entón imos a falar da moción porque gustaríame ir vendo punto por punto, porque, aínda que chegamos a un acordo de que é unha emenda entre os dous grupos políticos, quero matizar os puntos que di a moción. Vostedes din que respecto á contratación de internet nos fogares da provincia de Ourense, cómpre indicar que os datos que din vostedes na moción non son datos actuais, non son datos intelixentes, son datos obsoletos porque como poden observar, segundo está no Instituto Galego de Estatística, son outros datos que non son os que aparecen a día de hoxe na exposición de motivos da vosa moción. Con todo isto, debe salientarse que o Plan de banda larga 2010-2013 reduciu a fenda dixital existente entre as provincias da fachada atlántica e do interior de Galicia, pasando dunha diferenza do 20% ao 1%. Outro punto do que falan vostedes na moción é respecto aos despregamentos levados a cabo polos operadores; nós como Deputación no temos competencia para despregar o que é banda ancha, nin pór rede wifi, quen ten que facelo son os operadores conxuntamente coa Xunta de Galicia, coa AMTEGA e logo, posteriormente, como vén sendo o habitual, ou o Ministerio ou o Goberno de España, a través dos fondos europeo. Pero dígolle un dato máis, Sr. Fraga, na provincia de Ourense grazas ao Plan de banda larga pasouse dun 58% da poboación con cobertura a finais do 2009 a máis dun 98% actualmente; é dicir, dun 58% a un 98%. O Plan de banda larga dotou de redes de 100Mbps a núcleos como os seguintes: como Allariz, como A Valenzá, O Barco, O Carballiño, Celanova, Xinzo de Limia, Ribadavia, A Rúa e Verín; é dicir, máis de 100Mbps segundo o Plan de banda larga. Este Plan, a parte de dar infraestrutura tecnolóxica, tamén xera emprego e xera economía. Investiuse neste Plan de banda larga dez millóns de euros que xeraron un investimento de vinte e nove millóns na provincia de Ourense. Na actualidade, AMTEGA, está a executar un plan de banda larga cun horizonte 2020 onde, a través de fondos europeos, vanse a mellorar as comunicacións de Galicia e, como non, da provincia de Ourense. Un dos primeiros pasos que se deu foi unha convocatoria pública que saíu o ano pasado onde, está aí no DOG para poder ver, onde se resolveu a unha operadora, neste caso R, para outorgarlle aos polígonos industriais de todo Galicia unha inversión millonaria para dotarlle de infraestrutura básica para a xeración de emprego e das PEMES locais. 3,4 millóns de euros que suporán na provincia de Ourense un investimento de 5,2 millóns para once polígonos industriais. A día de hoxe, que é o que nos incumbe neste Pleno, na provincia de Ourense leváronse a cabo os seguintes polígonos, que son: o parque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

empresarial do Barco de Valdeorras, o parque empresarial de Verín (Pazos) e o polígono industrial de Carballeda de Valdeorras; estes están executados e durante este ano vanse executar o resto, que son os seguintes: Allariz, o parque empresarial de Chorente, en Celanova o parque empresarial de Celanova, o parque empresarial tamén outro en Allariz, dous en Allariz, Xinzo de Limia, Vilamarín, Pontedeva, Ribadavia e Vilar de Santos. Isto é un investimento por parte da Xunta de Galicia cunha concesión pública, publicada no Diario Oficial de Galicia, para a provincia de Ourense cun investimento de 5,2 millóns de euros. Respecto a outro punto que falan vostedes na moción, que falan do acceso no rural para que os posibles emprendedores, as posibles empresas que queiran dinamizar o rural, que estou totalmente de acordo, eu tamén lle teño que dicir unha cousa, seguro que vostede sabe e coñece perfectamente como está o rural, ao mellor, mellor ca min, pero sabe que a día de hoxe hai vinte e unha aulas da Rede CEMIT onde se está intentando motivar á xente, de calquera idade, a que poida ir a alfabetización, o tema de modernización tecnolóxica e o que é o emprendemento tecnolóxico no rural; vinte e unha aulas na provincia de Ourense. Tamén outro punto do que podemos falar, que falan na moción por último, é respecto á proposta de instar á Xunta de Galicia a aumentar a dotación do Plan de banda larga 2020, claro que estamos de acordo, nós todo o que sexa apoiar infraestrutura e investimento na provincia, por suposto que estamos de acordo. O Plan de banda larga de Galicia 2020 conta con máis de dezaioito millóns de euros de fondos públicos procedentes dos fondos FEADER, así mesmo o Estado conta con máis de trinta e cinco millóns de euros en fondos FEDER plurirrexionais asignados a Galicia para o plan de extensión de redes de banda larga de nova xeración no noso territorio. Ambos plans teñen como horizonte, como dixen anteriormente, o ano 2020 contando cos fondos antes citados para levar a cabo actuacións de impulso da cobertura de redes nas zonas rurais. É dicir, sabemos como estamos, sabemos onde está o investimento e tamén teño que dicir que o noso presidente está en xestións, xa fixo xestións, e estamos moi preparados para que estas convocatorias futuras de fondos finalistas para dotar a esta provincia de innovación tecnolóxica, para estar aí e temos todo preparado para poder outorgar ese financiamento. Sen máis, a miña primeira intervención.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi ben, moitas grazas, Sr. presidente e moitas grazas aos intervinientes dos restantes grupos. Non me referín antes á moción do BNG, refírome agora. Ben, é certo que a nosa moción está pensada mirando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

no futuro, no que lle falta; pero tampouco está mal botar unha ollada atrás e avaliar o que xa está feito. Por iso non temos inconveniente para ver si o que está feito, está ben ou mal, ver os posibles erros que se cometeron; por iso non estamos en desacordo coa súa moción de engádega e aceptámola. Con respecto ao resto das intervencións, con respecto á súa intervención Sr. Pumar, dicirlle que xa me vou máis contento, irei esta tarde onde a señora Rosa de Alemparte a dicirlle que xa pode facer as súas xestións, pero así e todo, eu que vivo no rural, de verdade, non podoo ver ningunha das vídeo actas da Deputación porque non hai maneira de ter a velocidade suficiente para poder descargala. A min preocúpame o rural. O mapa ao que vostede se refería, a fonte é Vodafone e é de finais do 2016, se avanzamos tanto ultimamente pois moi ben; a ver si non se confundiu vostede e ese azul é dos concellos que goberna o Partido Popular e non da cobertura. En fin, bromas a parte, o certo é que a nosa proposta vai no sentido positivo, nós entendemos as xestións que se levan feitas pero entendemos que non son suficientes. A realidade da provincia é a que é, cunhas dificultades de acceso sobre todo no rural moi importantes. Se falamos de fixar poboación, hoxe, a parte de prestarlle outros servizos, o internet no rural é imprescindible para fixar esa poboación, pensando nos cidadáns e pensando tamén nas empresas que se queiran asentarse alí e que queiran prestar, traballar alí, xerar emprego; de aí vai, a parte das súas propostas que asumímolas perfectamente, é dicir, permítame tamén que, si todo estivese tan ben, pois home sobra o primeiro punto, *instar ao Goberno da Nación, en concreto ao Ministerio de...* É dicir, é necesario ir máis aló e nós entendemos e queremos que hoxe tamén unha implicación da Deputación, entendemos que é necesario que se faga ese censo de núcleos rurais, en colaboración cos concellos, que carecen de cobertura de internet. As zonas, mírese tamén as zonas NGA, é dicir que non van ter cobertura ata dentro de tres anos, como xa dixen antes de menos de cinco mil habitantes. Nós creemos, por que é necesario ese mapa? Porque lle vai poñer cara a todas esas persoas, a todas esas realidades no rural que hoxe en día non teñen capacidade de elixir onde queren vivir e traballar. Tamén queremos, como xa dixen antes, que se comprometan cos concellos para pórllle en marcha eses puntos públicos de acceso a internet de alta velocidade para as PEMES e emprendedores; en fin, é dicir máis aló dos *slogans*, o que necesitamos é unha composición da realidade do rural. Todo o que vimos falando da fenda dixital, como ben se dixó aquí, afecta a todos todos os temas que se veñen tocando nestes plenos, concretamente hoxe temos o da supresión da venda de billetes de tren, é dicir, a idea de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

Adif é de que se pidan a través de internet, malo é si non temos internet suficiente para poder pedir ese billete. E outra cousa, por moito CEMIT que haxa, si tampouco temos xente no rural que non saiba acceder a internet. A supresión de liñas de bus das que xa temos falado outras veces, os roubos no rural e o seu illamento do que se falará a continuación, son cuestións directamente relacionadas coa falta de igualdade de oportunidades no rural e, neste caso, no tocante ao acceso ás TIC. Coñecendo a realidade demográfica da nosa provincia, o seu avellentamento, entenderemos a falta de educación dixital, e comprendendo a falta de oportunidades, entendemos a falta de asentamento poboacional no rural. Obrigamos á xente a que faga os seus trámites de xeito telemático cando non están adaptados, ou ben por cuestión de acceso ou por falta de alfabetización nas novas tecnoloxías. Remato cun exemplo, recentemente a Xunta de Galicia convocou unhas axudas para asociacións de veciños, federacións de veciños e asociacións de mulleres rurais. Eran axudas que se tramitaban e xestionaban por orde de petición, ata que se acabase o diñeiro e non era concorrencia competitiva. O problema estaba en que esas axudas habería que solicitalas solo de xeito telemático e incluso para autenticar a sinatura, a través da clave 365. Con que problema se atoparon moitas asociacións do rural para solicitar as axudas? Que lles foi imposible; é dicir, con iso o que estamos facendo é que si todo vai seguir ese camiño e non poñemos ferramentas para reverter iso, dende logo a igualdade de oportunidades no rural vai quedar moi lonxe. Póñolle exemplo de asociacións de veciños do meu concello e doutros limítrofes, que é o que eu coñezo, que cando mandaron, cando puideron mandar esa solicitude de axuda, xa era tarde porque tiveron problemas para autenticar a sinatura coa clave 365. Tiveron que ir aos centros de saúde para poder facelo e non lle conto, para poder cargar e subir os documentos, o tempo que levaron. Esa é unha realidade que nós queremos saltar. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben, nesta segunda intervención, moi brevemente, eu creo que o dixo o portavoz de Democracia Ourensana, é fundamental, é fundamental o acceso a internet. Xa é fundamental hoxe, a un curto prazo vai a ser practicamente imprescindible; xa non só si falamos de dispoñer da oferta de contidos dixitais, que requiren por certo anchos de banda moi importantes, senón para calquera trámite ou xestión diaria que queiran facer os cidadáns, e aí é fundamental tamén, se falamos de discriminación positiva ao respecto do rural, que no rural non exista a fenda da que estamos a falar hoxe ao respecto das zonas urbanas porque desde logo non vai a favorecer para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

nada a implantación de cidadáns ou o traslado de cidadáns aos pequenos pobos das periferias das vilas; e o feito de non contar cun servizo tan fundamental coma ese, que a día de hoxe é a realidade en núcleos - eu falo por exemplo do meu concello – próximos ao propio núcleo da vila, fan que sexa unha auténtica odisea contratar un acceso a internet de calidade. E de calidade estamos falando non de ter conexión a internet, senón ter unha conexión cun ancho de banda, como xa dixen, suficiente para poder acceder a todos os servizos que hoxe se ofertan a través desta rede e os que se ofertarán nun futuro e realizar todo tipo de xestións como se explicou aquí. Non entendemos, por outra banda, a reticencia a esta comisión ou a esta avaliación que nós solicitamos na nosa emenda, porque se de feito o resultado ao respecto do informe que se nos pasou é tan favorable e é tan positivo, non vexo ningún inconveniente en que fora explicado a todos os grupos nunha comisión por parte dos técnicos e que se nos fixera traslado, non só a nós a través dun informe, senón alí de viva voz cal é a situación, cal é a avaliación e como podemos seguir avanzando no asunto este, que era ao final o que nós propoñíamos. E pouco máis, tería tamén unha pregunta que facer que é ao respecto do que eu explicaba na miña primeira intervención que é o proxecto que se desenvolveu por parte desta casa, un dato interesante sería saber cantos usuarios actualmente, pois, ten este proxecto; ou a través del, cantos usuarios se conectan a internet ou teñen acceso a internet a través dos diferentes proxectos que eu expliquei na miña primeira intervención; e que se fosen tan favorables e acadaran os obxectivos tan positivamente como se nos di no informe, como nos recordou ben o Sr. vicepresidente, pois ao mellor non estaríamos falando do que estamos falando ao día de hoxe. Entón, reiterar a nosa insistencia en que se avalíe isto no seo dunha comisión informativa, que haxa traslado de información polos técnicos sobre todo pensando no futuro e, como xa dixen anteriormente, ao mellor é o momento de pararse, analizar cal é a situación real antes de seguir propoñendo medidas como as que se propoñen aquí, que nos parecen ben e vamos a votar a favor e coas que estamos de acordo; pero partindo dunha análise de cal é a situación real, actual, da implantación de banda larga na provincia de Ourense e, sobre todo, na zona rural que é a zona que dende logo está máis desfavorecida e máis en desvantaxe con respecto, sobre todo, aos grandes núcleos de poboación. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Orensana: ben, entendemos que practicamente está dito o esencial do problema. Poderíanse engadir moitas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

razóns para esixir ou para desexar unha conexión de calidade a internet, ocorrésese unha agora relacionada coa nosa moción que vai vir despois, o illamento por parte das persoas anciás que poden ser obxecto nalgún momento de ataques ou de roubos. Por un lado vostedes saben que están moi en boga as redes sociais: *whatsapp*, *facebook*, todo iso, non. No ámbito urbano eses recursos adoitan a usarse dun xeito moi lúdico, os adolescentes utilízanos para xogar, para quedar entre eles; pero no ámbito rural moitas persoas anciás utilizan esas redes sociais para manter o contacto cos fillos, os seus fillos están ao mellor noutra cidade, mesmo noutro país, e non se senten tan sos se poden acender unha *tablet* e falar cos seu fillos ou cos seu netos que están en Suíza, en Madrid ou onde sexa; o cal é importantísimo porque eses familiares saben en todo momento que os seus avós, os seu pais están ben, que non lles pasa nada ou que lles pasa algo e teñen que botar man deles. Entón para esa xente esas redes sociais que sempre asociamos ao mellor a algo frívolo, e que non é así dende logo e neste caso moito menos. Estamos vendo cada día que moitas destas persoas supoñelles un alivio ter unha conexión a internet a través da cal poidan manter unha conversa permanente cos seus fillos para que eles poidan ver que están ben, que non están enfermos, “*el domingo ya voy ahí, ya te veo*”, etc. Iso é moi importante e polo tanto a calidade da conexión a internet debe ser fundamental. E por outro lado está o tema, caso de que se chegue a unha situación de emerxencia, moitos dos servizos telemáticos de emerxencia que se deseñan e que se deseñaron, terán, discurrirán a través de internet, para dar unha alarma, para chamar á policía ou a garda civil, etc.. Creo que, como xa dixen antes, é obvio a necesidade dunha calidade na conexión a internet, de banda larga, etc.. E repetimos o noso apoio á moción do BNG porque o control parécenos fundamental, xa dixen antes que temos experiencia de que moitas veces as empresas non cumpren co prego, é difícil controlar que estean cumprindo cos pregos moitas veces, e ás veces teñen unha tendencia perversa a non cumprilos porque iso incrementa os seus beneficios. Entón é fundamental o control, como tamén en informática, en informática o control é case máis importante, ocupa máis memoria e máis tempo do procesador que o que é a propia transmisión de datos. Pois aquí algo parecido. E nada máis. Moitas grazas.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Antes de nada, gustárame por unha cuestión de orde, é dicir, nós como mencionei anteriormente estamos dispostos a aceptar a proposta do Partido Socialista nestes tres puntos, pero como dixen anteriormente, non estamos de acordo coa emenda presentada por parte do Bloque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

Nacionalista Galego. Entonces gustaríame un pouco aclarar con vostede a cuestión. É dicir, vostede di que estaría a favor destes tres puntos, pero a maiores engadir a emenda do Bloque, non?

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: eu entendo que se vai a votar por separado. Se vostedes votan en contra da emenda do Bloque, por moito que nós votemos a favor, decae; é dicir a que se vai aprobar e esta.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular: moi ben, perfecto, eu non sabía si era unha condición indispensable aceptar a do Bloque. Vale, moi ben, pois moitas grazas. En relación ao que é a cuestión da moción, simplemente algo moi sinxelo. Está claro que temos que saber como estamos, facer un diagnóstico previo, témolo. Eu creo que todos aquí, segundo a mensaxe que dixemos, temos claro que queremos para esta provincia á mellor tecnoloxía, claro que a queremos; sabemos como facelo porque sabemos cales son as convocatorias e o diagnóstico está feito. Pero tamén me gustaría aclarar unha cousa: que non estamos de brazos cruzados. E tamén gustaríame dicir outra cousa: que non todo é pesimismo nesta provincia e que, cando ás veces falamos, hai que ver os datos. E os datos son os seguintes, no é un dato feito polo Grupo Popular, non, é un dato segundo o mapa de cobertura 4G de España, de España, é dicir un dato oficial onde a provincia de Ourense conta a día de hoxe con 85,70% de cobertura 4G na provincia, 85,70%. E facendo un pouco unha comparativa con outras provincias dígolle: Zamora ten 65%, Palencia un 71%, Guadalajara un 69%, Granada un 80 %, Salamanca 74 %, Cáceres 66%, Jaén 75%. Non quere dicir que non esteamos a mellorar, pero gústame ás veces por os puntos sobre os íes, é dicir, que esta provincia entre todos temos que melloralala, pero non unha mensaxe pesimista como ás veces facemos. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: me congratulo por parte do noso grupo de poder chegar a un acordo nun tema tan importante de cara ao futuro como é este. Dóullelas grazas, xa digo, pola súa disposición que ben, se os datos, que eu non lle vou a entrar a discutir nos datos, pero non podemos confundir os datos de cobertura 4G, que non se pode tramitar esa subvención a través do móbil, cos datos de cobertura en megas en banda larga. Iso é o que nós estamos demandando e o que pedimos tamén, e o que vostedes tamén falan na súa proposta e na súa moción que vamos a votar. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#).

Non se producen máis intervencións e tal e como se acordou no debate deste punto, a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación o acordo alcanzado durante o debate, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno da Nación, en concreto ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a que obrigue aos operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800 Mhz a completar conxuntamente –e antes do 1 de xaneiro de 2020- unha cobertura que lles permita, como mínimo, ao 90% dos residentes en poboacións de menos de 5.000 habitantes, ter acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo.

2º.- Que a Deputación, a través dos concellos, elabore un censo daqueles núcleos que teñen dificultades para recibir cobertura móbil e de Internet e desenvolva un plan de implantación tecnolóxica que, mediante convenios de cooperación cos concellos, poña en marcha puntos públicos de acceso a Internet para o traballo de PEMES e emprendedores do rural como gandeiros, cooperativas, produtos ecolóxicos ou venda en liña de produtos de excelencia, entre outros.

3º.- Solicitar a actuación conxunta e coordinada da Xunta de Galicia e do Goberno de España no despregue de redes de acceso de nova xeración (RNA), de moi alta velocidade (100Mbps), empregando para isto os fondos europeos dos que dispoñen ambas administracións para tal cometido, prestando especial atención ás zonas industriais de fóra da área metropolitana de Ourense.

9º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA PRAGA DA PATACA GUATEMALTECA E A SÚA INCIDENCIA NAS COMARCAS DO PAÍS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de substitución con número de rexistro 5.389, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben, en primeiro lugar vou facer referencia á exposición de motivos e despois achegarei algunha observación máis. Ben, lembrar que, por facer un pouco de historia, que o Diario Oficial de Galicia publicaba o 3 de novembro de 2015 unha resolución da Consellería de Medio Rural pola que se declaraba a presenza en Galiza da praga denominada *Tecia solanivora Povolny* ou polilla guatemalteca da pataca. Esta praga provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo. En Europa foi observada e identificada nas illas Canarias no período 1999-2006. Os danos son causados pola larva, tanto no campo como no almacén, a cal penetra no tubérculo para alimentarse facendo galerías e o tubérculo da pataca é o único hospedeiro desta praga. A praga da pataca causada pola polilla guatemalteca, que se estende por Galicia e Asturias, constitúe un risco que cómpre atallar. En Galicia, en novembro do 2015, Medio Rural recoñecía oficialmente a praga na zona de Ferrol, Narón e Neda e meses despois decretaba tamén unha corentena en Viveiro, Xove, Cervo, etcétera... Agora, dous anos despois, Medio Rural vén de publicar a lista de concellos afectados, estendendo a corentena a trinta e un no norte da provincia de Coruña e Lugo (facemos aí unha relación dos concellos actualmente afectados). Mentres isto acontece, a lentitude da maquinaria institucional levou a que o goberno do Estado, dous anos despois, estea a preparar un Decreto que como primeira medida prevé prohibir plantar pataca durante dous anos nos municipios afectados. A información que está chegando aos produtores é escasa e confusa, entre os produtores e concellos afectados hai moitas dúbidas e incertezas e é preciso coñecer de primeira man como está a situación, cales son as medidas que se van implementar para evitar, ou paliar, a chegada desta praga; e necesitamos saír desta incerteza. Estamos ante un problema dunha envergadura enorme porque pode afectar á comarca por excelencia no noso país, que é a comarca da Limia que produce máis de once millóns de quilos. Temos que engadir tamén que xa van dous anos, como xa dixen anteriormente, desde a detección, e as medidas que se adoptaron de momento por parte do goberno mostráronse ineficaces, a praga segue polo momento avanzando. Media ducia de charlas informativas, trampas de detección e pouco máis, como se a praga tivese unha incidencia inapreciable e non fose a ameaza que ultimamente destapou a alarma social. Os produtores de pataca do noso país mostran publicamente os seus temores e non só pola ameaza

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

da praga, senón pola política que leva a Consellería de brazos cruzados, polo menos ata o de agora. Ninguén sabe que facer. A semente mercada, as terras labradas, non hai directrices actualizadas. Só se manteñen as medidas de contención e control publicadas no DOG de 3 de novembro de 2015. Existe na poboación das zonas afectadas un sentimento de desamparo e de incerteza e sobre todo de non saber que facer diante do silencio oficial, á espera a que Madrid dite un decreto anunciado, coma se a Xunta de Galicia non tivese competencias plenas no asunto. Este sentimento de indefensión amplíase e nas reunións que produtores están levando a cabo existe a sensación incluso de teren a administración en contra. Sendo este un país no que case a totalidade das familias que habitan o campo cultivan este tubérculo para autoconsumo é manifesto que as medidas de control do produto e as campañas de sensibilización e formación para atallar esta praga hai tempo que deberían estaren deseñadas e en activo. O grao de confusión e desconfianza entre produtores, almacenistas e consumidores é crecente. A Xunta ven de publicar esta semana unha resolución que non inclúe ningunha liña de axudas, ao estar seica agardando, como xa dixen, porque o Estado as fixe no seu Real decreto. Produtores que abastecen mercados reclaman indemnizacións e aluden ao lucro cesante, os almacenistas apuntan ás perdas non só pola venda de semente, tamén polos abonos, apeiros ou fitosanitarios. Pequenos vendedores nos mercados din que as indemnizacións deberían ser maiores. Desde os concellos tamén se piden medidas compensatorias para os produtores e que se vixíen os prezos de venda ao público para que non haxa abusos. De momento a última orde autonómica incide na identificación das parcelas e superficies plantadas, así como no control das vendas de semente en almacén e para o consumo nos mercados. Todos os axentes implicados están a criticar a falla de información e tamén o atraso das recentes resolucións da Xunta, dúas en breve prazo, ao estar xa boa parte da colleita sementada en zonas como a Mariña, onde é moi apreciada a pataca temperá e o clima favorece o seu cultivo. Agricultores profesionais lamentan que non se lles tivera en conta ou consultado na xestión desta crise. Os almacenistas protestan xa que levan desde decembro pasado vendendo a semente. Tamén hai críticas pola confusión que crea un anunciado, o anunciado Decreto do Ministerio de Agricultura que prohibirá plantar e que non acaba de ser publicado, mentres a Consellería de Medio Rural vese obrigada a recomendar non plantar e establece a obrigatoriedade de identificar as parcelas con tubérculos que, en zona de corentena, deberán ser arrincados para destruír toda pataca, danada ou xa, segundo din, que podería axudar á polilla guatemalteca a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

seguir reproducíndose. A controversia alcanza ata a quen corresponderá arrincar esa colleita. Nas charlas aos afectados os técnicos sinalan que deberán ser os propietarios do cultivo para, despois, serlle retirada a pataca e proceder á indemnización. Como se pode ver, a inacción durante este tempo está levando á improvisación, confusión e a frustración. Nós, recollendo pois todo este malestar crecente, dende o noso grupo parlamentario xa vimos de presentar hai uns días unha proposición non de lei na que insta á Xunta a tomar ás medidas concretas, e dende este ámbito pensamos que tamén se debe actuar. Estamos diante dun problema, como xa dixen e o alcance creo que o vamos a concordar todos, de enorme envergadura precisamente porque pode afectar á comarca da Limia que é unha comarca por excelencia produtora no noso país, como xa dixen tamén anteriormente, cunha produción media de máis de once millóns de quilos. Por iso nós, na nosa moción orixinal, propúñamos un único punto, ou único acordo, que foi o que levamos á comisión e se ditaminou favorablemente, que foi: *“instar á Xunta a que adopte un Plan específico para o control efectivo da praga que conte coa dotación de medios materiais e económicos que sexan precisos para a súa erradicación”*. Ao respecto da emenda presentada polo Grupo Socialista, dicir que recolle literalmente o texto que se aprobou onte nun pleno extraordinario que tivemos para abordar esta problemática no Concello de Xinzo; e nós, logo de falar co portavoz do Partido Socialista, propoñemos que esta emenda sexa unha emenda de engádega porque para nada desvirtúa o primeiro punto que nós xa tínhamos presentado e, en todo caso, o complementa ao falar tamén de esixirlle ao Goberno de España a publicación urxente do Decreto que regule as medidas a adoptar para o control e eliminación da praga da polilla guatemalteca; esixirlle á Xunta de Galicia que tome medidas que eviten a propagación desa praga na comarca da Limia; un terceiro punto, que sería o cuarto, que a Deputación Provincial, a través do Instituto Agrogandeiro ou Instituto do Campo, realice as tarefas de análise e asesoramento técnico; e solicitar de todas as administracións con competencias unha campaña de información a todos os sectores implicados. Entón nós propoñemos, en resumo, que os acordos que finalmente se tomaran foran o primeiro acordo que ía na moción orixinal, repito, que foi ditaminado na comisión informativa e os outros catro acordos, pois, irían a continuación como engádegas, xa que entendemos que son complementarios ao falar concretamente da comarca da Limia que é a comarca que nos afecta máis directamente e a que nos preocupa máis directamente; pero entendemos que, en todo caso, como dixen, son complementarios porque a día de hoxe, hai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

que resaltar tamén, que é moi importante trasladar que na comarca da Limia non existe o problema e non está afectada, e onde se teñen que tomar as medidas, pois en todo caso de control, en todo caso vai ser noutros sitios precisamente para que nin no futuro inmediato, nin medio nin a longo prazo, a comarca da Limia se vexa afectada por esta problemática. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ben, a natureza do problema xa foi bastante ben detallada na exposición de motivos da moción. Efectivamente, a Xunta de Galicia ten as competencias, ten suficientes competencias en teoría para abordar o problema, e dende logo que tamén ten tomar medidas o Estado, porque as polillas esas non saben moito de límites, de fronteiras das autonomías; entón seguramente, pois ese Decreto que se pide na emenda do PSOE sexa necesario que se publique canto antes. E ben, como dicía o portavoz do Bloque, o que se solicita no único punto da moción do BNG coincide, aínda que no punto dous da moción do PSOE se fala especificamente da comarca da Limia e na moción do BNG presuponse que se refire a toda a comunidade autónoma, aínda que non o di, di *“instar á Xunta”* e é á comunidade autónoma, é a que ten competencias, e ademais pola visión de país que, segundo nos recordan de vez en cando, pois é a que teñen eles. Efectivamente, é o mesmo *“instar á Xunta para que adopte un plan específico para loitar contra a praga, etc..”* e que *“esixir á Xunta que adopte medidas efectivas para que corte a praga na comarca da Limia”*, é máis restritiva de comarca, pero entendemos que, efectivamente como di o portavoz do BNG, pode ser entendida tranquilamente como emenda de adición, de engádega. O portavoz do BNG falou de varios problemas relacionados cos produtores, cos almacenistas, etcétera, eu engadiría un posible problema a ter en conta porque, a parte dos problemas fitosanitarios ou fitopatolóxicos ou como se queira dicir, está o problema digamos do mercado, da comercialización deste produto. Entón, moitas veces se non tratamos con suficiente cautela nestes foros, e tamén nos medios de comunicación, o problema ao mellor o que creamos é un rexeitamento do consumidor cara a pataca, aínda que estea sa. Existen máis enfermidades que as propiamente fitopatolóxicas, está tamén como se comporta a sociedade ante estes problemas; ao mellor pretendendo solucionar un problema, creamos outro. Ao mellor están levando á opinión pública unha imaxe da pataca da Limia que non se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

corresponde coa realidade e ao mellor os mercados, eses que votan todos os días como dicía George Soros, os mercados votan todos os días e son máis sensibles aos tratamentos nos medios de comunicación nesta clase de problemas. Entón, temos que ter un pouquiño de coidado de como falamos destas cousas. O compañeiro do BNG falaba que xa onte no Concello de Xinzo, falaba do Concello de Xinzo, pero creo, segundo entendín nos medios de comunicación, que se refería a varios alcaldes da comarca que se reuniron e que acordarían, polo tanto, o que nos dixo o portavoz. En principio votaremos a favor, tanto da moción como da emenda, polos motivos que xa se dixeron; enténdense totalmente coherentes e complementarios, e sinxelamente facer este pequeno aporte do noso grupo de que, dalgunha maneira, tratemos este asunto nos medios de comunicación dun xeito que, desde o punto de vista do mercado, non prexudique a ese produto máis do que xa o está prexudicando ao mellor a praga en si. Moitas grazas.

D^a. Elvira Lama Fernández, do Grupo do Partido Socialista: grazas presidente. Bos días a todas e a todos. Efectivamente, como fixo exposición o partido do BNG, que é o grupo proponente desta moción sobre a praga da couza guatemalteca ou *Tecia solanivora*, a tardanza das distintas administración con competencias para vixiar e poñer freo e intentar parar este tipo de praga, que por certo é unha praga de corentena totalmente prohibida e ten que estar controlada, polo menos iso di a Directiva da Unión Europea; existe un Real Decreto do ano 2005 onde se fala de que a introdución e propagación desa *tecia* debe prohibirse en todos os estados membros da Unión Europea, polo tanto debe ser o Goberno do Estado o que dite normas nese senso. Teño que dicir tamén que ben, en principio darlle as grazas ao portavoz do BNG porque fixo mención a emenda de substitución que facíamos e leu os distintos apartados da nosa emenda, que non temos, por outro lado, ningún problema en transformala, en vez de engádega de substitución, por engádega de adición. O que queremos é que saia de aquí un pronunciamento unánime desta Corporación provincial a favor de que se tomen as medidas urxentes por parte da Xunta de Galicia, do Goberno de España que leva dous anos de retraso en publicar unha Orde ministerial, porque, como dicía o portavoz proponente da moción, esta praga chegou a Galicia no ano 2015, por tanto estamos no ano 2017 e o goberno de Mariano Rajoy non tomou cartas no asunto. Non hai máis que entrar na páxina do Ministerio de Agricultura e ver os mapas de incidencia e as zonas demarcadas tanto nas Illas Canarias, onde apareceu a praga no ano noventa e nove como ben dixo o proponente,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

como no resto do Estado, para darse conta de que a praga non chegou máis que, como dicían onte os técnicos nunha charla en Xinzo, por barco; é dicir, calquera porto en Galicia, xa sexa Ferrol ou Viveiro, barcos que baixan aos caladoiros de Mauritania ou Marrocos ao cefalópodo, nunha pequena escala, en calquera das Illas Canarias, que están afectadas todas, simplemente un saco de patacas para autoabastecemento... Polo tanto, estamos a manexar un material moi sensible, tan sensible que pode botar abaixo o que é o piar económico fundamental dunha comarca como é a comarca da Limia. Polo tanto, non queremos de ningún xeito crear ningunha alarma infundada, na Limia non está presente, de momento, esta praga, ogallá non teña que chegar alí, non deba de chegar alí; pero para iso se necesita establecer controis, para iso se necesita que esa Orde ministerial salga xa que é a Orde que vai a prohibir plantar, que vai a dicir como hai que recoller o que está plantado e que vai a dicir como hai que incinerar esa pataca que pode estar contaminada. E señoras e señores, de momento hai trinta e un concellos, tres concellos no ano 2015, oito concellos no ano 2016, trinta e un concellos no ano dezasete. Dúas resolucións da Consellería en menos de sete días e por certo, a última o único que fai é espallar o problema enriba dos operadores, produtores, produtores de autoconsumo e, por certo, tamén lle vota enriba a vostedes a carga, é dicir “*a inspección corresponderalle á Administración local que reforzará a vixilancia da procedencia dos tubérculos que se vendan nos mercados locais*”. Quérenme explicar vostedes, nos vosos concellos pequenos que non tedes nin sequera Policía Local, como ides a realizar ese controis? Onte falaban os técnicos da Xunta de que xa están en contacto coa Garda Civil, cos Corpos de Seguridade e tamén co Seprona, porque senón isto moito me temo que vai a ter bastante mal arranxo. Polo tanto, darlle as grazas ao propoñente da moción que acepte os puntos que nós logramos consensuar nunha xunta de portavoces no Concello da Limia; por certo, señor alcalde da Veiga, o pleno do Concello de Xinzo de onte foi un pleno extraordinario e urxente, non cabía ningún outro tema que non fose este que nos ocupa. Polo tanto, agradecerlle ao propoñente, como non pode ser de outra maneira, que acepte as emendas en aras de mellorar un problema que ogallá non chegue á provincia de Ourense.

D^a. Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas, Sr. Presidente, bos días a todos. Xa lles vou adiantar que imos a votar a favor tanto da moción do Bloque Nacionalista Galego, como da emenda, que pasou a ser de substitución a engádegas, do Partido Socialista. Sr. Rodríguez Suárez, eu quero dicirlle que a ninguén dos que estamos aquí

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

se nos escapa a importancia que ten o cultivo da pataca na nosa provincia e na comarca da Limia, comarca que vostede e mais eu compartimos. Este produto, todos temos claro, que é a base da economía da comarca da Limia e que ademais pola súa produción, como vostede sabe, e pola súa comercialización tamén posúe un gran protagonismo de primeira orde no sector agrario da nosa autonomía galega. Como tamén vostede reconece na súa propia moción, a Xunta de Galicia xa ven de amosar, dende novembro de 2015, a súa preocupación pola polilla, pola presenza da polilla guatemalteca, decretando a corentena en máis de doce zonas produtoras da provincia da Coruña e de Lugo. Dicirlle que ninguén, creo, está de brazos cruzados, o labor de control e vixilancia que está realizando a Consellería de Medio Rural é constante desde a aparición desta praga; de tal xeito que o pasado 6 de febreiro estendeuse a corentena a trinta e un concellos dos que vostede fixo referencia fai un momento, pero aínda máis, a Consellería de Medio Rural publicou o pasado 14 de febreiro unha nova resolución na que amplía as súas medidas urxentes para o control e a erradicación da couza guatemalteca da pataca. Esta resolución non ben máis que a dicir que reforza a vixilancia tanto en orixe como na venda de patacas nos 31 concellos afectados ao día de hoxe por este insecto. Trátase de catro ou cinco medidas que teñen dous obxectivos claros: trátase de controlar as plantacións e movemento de terras nas zonas demarcadas e evitar que a praga se estenda ás principais áreas de produción para comercialización en toda a Autonomía Galega. Tamén quero lembrar que como vimos esta semana e como vimos no día de onte no noso Concello de Xinzo de Limia na Dirección Xeral de Agricultura mantéñense reunións informativas tanto cos agricultores como con alcaldes e almacenistas das zonas produtoras de Galicia, entre elas, como digo, onte no Concello de Xinzo de Limia. Temos que subliñar que o cultivo da pataca nos concellos demarcados pola Consellería de Medio Rural está destinado basicamente ao autoconsumo. Estamos a falar de pequenas producións de tipo familiar e moito menos profesional e técnica en comparación coas grandes zonas produtoras, pero non por todo elo menos importantes. Outro aspecto importante a ter en conta, no tema da couza da pataca guatemalteca, son as condicións climáticas dos concellos afectados, sobre todo os que están ao carón do mar; precisamente este insecto, que creo que vostedes saben, atopa nos terreos situados ao nivel do mar, con temperaturas moi suaves, as condicións idóneas para se reproducir. Por tanto, cómpre ter en conta tamén que o cultivo da pataca na comarca da Limia ten unhas características moi diferentes ás das zonas afectadas e que constitúen por si mesmas unha defensa fronte a esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

praga. En primeiro lugar, o cultivo do tubérculo na Limia está dirixido fundamentalmente á comercialización en toda España e a súa exportación fai que a súa produción sexa totalmente distinta ás outras provincias de Galicia, xa que está ten asesoramento especializado dos técnicos do INORDE e con estritos controis e tratamentos para todo tipo de pragas. E en segundo lugar, as condicións climáticas da Limia, como todos vostedes todos saben, son totalmente distintas ás zonas demarcadas, con temperaturas moi baixas e a miúdo por debaixo dos 0°C o que se converte, como xa dixen antes, nunha primeira barreira natural para a presenza deste insecto. A día de hoxe estamos, estou, en condicións de afirmar, como así nolo comunican dende Medio Rural e nolo comunican do Instituto do Campo emprazado en Xinzo de Limia, que non se detectou ningún caso de polilla guatemalteca na nosa provincia de Ourense. Unha circunstancia que non implica, baixo ningún concepto, que se baixe a garda na vixilancia e no control e, por isto, a propia Consellería de Medio Rural instalou, xa dende o ano 2015, oitenta e sete trampas nas zonas non afectadas e amparadas pola Indicación Xeográfica Protexida da pataca de Galicia, na que está a Limia e todos elas, sen detectar en ningunha destas trampas a presenza do insecto, o que vén de demostrar que a praga límitase ás zonas de Ferrolterra e á Mariña. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, sr. presidente. Ben, moi brevemente, porque eu creo que logo de escoitar aos portavoces do resto dos grupos, todos coincidimos na importancia e na gravidade do asunto. Dcir, ou insistir en que a Xunta ao respecto deste problema, entendemos que non actuou coa dilixencia que debería facelo, de feito, como xa expuxemos e todos coincidimos, a polilla estendeuse inicialmente de tres concellos a trinta e un, co cal temos unha primeira proba de que as medidas de contención tomadas inicialmente, pois, non foron suficientes ou se tomaron tarde. Tamén, a Xunta, tampouco pode estar a expensas de que o goberno do Estado aprobe un Decreto para empezar a tomar medidas, debería ter actuado con absoluta dilixencia sen esperar a ese Decreto, porque temos que lembrar que a Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galicia teñen plenas competencias no asunto. E despois, tamén algo moi importante no que creo que tamén coincidimos todos é a repercusión mediática que está a ter todo este asunto, pensamos que está sendo, dende logo, esaxerada porque, en primeiro lugar, temos que falar, e eu falando con xente implicada no sector me recordaba que non é un problema de saúde humana, estamos falando en todo caso dun problema de saúde vexetal. E despois, tamén, que é trasladar unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

mensaxe moi clara que é o que precisamente acabamos de recordar, eu creo que todos, que a comarca da Limia non está afectada por esta praga. Creo que o que estamos falando e de que siga sendo precisamente así. Tamén coincidimos, e así nolo trasladan os técnicos, en que as condicións ambientais da Limia non favorecen para nada a proliferación da praga; pero en todo caso non podemos estar a expensas de que sexa a climatoloxía ou outros factores, pois, de distribución do territorio ou de altitude, etcétera, ou climáticos, os que nos libren desta posible praga. E coincidindo con todos e agradecendo a boa predisposición de todos porque entendo, que creo que así o entenden todos, este é un tema que afecta a un dos piares básicos da nosa economía, como é no caso da comarca da Limia, pois a pataca, pois esa boa predisposición sobre todo para trasladar a nosa preocupación neste caso, porque trátase basicamente diso, de trasladar a preocupación a quen ten a responsabilidade e que tome as medidas que teña que tomar para que, precisamente, en ningún caso, nin agora nin nun futuro inmediato, nin nun futuro máis afastado, pois, teñamos que falar de que a nosa comarca, a comarca da Limia, poida estar afectada por esta praga o cal si que sería unha absoluta traxedia, porque si agora mesmo xa estamos falando de repercusión mediática sen ter en absoluto algunha afectación nin ningún problema con respecto á praga da pataca guatemalteca, pois non quero nin pensar o que podería acontecer mediaticamente e a nivel, do que falaba o portavoz de Democracia Ourensana, de traslado, pois, no consumidor final do produto, si realmente tivéramos esa incidencia. Co cal, falar de información si, pero alarmismo non e volver a insistir nesa mensaxe clara de que nós non temos o problema e do que realmente estamos falando é de poñer medidas para non ter o problema. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ben, parece ser que todos coincidimos na importancia do problema e na necesidade de que se tomen as medidas de xeito máis inmediato posible. Eu vexo dúas razóns fundamentais para que estes medidas teñan que ser os máis inmediatas posibles. A portavoz do Partido Socialista deunos uns números do número de concellos afectados ao largo dalgúns anos, non recordo as cifras exactas, tres, trinta..., ben non recordo ben, naquel momento metinas na cabeza pero agora non as recordo; do que si me din conta é que esas cifras medraban de xeito exponencial, ou sexa, se o formulamos nunha aula de matemáticas para que calculen o que se chama *curva de regresión*, con ese números daríanos unha curva exponencial, quere dicir que, ou se toman medidas rapidamente ou iso medra dunha maneira incontrolable como xa pasou na historia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

con outra clase de pragas. O outro motivo polo que vexo que hai que tomar medidas canto antes, e claras, o Decreto ao que se facía referencia, as normas que sexan para que sexan claras e transmitilas con obxectividade, como dicía o portavoz do BNG, información máis que alarmismo, o outro motivo é porque cando non existe, os sociólogos sábeno ben, cando non existe información clara dáse lugar aos *bulos* e dáse lugar aos rumores e dáse lugar á información sesgada e falsa, iso sábeno moi ben os sociólogos. O *bulos* medra cando non hai información clara procedente dunha fonte fiable. Entón, o Estado, a Consellería de Medio Rural, o Ministerio teñen que dar instrucións claras, teñen que dar información precisa, teñen que tomar canto antes unhas medidas exentas de toda ambigüidade, precisamente para evitar a aparición e proliferación de *bulos*, de sesgos, de informacións falsas porque sempre vai a haber interesados en que se propaguen os *bulos* e en que se propaguen as informacións falsas; sempre vai haber intereses, entón iso é outra cousa importante. Tamén entendemos que a orografía ou a climatoloxía da comarca da Limia non garante, non garante que si non se toman as medidas adecuadas non podamos ter o problema pronto, porque a bioloxía ensínanos que canto máis inferiores son os seres vivos, máis capacidade de adaptación teñen rapidamente ao medio ambiente, os organismos inferiores teñen unha cantidade de descendencia enorme, unha rotación, digamos, xeracional moi rápida, nalgunhas especies ata de poucas horas, e iso permite, tal e como nos explicou aquel señor, Darwin, que a selección natural poida facer rapidamente que unha especie mute e se adapte rapidamente a unhas circunstancias diferentes ás das que procede. Entón, outro motivo máis para tomar medidas canto antes. Nada máis simplemente reiterar que votaremos a favor das mocións e das emendas, etcétera. Grazas.

D^a. Elvira Lama Fernández, do Grupo do Partido Socialista: moitas grazas presidente. En primeiro lugar quería dicir que no segundo punto da nosa engádegas facemos referencia á comarca da Limia, eu penso que todos coincidirán comigo que se pode facer extensiva ao resto da a provincia de Ourense porque é verdade que todos somos comedores de patacas, todos, me parece que somos comedores de patacas e polo tanto todos temos un rego ou dous e se non o temos, teno a avoa ou a nai ou ao pai ou á sogra. Polo tanto, tamén vai a ser un problema difícil de atallar, porque a ver quen lle di ao teu avó ou ao meu “*tes que arrancar aquilo e tes que queimalo ou tes que enterralo a un metro de profundidade*” que é a recomendación que fai o Real decreto do ano 2005. Polo tanto, tomar as medidas todas urxentemente, demandar non, esixirlle ao goberno de España e ao goberno do señor Feijóo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

que non vale con sacar unha resolución e botarlle enriba aos produtores, aos operadores, tanto profesionais como de autoconsumo, e á propia Administración local que faga os controis; senón que isto ten que ir moito máis alá, porque, señora deputada Montse Lama, o clima de Canarias élle moi distinto do da Mariña e sen embargo está na Mariña, e como dicían onte os técnicos, seguramente se fixeron os controis, porque me consta que a Consellería fixo controis en toda a fronteira portuguesa e fixo controis na comunidade de Castela e León, que é a primeira produtora do noso país, e sen embargo a praga chegou polo Norte. Polo tanto, dilixencia, pedirlle ás administracións con competencia que deixen de mirar cara outro lado e poñer os controis todos necesarios para que isto non chega á nosa provincia. De momento nada máis e moitas grazas.

D^a. Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas a todos. Nada, simplemente me gustaría chamar a atención sobre un pequeno aspecto que me preocupa bastante e que entendemos que non se está a valorar na súa xusta medida e que creo pode ter efectos moito máis devastadores que a propia praga, e é que falamos do dano que se lle pode estar facendo ao sector da pataca na Limia por parte de aqueles que tratan este asunto dende un punto de vista un pouco alarmante e co afán de obter algún réditto político. Para todos eles quero lembrarlles que o tubérculo da Limia está amparado pola Indicación Xeográfica Protexida da Pataca de Galicia, que quere dicir isto?, pois que a pataca da Limia véndese como pataca galega, de tal xeito que xeneralizar ou tratar este asunto sen a seriedade necesaria pode facer moito máis dano á produción ourensá, que se vería afectada loxicamente na súa demanda nos mercados de fóra de Galicia por o temor da nosa produción. Como estamos a ver, a Xunta de Galicia está a adoptar todas as medidas posibles para combater esta praga, pero tamén lembrar a todos aqueles partidos políticos que coñecen o funcionamento do Instituto do Campo, ficado en Xinzo de Limia, que as tarefas de análise e asesoramento é o seu eixe principal dende que existe esta entidade. Non necesitamos que ninguén nos diga o que ten que facer unha entidade que leva funcionando dende o ano 1998 e que dá pleno servizo a todos os agricultores, e non só da comarca da Limia. Lembrarlle tamén que todas estas medidas que se están a facer, tanto pola Xunta de Galicia como pola Deputación de Ourense, son anticipadas ao Real Decreto que o goberno de España está a tramitar con carácter de urxencia e que prevé a súa publicación nos vindeiros días. Lémbrolles, previsión e anticipación, pois non debemos esquecer, e por si alguén non o sabe xa que nunca gobernaron o país, e eu país entendo España

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

e non Galicia, que é unha autonomía galega ou iso creo, ata ao día de hoxe, falo de España e é o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente o máximo responsable de estipular as medidas obrigatorias, como xa dixo a compañeira voceira do Partido Socialista, para levar a cabo ese Decreto. E dende logo, a este grupo, por suposto, lle preocupan os agricultores da comarca da Limia, e máis a esta que lle fala, por razóns máis que obvias. Polo tanto, eu solo pido dúas cousas, seriedade e non facer partidismo de asuntos que teñen que ver co pan que teñen que levar moitas familias da miña terra para a súa familia e para a súa casa. Nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Si, moi brevemente, volver a lembrar que no noso país a Xunta de Galicia ten competencias plenas neste asunto, é a que ten que adoptar as medidas, e insistimos, sen esperar á resolución ou a un hipotético Decreto do goberno de España que de momento non chega; non podemos estar esperando, a Xunta de Galicia non pode ampararse na falta dese Decreto para empezar a tomar medidas, independentemente de que ese Decreto regule certos aspectos que despois a Xunta terá que implementar nas medidas que adopte, pero dende logo non serve de excusa para que a Xunta de Galicia non adopte, non faga uso das súas competencias e poña todas as solucións sobre a mesa para solucionar este problema. Despois, entendemos que é totalmente innecesaria a defensa do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, ou do Instituto do Campo, como xa entendemos que está facendo todas esas labores; pero nós aquí neste texto, que repito por si alguén non lle queda claro, se aprobou onte por unanimidade no Concello de Xinzo nun pleno extraordinario e foi un texto consensuado polos catro grupos políticos que temos alí representación; pois home, xa que estábamos falando deste tema, pois, aproveitemos para recordarlle as súas obrigas, que dende logo as está exercendo, non dubidamos diso mesmo. E dende logo rexeitamos que haxa alguén facendo partidismo, precisamente polo que acabo de explicar, que este foi un texto que se acordou no Concello de Xinzo de Limia por parte dos portavoces dos catro grupos que alí temos representación, co cal, partidismo ningún, unanimidade neste caso na defensa e en solicitar ou esixir, que é o verbo que decidimos adoptar alí precisamente a instancia do portavoz do Partido Popular, para que un problema que a día de hoxe, eu xa insistín varias veces nas miñas anteriores intervencións, non existe na comarca da Limia, non teñamos que preocuparnos del no futuro. Repito, información si, aquí tamén de feito falamos dunha campaña informativa, información si, alarmismo non. Trasladar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

unha mensaxe clara de que a comarca da Limia non está afectada, de que o tubérculo que aí producimos é de total calidade, con todas as garantías, como se acada de explicar, e o que queremos é que isto siga sendo así no futuro, a corto, medio e longo prazo. Nada máis, agradecer a boa predisposición de todos, entendemos que é un tema suficientemente urxente para que a unanimidade sexa a que presida calquera actuación. E nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o acordo acadado entre os grupos no transcurso do debate, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que adopte un plan específico para o control efectivo da praga da pataca, que conte coa dotación dos medios materiais e económicos que sexa preciso para a súa erradicación.

2º.- Esixirlle ao Goberno de España a publicación urxente do Decreto que regula as medidas para adoptar para o control e eliminación da praga da couza guatemalteca “Tecia solanivora, comunmente couza”.

3º.- Esixirlle á Xunta de Galicia para que de forma urxente tome medidas que eviten a propagación desa praga na Comarca da Limia e no resto da provincia de Ourense.

4º.- Que a Deputación Provincial, a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro (Instituto do Campo) realice as tarefas de análise e asesoramento técnico.

5º.- Solicitar de todas as administracións con competencias unha campaña de información para todos os sectores implicados.

10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA AUMENTAR A SEGURIDADE DO RURAL FRONTE ROUBOS, ASALTOS E OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de engádegas con número de rexistro 5.401, e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: ola de novo a todos. Xa como dixen nunha intervención anterior, un problema máis relacionado co despoboamento do rural. Xa dixen que a práctica totalidade, ou a case totalidade das mocións de hoxe gardaban unha relación entre si a través do fío condutor común do despoboamento do rural, que debemos deter e cuxa tendencia debemos investir. Uns dos aportes que hai que facer para isto é mellorar a seguridade do rural. Desgraciadamente o tema está de actualidade nos medios de comunicación e no ánimo de todos, porque xa sabemos cales foron os acontecementos recentes e non tan recentes, porque este problema xa vén de atrás. Quería dicirlle ao señor alcalde da Veiga que antes me dicía que presentásemos propostas, aquí ten unha; é non é a primeira que traemos a este Pleno relacionada coa mellora das condicións de vida no rural, non, aquí ten unha por exemplo e ten habido máis. Ben, todos coñecemos a problemática e o illamento en que viven moitos anciáns é consecuencia, por un lado, do despoboamento do rural, e por lado, da especial maneira de dispoñerse as poboacións en Galicia, en xeral, e na provincia de Ourense en particular. Sabemos que a provincia de Ourense ten unha poboación moi dispersa. Hai casiñas por todos os sitios. É o primeiro que lle chama á atención á xente que nunca veu a Galicia e vén doutras partes de España, pois que hai casas por todos os lados en vez de velas agrupadas en núcleos concretos e ben diferenciados. Ben, esa é a nosa conxuntura e así é a realidade. Iso fai que sexa moito máis doado, por desgraza, para certos desaprensivos o abordar á xente illada frecuentemente, e tamén a xente maior con pouca capacidade de defensa ou de pedir axuda, e pasa o que está a pasar. Dando por suposto que todos vostedes leron á moción, vou a ir directamente a cales poden ser as nosas propostas. Xa sabemos que as competencias directas en materia de seguridade cidadá son da Garda Civil, da Policía Autonómica, das Forzas de Seguridade do Estado; pero aquí pasa un pouco como en medicina, que o que importa é case máis a prevención que a cura; e na prevención si que temos competencias todos, na prevención e no fomento de elementos disuasorios, aí si que todos podemos aportar, non soamente os propios cidadán illados –que sempre poden facer algún aporte- , senón tamén as administracións en principio non relacionadas directamente coa seguridade, como son os concellos e as deputacións; pero si relacionadas coa seguridade nesta labor de prevención e disuasión. Entonces propoñemos que: *a Deputación a través da Subdelegación do Goberno inste á Dirección Xeral da Garda Civil para frear o repregamento de efectivos, deteña o desmantelamento dos servizos prestados por este organismo na*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

*provincia, así como para promover un maior grao de vixilancia especialmente pola noite polas patrullas. Teño aquí uns datos que non os vou a ler para non cansalos, que me pasou unha persoa profesional no asunto e que dá o desmantelamento dos efectivos que está tendo lugar en todo o país, en toda España, non soamente en Galicia, senón en toda España. Pero claro, este desmantelamento de efectivos que xa digo son, pois mira aquí di: desde o Goberno de Mariano Rajoy só en outubro do ano pasado quedaron sen cubrir 7.170 prazas de policía e 5.285 de garda civil. O Goberno da Nación recoñece unha falla de 12.400 efectivos de ambos corpos, etcétera. Estímase que entre 4.000 e 5.000 axentes xubilaranse nos vindeiros anos e vanse ir todos de golpe. Está tendo lugar como digo, salvo Ceuta e Melilla que aumentaron efectivos, a Garda Civil reduciu en toda España nalgún caso máis dun 23% dos efectivos, etcétera. Podería aínda cansalos con máis datos. Estanse desmantelando estes efectivos, pero isto que ao mellor no resto do país pode non ser tan grave, polas características en que se asenta a poboación, aquí a poboación distribúese de xeito distinto como dicía antes. Entonces, o que non pode facer o Goberno da Nación é *tabula rasa* como si todo o país, como si toda España, fose homoxénea e estes efectos e como si as necesidades da presenza da Garda Civil foran as mesmas aquí onde as casiñas están todas espalladas no rural, que aquelas nas que están concentradas. Entoncez por iso o noso primeiro punto, que se *inste á Dirección Xeral da Garda Civil pra frear o repregamento de efectivos*, polo menos na nosa provincia. Segundo punto: *que a Deputación preste aos concellos o asesoramento xurídico e técnico, nas medidas das súas competencias, que podería proporcionar e podería axudar a resolver este grave problema*. Son tamén competencias da Deputación e que podería contribuír a paliar o asunto. *Que a Deputación abra liñas de axudas económicas a cada concello na medida en que poidan ser potencialmente afectados polo problema*, por citar algunhas ideas, e aquí matizo que son ideas, digamos, que poden poñer en marcha outras ideas: axudas para a compra de material para a Policía Local (naqueles concellos que a teñen), impulsar a creación de grupos de voluntarios de Protección Civil ou similares, axudas para a compra de medios técnicos como mecanismos de alerta (dispositivos telemáticos de alarma ou de disuasión), formación para o persoal para aprender a usar estes mecanismos, contratación de empresas de seguridade profesional (cousa que xa se está facendo ao mellor en polígonos industriais, naves ..), pois poderíase face tamén, etcétera O do etcétera, como digo, deixa a porta aberta a calquera outra posible idea que poida contribuír a solucionar este problema, e tamén os propios concellos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

poderían facer as súas propias achegas, porque como dicía antes, a conxuntura de cada concello pode ser distinta, as necesidades de seguridade non teñen porque ser as mesmas nun concello que en outro. Entón quedaría aberta a posibilidade de que os concellos fixeran as súas propostas e a Deputación pois subvencionara a través desas liñas de axuda, pois, esa ideas que nós aportamos. De momento, na miña primeira intervención, nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. A verdade, e dito sexa con todos os respectos aos promotores da iniciativa, a descrición que fan parece sacada dunha película de terror. Este tipo de cuestións non se poden eludir, máis convén ser cautos e non contribuír innecesariamente a xerar máis alarma social da que xa existe, polo que, non estaría de máis que para alén de facer un relato descarnado de asaltos, e de recoller algún suceso mediático, se traía a este plenario unha fundamentación baseada en datos estatísticos reais, mais que en describir o *modus operandi* de bandas criminais. Á vista dos datos proporcionados polas autoridades podemos extraer varias conclusións: Galiza ten un índice de criminalidade por baixo da media, e os recortes producidos ao longo destes anos afectaron en grande medida á redución do cadro das forzas e corpos de seguridade do Estado, como xa se explicou, que na actualidade é de 5.188 Gardas Civís, 2.621 Policía, tan so 440 axentes da policía autonómica e 2.400 policía locais, que actúan só loxicamente nos concellos onde existen, claro está. Por iso, pese aos datos positivos (se é que se poden considerar positivos) ao falar de datos de criminalidade, a mingua de efectivos, as vacantes sen cubrir, supoñen un serio problema para a organización do traballo por parte das forzas de seguridade. Os sindicatos policiais falan de déficits de máis do 20%, o que está a provocar o peche de comisarías e cuarteis, especialmente nas zonas rurais. Isto ten un impacto especial na nosa provincia, que ten a metade dos núcleos de poboación do Estado. Unha poboación cada vez máis envellecida, e por tanto máis vulnerable, e un nivel de dispersión dos maiores. Todas estas cuestións son coadxuvantes e contribúen a agravar as condicións de seguridade nas zonas rurais, que son nas que se experimentou unha leve suba de delitos, especialmente os roubos. Con todo, debemos concordar en que a seguridade pública debe ser un servizo público esencial, e estar adecuadamente atendido polas administracións competentes. Niso, tamén a parte dispositiva está ponderada e contén medidas razoables. A única cuestión é pór de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

manifesto que este problema agrávase pola falla dunha política propia de seguridade en Galicia, cunha policía galega que no seu despregue tivese en conta a realidade xeográfica do país. Certamente, o repregue da Garda Civil decídese en Madrid, e non en función da política de seguridade que precisa Galiza senón da política de recentralización, de recortes que se practica en todos os servizos públicos, tamén neste. Por iso, a solución non é simplemente deter un repregue de corpos policiais estatais, ou reforzar as policía locais co apoio da deputación (medidas positivas mais que consideramos insuficientes) senón asumir dunha vez por todas a creación da policía galega. Lembrar que hai unha Lei aprobada do Parlamento aprobada desde 2008 pero que nunca se executou, o Partido Popular e o Sr. Feijoo pasaron dela, que permitiría un despregue e atención a todos os concellos do país, partindo da realidade e criterios propios de actuación e non en base ás directrices de Madrid, que en moitos casos, tamén neste, non atenden ás necesidades de Galiza. De aí que estando no substancial de acordo coas propostas, cremos que sería importante engadir o punto que recollemos na nosa emenda, e aí como o grupo propoñente estaba aberto ás achegas de todos os grupos, nós fixémoslo coa mellor das nosas vontades de construír en positivo e sería una emenda de engádegas na que instaríamos *ao Goberno galego a negociar coa Administración do Estado a creación e implantación real da Policía Galega, ao abeiro do marco xurídico aprobado no Parlamento de Galiza por unanimidade, e priorizar na súa actuación o reforzo da seguridade pública nas zonas rurais do país*. En todo caso, estamos de acordo coa moción co cal vómola votar positivamente, vómola votar a favor e, pois, solicitar en todo caso do grupo propoñente a engádegas que propoñemos, nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Con brevidade, estando de acordo coa diagnose que se fai da problemática na exposición de motivos, a verdade é que non o estamos tanto xa no tema das propostas. Estamos de acordo na primeira, pero nas outras non tanto e agora direi polo que. Trátase, como ben se di, dun problema principalmente de seguridade cidadá. Son necesarios máis medios humanos e materiais, non vou redundar no xa aquí comentado, na falla de efectivos sobre todo da Garda Civil que é a que se encarga nas zonas rurais; pero entendemos que non so é un problema de seguridade cidadá, vai un pouquiño máis alá tamén. Estamos diante dun problema social con moita xente maior no rural. Xa temos falado moitas veces dunha pirámide de poboación invertida, sobre todo no rural, con elevados índices de avellentamento e de dependencia. Por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

iso nos parece que se debería traballar máis e aí é onde se podería cooperar cos servizos sociais dos concellos porque traballan dende preto, coñecen moita da problemática das persoas soas, que están sos nas súas casas e, moitas veces, son os únicos veciños e veciñas que viven nestes grupos de poboación do rural. Necesitaríase un censo desas persoas, traballar con elas desde os concellos, como xa dixen, en colaboración coas forzas de seguridade cidadá, e facer un traballo preventivo. Por iso era tan importante estender esas axudas contempladas dentro dos programas sociais, dentro do programa BenOurense, a todos os concellos da provincia e aí hai uns plenos coa nosa emenda a ese programa para que se estendese a todos os concellos da provincia; máis alá do traballador social porque moitas veces, como xa dixemos no seu día, os traballadores sociais dos concellos á hora de cumprimentar co traballo que teñen que cumprimentar toda a documentación que teñen que enviar á Xunta, non poden facer moitas veces un traballo de intervención social, que sería tan necesario nestes casos. Falo de programa de seguridade cidadá, sobre todo, coa necesidade de incrementar efectivos, dunha problemática social. E indo xa ás propostas, nós a proposta que lle facemos ao grupo proponente da moción, nós estamos de acordo de votar a favor o primeiro punto, pero non o estamos dos outros dous, pola súa concreción no dous e no punto tres; porque algunhas das propostas que se mencionan aquí entendemos que son a título de exemplo, como xa se dixo, non as vemos acaídas para o caso; como no caso dos policías locais, é dicir, moitos dos concellos do rural carecen de policía local e incluso os que o teñen, fan labores no núcleo urbano e non nas zonas rurais dos propios concellos. E outros implementos da proposta nos dan un pouco de medo, como son os grupos voluntarios de protección civil. Tampouco estamos de acordo en subvencionar á empresas de seguridade profesional, iso non o podemos apoiar, falo das empresas de seguridade privada, non o podemos apoiar de ningunha das maneiras; entendemos que este é un servizo público e básico do Estado. É esa é, como xa digo, a primeira intervención. É dicir, a nosa proposta é que apoiariamos sen problema ningún a proposta primeira, pero nas outras dúas vémonos na obriga non poder votar a favor. Moitas grazas.

D^a. Ana María Villarino Pardo, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas Sr. presidente. Moi bo día a todos. O voto do Partido Popular vai a ser en contra, tanto da proposta presentada por Democracia Ourense, como á emenda de engádegas que presenta o BNG, polas cuestións que vou a expoñer. Sr. Ojea, o que presenta vostede é a radiografía dun rural

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

pobre, sen vida e no que vivimos con medo constante; textualmente di: *o panorama habitual consiste en pequenas aldeas nas que apenas permanece algún ancián, di tamén estase a sementar o terror entre a poboación de máis idade do rural, en moitos casos, como temos dito a única que permanece nel.* Qué rural coñece vostede, Sr, Ojea? Despois de ver esta moción é evidente que vostede, e o grupo político que representa, non o coñece suficiente. Eu como deputada provincial, pero como alcaldesa dun concello do rural, a verdade é que sinto pena que un representante provincial teña unha visión tan negativa da maioría dos concellos da nosa provincia. Dende logo invítooo a coñecer en profundidade a nosa provincia, o noso territorio, e eu persoalmente invítooo a que veña a Oímbra, a que nos visite e a que coñeza os nosos servizos, invítooo a que visite a nosa escola infantil, o noso colexio, o noso centro de día; porque no rural tamén vivimos xente nova que necesitamos traballar e necesitamos ter servizos para, como nas vilas e nas cidades, conciliar a vida laboral e familiar. Dende logo que hai roubos no rural, pero tamén nos hai nas vilas e nas cidades, en vivendas de rúas ben céntricas das mesmas. Con respecto ás propostas que vostede fai, quero face algún comentario. Con respecto á primeira, na que di que *a Deputación a través da Subdelegación do Goberno inste á Dirección Xeral da Garda Civil*, quero dicirlle que a Deputación Provincial, si ten que dirixirse pois a Dirección Xeral da Garda Civil ou a calquera outro organismo, ten entidade e peso suficiente para facelo por si mesma e non necesita facelo a través da Subdelegación do Goberno. Con respecto ao punto número dous que fala de que *“a Deputación preste aos concellos asesoramento xurídico e técnico”*, quero dicirlle que esta casa presta asesoramento técnico e xurídico a todos os concellos da provincia, calquera que sexa o tema que eles presenten. Dende logo, o asesoramento técnico e xurídico está no ADN desta Institución. Con respecto ao punto número tres, que di que a Deputación abra unha liña de axudas e fala da policía local; dende logo non sei que concellos do rural coñece que teñan policía local, pero ben. Esta Deputación si é certo que ten co - financiado obras de reforma en distintos cuarteis da Garda Civil, ten axudado a adquirir material a distintas Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Tamén sería bo, aínda que o seu grupo non xestione ningún concello, que interiorice o significado da tan mencionada expresión *“autonomía municipal”*. Todos os concellos da provincia, todos, temos á nosa disposición o Plan Provincial. Anualmente contamos cun diñeiro, onde cada concello ten autonomía para decidir en que o vai gastar, e dende logo, si algún concello considera que é importante investir en seguridade, poderá facelo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

Para rematar, Sr. Ojea, no rural non só existen maiores como vostede refire, senón tamén existe xente nova que merece políticos que presenten propostas en positivo, que ofrezca oportunidades para traballar e vivir no rural. Neste senso, o noso presidente e o seu grupo témolo moi claro (xa antes o referiu o meu compañeiro de bancada), e froito deste compromiso e a aposta clara polo rural, e onte mesmo, nesta mesma casa, se presentou un proxecto pioneiro na nosa Comunidade Autónoma que pretende dar oportunidades reais aos poboadores do rural. Sr. Ojea, deixemos de compadecernos dos que vivimos no rural e apostemos decididamente por eles, por nós. En canto a emenda de engádegas do BNG, dicirille Sr. Rodríguez Suárez, que está falando dun tema competencial da Administración autonómica e estatal, e para iso todos os grupos temos aos nosos representantes alí. Por miña parte, nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: ben, vou a empezar pola mesma orde en que falaron os portavoces. O que dixo o BNG das estatísticas recórdame a aquel vello chiste do polo, si, *si usted se come un pollo y yo ninguno*, no, *¿cómo es?*, *si usted no se come ningún pollo y yo me como un pollo, entre los dos, de media, nos comemos medio pollo*. Ben, falaba de que a sinistralidade, a media da sinistralidade é baixa, si, pero iso é unha media. A media, si nas cidades aumenta a seguridade e no rural diminúe, a media pode subir. Aquí, nisto do que estamos falando, non ten moito sentido falar de medias. A parte que hai determinados casos illados que inciden moi pouco nas medias pero que son moi importantes, por exemplo, un caso dun asasinato ao mellor non incide moito nunha media de sinistralidade, pero é un caso raro que ten moitísima importancia. En estatística hai unha distribución que se chama distribución de Poisson que fala precisamente da importancia dos casos raros, pero ben, non nos imos meter niso. Quero dicir simplemente, señor do BNG, pois que non me veña con estatísticas porque o que nós pretendemos é que, hai unha sinistralidade específica no rural galego – rara noutros lugares - polas características, como dicía, da poboación e temos que ter a Policía, ou sexa a Garda Civil, a quen sexa, temos que ter en conta iso. Vamos a aceptar a súa emenda porque, xa dixemos, que todo o que entendamos que é aportar, vámolos aceptar. E señor do Partido Socialista, nós xa dixemos que as axudas ían a ser, debían ser para os concellos no que eles estimaran oportuno, segundo as súas necesidades e segundo as súas conxunturas; e que estas eran ideas, ideas que poderían facer florecer outras ideas; e, como nos explicou aquel famoso pedagogo en su *Gramática de la fantasía*, como se chamaba

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

Gianni non sei qué, que as ideas veñen de chocar unhas coas outras. Entón estas son uns exemplos para que despois vostedes aporten as que queiran, por iso pon aí etcétera. En todo momento se di que son ideas, deixando a porta aberta á autonomía municipal, desde o primeiro momento. Que os concellos sexan eles os que digan cal pode ser a mellor maneira de axudalos neste sentido, e despois a Deputación lles faga esa clase de achegas. No que di nas empresas de seguridade, nós non vemos ningún problema en que se contrate unha empresa de seguridade; de feito contrátanse empresas de seguridade, pois, para instalacións deportivas, nos edificios de facenda, nos edificios, en prisións, etcétera. Non temos, digamos, demonizada á empresa privada, nin sequera ás empresas de seguridade. Unha empresa de seguridade é unha empresa que presta un servizo, están perfectamente reguladas, están perfectamente normalizadas e ben, en casos puntuais tamén se fai pois para vixiar centros como polígonos industriais. Si é unha labor de vixilancia, non hai ningún problema en que poda ser unha empresa privada, si soamente é para vixiar e en caso de que haxa algún problema chamar inmediatamente á Garda Civil. E iso ata o pode facer unha persoa calquera, vixiar e si ve algún problema, chamar á Garda Civil. Non entendemos esa reticencia ás empresas de seguridade privada. Señora portavoz do Partido Popular, mire, eu procedo do rural, os meus pais viven no rural. Eu coñezo a provincia de Ourense, eu coñezo o seu concello e eu traballei para o seu pai, pódello dicir o Sr. Plácido, que está aí, que recorrín a provincia enteira, concello a concello, Sr. Plácido, aporte este dato. Recorrín a provincia enteira, concello a concello, moitas veces organizando actividades, moitas. Plácido, dígallo, vale. Entón non me veña agora con que non coñezo a provincia, con que non coñezo Oímbra, porque coñezo Oímbra perfectamente, como os pementos cando hai que comelos, e traballei para o seu pai, alcalde, fai trinta anos. Sr. Plácido, dá fe, dá fe. Entonces non me veña a dicir a min que non coñezo a provincia, que non coñezo o rural. A xente do rural coma os meus pais que viven sos nunha fica (viven sos, afortunadamente non moi lonxe -12 km- cando me chaman urxentemente en 10 minutos, 15, estou) teñen medo, teñen medo. A xente maior ten medo. Claro que hai xente nova, nalgún concello máis ca noutros. Tamén traballei na Veiga, xa llo dixen un día ao alcalde da Veiga, para Vicente García Carrasco, ¡por favor!. Entonces a xente do rural ten medo, non é unha invención, ten medo. É un dato obxectivo, a xente ten medo. A xente maior ten medo, primeiro porque é maior, indefensa, vese que non se pode valer e xa ten un medo, digamos estrutural, xa é estrutural polo feito de ser unha persoa maior. E despois, estes acontecementos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

fan que se incremente o medo e esta xente xa sabe facer de maneira que teñan medo, porque si a xente ten medo, élle moito máis fácil actuar. Élle moito máis fácil actuar si teñen medo, que senón teñen medo. Vostedes, claro, están preto dunha gran poboación como é Verín, que tamén coñezo, entón claro, a o mellor aí, ben, e a zona da Raia, sempre foi ao mellor máis avanzada en moitas cousas e digamos máis cosmopolita pola súa propia natureza. As zonas raiotas, en certos aspectos, sempre foron cosmopolitas e tal, por ter Portugal tan cerquiña. Pero hai outros sitios onde a xente vive, ben, pois esa xente, cada concello que diga o que saiba. A vostede seguro fallaríalle o subconsciente pola natureza concreta do seu concello, entón vostede coñecerá moi ben o seu concello; pero entón vostede extrapola o seu concello a todos os demais, ben, haberá xente nova no seu concello, xente que non ten medo, pero non extrapole. Despois di que a Deputación xa dá asesoramento xurídico e técnico cando fai falta, pois entón vote a favor desa proposta. Si estamos pedindo algo que xa fai, pois moito mellor. E logo xa lle digo que non entendo esa actitude que tivo cara o noso partido, eu que son unha persoa que veño do rural, que vivín no rural, que vivín no rural e sei perfectamente como é a vida no rural. Recorrín a provincia de norte a sur e de leste a oeste, como cantaba a canción do Serrat; e venme a dicir que faga visitas polo rural, e venme a dicir que a xente non ten medo cando falando por aí, a xente ten medo, ten mediño, claro que ten mediño. Estamos dicindo todo o tempo que a poboación está avellentada, que solo quedan os velliños e agora vén vostede a dicir “*no, el rural es un espacio floreciente de juventud*”, ¡home, por favor!. Nada máis.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: si, con brevidade. Sr. Ojea, parécennos ben as ideas, están ben, e a amplitude de miras; pero claro, nós para apoiar a súa moción, nas súas propostas gustaríanos un grado maior de concreción. Porque, a ver, roubos no rural, como xa se dixo aquí, os houbo, os haberá e os seguirá habendo; pero claro, poñámolo no seu xusto termo, porque isto tampouco é Venezuela nin tampouco nos gustaría ir cara un modelo como o de Estados Unidos onde a xente vai armada ata os dentes. Creo que esa non é a solución, de aí as nosas reticencias cara modelos de seguridade privados ou de armas ou de vixilancia por doquier. É dicir, hai un problema como ben se dixo aquí de falla de medios, na Garda Civil sobre todo, de que non se cobren as prazas. Por iso estamos de acordo no seu primeiro punto e parécenos ben, parécenos que ese é o camiño. E tamén este problema vese agravado no rural, pois, por un problema como xa se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

dixo, e é certo, de avellentamento. Non hai máis que mirar ás pirámides de poboación de avellentamento, de dependencia, de xente que está sola, e de soidade tamén en moitos casos. É dicir, tamén ten un enfoque social, por iso nós puñamos fincapé neste tema, e é aí por onde se podería enfocar á axuda da Deputación cara os concellos. Pouco máis que dicir, nós lamentamos moito, xa digo, porque nos preocupa este problema e porque estamos de acordo no seu primeiro punto, pero vista á moción nunha globalidade, si só fora no punto un, nós votabámoslla á favor, pero vista a moción na globalidade non podemos votar a favor e sentímolo, precisamente por esa falta de concreción e porque, nalgunha medida non estamos de acordo con elas. Con respecto á emenda do BNG, que ben, a aceptará vostede ou non, nós dicir que, aínda estando a favor como xa votaron no seu día os nosos compañeiros a favor dunha policía autonómica galega que non acaba de arrancar, non vamos a votar a favor da emenda porque a nós daríanos igual que sexa a Garda Civil ou que sexa unha policía galega. Si é unha Garda Civil que coñeza á realidade do territorio tamén nos serve, pero é que a problemática non a vai a solucionar que haxa unha policía autonómica cos mesmos medios que ten a Garda Civil. Necesitamos precisamente máis medios. Pouco máis pola nosa parte.

D^a. Ana María Villarino Pardo, do Grupo do Partido Popular: si, moitas grazas. Sr. Ojea, para a súa tranquilidade, imaxino que xa sabe que xa existen as Xuntas de Seguridade na Subdelegación coa participación dos políticos locais, e deixemos xa, dunha vez por todas, de pintar unha radiografía negra e triste do rural e fagamos política en positivo. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: a ver, en canto á emenda do BNG parécenos acaída, como dixen, porque aínda que os números da Policía ou da Garda Civil, os comandantes de posto, poidan coñecer a realidade mellor que os de Madrid, os que deseñan a estratexia son os de Madrid, e aínda que os propios gardas civís puideran saber o que tiñan que facer para adaptarse mellor ás circunstancias concretas da nosa provincia, os que mandan en Madrid non as saben tan ben; entón nese sentido si que nos parece moi correcta a proposta do BNG, de aumentar as competencias do que xa existe que é a Policía Autonómica galega. O outro día nunha xunta do concello, pois, un concelleiro do goberno dicíame: *onde está a Policía Autonómica que non se lle ve?*, a verdade é que ten poucas competencias e habería que amplialas, como xa está aprobado que se poña en marcha esa policía galega e que faga o seu traballo. Esa engádega si que a estimamos positiva. E vólvolle a dicir ao portavoz

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

do PSOE, a concreción última é a dos concellos, non me pida concreción a min. Non nos pida concreción a nós porque cada concello ten a súa conxuntura, ten as súas circunstancias, ten as súas particularidades, entón son eles os que teñen que concretar, non me pida a min ser concreto para os noventa e pico concellos da provincia. Eu teño que ser, ou nós temos que ser, algo abstractos, que terminen de concretar os concellos que xa é o que estamos dicindo aquí, que cada concello, pois, nós damos as directrices xerais, damos algunhas ideas, como ideas xa digo, non como imposicións, para todos os concellos e nada máis. E o que me dicía a señora portavoz do PP da Policía Local, si que hai concellos con policía local. Na Gudiña había un policía local, o pobre morreu, non sei si agora puxeron outro. Había un policía local alí sempre, dirixindo o tráfico, na estrada que vai para Allariz. E hai outros que teñen Policía Local e si hai, ou ao mellor un alguacil ou o que sexa. Entón si o concello o ten e se lle pode axudar desde a Deputación a comprarlle o uniforme, ao que sexa, tanto mellor. Entón, ben, nós non facemos alarmismo, nós estamos deseñando unha realidade que importa pouco ao mellor a realidade obxectiva, o que importa é a realidade subxectiva. Si a xente ten medo, ten medo; iso non vai a aparecer en ningunha estatística, porque iso non se pode saber. De momento non podemos facer unha espectrografía do cerebro da xente é dicir, mira e que hai tanta porcentaxe de xente que ten medo. A xente ten medo, facemos unha avaliación subxectiva en base ás declaracións da xente coa que falamos que vive no rural. A xente maior ten medo, entón tamén hai que aportarlle ese factor psicolóxico de seguridade, porque os policías e a Garda Civil saben moi ben que moita da seguridade tamén está na parte subxectiva. Sabe cal é o mellor negocio do mundo? O mellor negocio do mundo son os seguros e por que? Porque xestionan o medo. O medo é o mellor negocio do mundo, por iso funcionan os seguros e por iso a Lloyd's e estas grandes corporacións de aseguradoras teñen os beneficios que teñen. Se non tiveramos medo, o negocio dos seguros non sería nin a metade do que é. E nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e dado que Democracia Ourensana aceptou a emenda de engádegas do BNG, a Presidencia somete a votación a moción coa emenda de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

engádega, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención do BNG (1).

11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA ELABORAR O PLAN DE TURISMO CULTURAL E CREATIVO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: bo día aos señores deputados e deputadas. Confío en que despois de dar coñecemento da miña exposición, pois, queden en todo caso, pois, disipadas aquelas pequenas dúbidas, porque vin na comisión que aos grupos parecíalle ben a moción que foi levada á comisión. Moción do Grupo Popular para elaborar un plan de turismo cultural e creativo na provincia de Ourense. Ourense é cultura, Ourense é patrimonio, Ourense é creatividade, Ourense é arte, Ourense é turismo. A Deputación de Ourense ten claro que unha das nosas fortalezas é o potencial turístico e cultural da provincia termal. Converter esta fortaleza en eixo de desenvolvemento económico é unha aposta do goberno provincial, perfectamente explicada nos plans de mandato Ourense 92 e Ourense 15-19. Esta Deputación fai compatibles actuacións de reivindicación da nosa etnografía e das cuestións culturais tradicionais, con converter Ourense en centro de debate da vangarda creativa nacional. Así, seguimos organizando quizás o maior evento cultural daqueles concellos onde se celebran as Xornadas de Folclore; xestionamos unha extensa programación en centros dependentes desta institución, como o Teatro Principal ou o Centro Cultural *Marcos Valcárcel*; contamos cunha excepcional embaixadora, cultural e musical, como é a Real Banda de Gaitas; mantemos a Escola Provincial de Artes e Oficios; goza de recoñecido prestixio o Centro Cultural Popular *Xaquín Lourenzo*; o consello asesor de publicacións selecciona as obras de interese ourensán que publicamos ano tras ano. A cultura con maiúsculas. E tamén dende o ano 2015, aposta polo futuro da vangarda con eventos como o Ourense ICC Week, a semana das industrias culturais e creativas. No seno deses debates, queda claro que Ourense pode xogar un papel central no desenvolvemento da *economía laranxa*, aquela dirixida a xerar economía da cultura, do turismo, da gastronomía. Por iso temos que contar cunha estratexia neste ámbito. Por iso o presidente anunciou, no debate sobre o estado da Provincia, un Plan provincial de Turismo Cultural e Creativo; e así será, esa é a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

realidade. Unha realidade con criterios técnicos, evidentemente, amplamente participativa e tendo en conta a experiencia positiva seguida en territorios onde a súa execución conlevou beneficios, beneficiosas consecuencias, no ámbito económico directo e tamén no posicionamento de marca. Un plan que constituirá unha folla de ruta ambiciosa, que seleccione e priorice, que formule propostas claras, onde a cooperación sexa unha das verbas máis utilizadas. Porque este goberno non deixa nada para a improvisación, velaí os plans de mandato, o seu cumprimento, a súa previsibilidade e a planificación. Cuestións que derivan na recuperación da facenda provincial para acometer novos proxectos e seguir innovando publicamente. Calquera neófito coñece que turisticamente deben fixarse elementos tractor que tiren do resto dos elementos que conformen unha certa integral; nace así xa hai décadas o concepto turístico preponderante en guías de viaxes e mapas turísticos, coñecido como *Top Ten*: aqueles dez lugares imprescindibles dun territorio que espertan a curiosidade dos visitantes e que actúe como *ranking* que impulse o desenvolvemento turístico. A todos nos veñen á mente espazos desta provincia que deberían formar parte dese escaparate, por exemplo: a ponte vella de Ourense, San Pedro de Rocas, o mosteiro de Oseira, os balcóns de Madrid, as Ermidas...e paro porque senón estaría xa predeterminando unha selección que debe facerse con criterios técnicos, en base a unha estratexia onde tamén conte a opinión da xente. Eses 10 tiran do resto, como pasa en todas as partes turisticamente ben promocionadas, como acontece coa nosa condición termal que constitúe o efecto chamada de Ourense e que serve para que, quen nos visite, descubra a nosa riqueza gastronómica, paisaxística, monumental, etnográfica e tamén as inmensas posibilidades educativas e pedagóxicas, nas que a nosa provincia é unha verdadeira enciclopedia. O punto tres, refírese á posta en valor concreto destes puntos, explícome. Si alguén quere hoxe en día visitar Santa Comba de Bande, non existe guía ou persoa que se ocupe de manter aberto o monumento ou subministrar información sobre o mesmo. A iso nos referimos, a que o visitante teña cumprida información e garantía de coñecer, por estar aberto e operativo, como si sucede noutros lugares e espazos de interese arquitectónico, ese lugar de referencia. Por iso estudamos a fórmula de colaborar con outras entidades para ofertar este servizo e colocamos no texto do acordo á Facultade de Empresariais e Turismo do Campus de Ourense, para poñer en valor o papel desta titulación nunha provincia que debe aproveitar ese potencial académico e esa formación; en ningún caso para establecer ningún tipo de discriminación positiva, esa que en moitas ocasións demandan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

rachando a coherencia do discurso que manteñen cando agora invocan esa discriminación. E convén dicir que existen fórmulas para establecer unha liña de colaboración con esta facultade, co mesmo Campus, mediante convenios que establezan bolsas, por exemplo, sempre para garantir o fin perseguido: a prestación dun servizo turístico. Cuestión clave para que poidan xurdir iniciativas públicas e privadas complementarias que xeren riqueza e creen emprego. Ese é o noso reto, agardo que o compartan. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas sr. presidente. A verdade é que unha vez lida a moción tiñamos a sensación de que, aínda partindo dunha realidade coñecida, cal é o enorme potencial que atesoura esta provincia, tiña un punto de pretenciosa, pois situar a ICC Week na vangarda da creatividade é, ademais de ousado, falaz. No mesmo senso, falar de economía laranxa, un concepto cada vez máis en boga, deses que tanto lle gustan ao presidente, dista moito da realidade que temos diante dos ollos. Certamente, a *economía laranxa* está revolucionando o sector creativo. É unha oportunidade para tomar en conta o talento de outros, intercambiar ideas e dar vida a un produto completamente innovador e cheo de valor intelectual. Esta atopa un antecedente na economía creativa, un concepto que foi desenvolvido por John Howkins, autor do libro “*La economía creativa: transformar una idea en beneficios*” publicado en 2001, que comprende os sectores nos que o valor e os seus bens e servizos fundaméntanse na propiedade intelectual: arquitectura, artes visuais e escénicas, artesanías, cine, deseño editorial, investigación, xogos, moda, música, publicidade, software, televisión, radio e videoxogos. Para facerse unha idea da cada vez máis crecente importancia desta economía dar un dato: en termos de xeración de emprego, en 2011, dos 3.266 millóns de traballadores e traballadoras no mundo, a economía laranxa xerou 144 millóns de empregos. Na moción, hai unha mestura de economía laranxa co turismo. Coa escusa da *economía laranxa* de creatividade e cultura, o que realmente parece que queren e facer é outro plan de turismo. Na *economía laranxa* o turismo que se contempla é o do patrimonio cultural material e inmaterial, e é unha parte máis da *economía laranxa*, e non a central. E que o termalismo sexa un patrimonio cultural, resulta, dende o noso punto de vista, como mínimo discutible. Sería máis patrimonio cultural o viño, en cuxa elaboración hai unha intervención cultural e creativa do home, e Ourense ten 4 denominacións de orixe e nin fan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

referencia a elas. Por que voltan falarnos, por enésima vez, de elaborar un Plan de Turismo Cultural e Creativo?. E que acaso non hai plans abondo, que custaron inxentes cantidades de diñeiro, que describen con todo luxo de detalles cales son as nosas fortalezas e debilidades no sector turístico e creativo? Ou é que non os coñecen?, pois so por citar dous, elaborados por esta deputación, están o Plan Factor e o Plan Estratéxico, feito por unha empresa de Euskadi, LKS, que custara máis de 100 millóns de pesetas daquela. Que foi das moitas e variadas recomendacións que se contiñan neles? Por qué non se puxeron en marcha? Vostedes voltan unha vez máis a marear o paspallás. Fagamos mil e un plans para aparentar que facemos e así ter o pretexto perfecto para xustificar a nosa incapacidade. A sensación que nos da a nós, e logo de escoitar as explicacións na comisión informativa, é que non saben o que queren facer, ou si. Supomos, a falla doutras explicacións máis rigorosas, que o que pretenden é facer un documento á medida para os 10 destinos de Ourense que vostedes consideren de "excepcional valor turístico" (en que quedamos, non debería ser de excepcional valor "cultural" ou "creativo"? para despois xustificar os investimentos da deputación neses lugares e non en outros...Non sei de que me soa isto, é unha especie de *dèjà vu*. .E non sei se foi porque ás veces o subconsciente xoga malas pasadas que o señor Doval repetiu en varias ocasións as palabras: termalismo e Manzaneda. E como vai ser ese proceso de selección dese *top ten*? Quen o vai facer, con que criterios? Outra mestura destas do PP para xustificar un investimento que deben ter previsto nalgúns lugares "turísticos" coa xustificación agora da *economía laranxa*... Para o termalismo non teñen xa un plan especial?. Déixense de ocorrencias ou déixese de ocorrencias e deixen de gastar cartos, e aproveiten o moito e variado traballo que xa existe, seguro que nos moitos plans que xa hai elaborados atoparán medidas que contribuirán a dinamizar a provincia. O que fan falla son menos plans e máis recursos económicos. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana: sí, buenos días a todos. No sé si ya lo dije aquí una vez, pero esto me recuerda, esta moción, la visión que tenemos en Democracia Orensana de esta moción, al chiste aquel de la persona que entra en una peluquería y le coge el aprendiz con la navaja y le quita un trozo de ceja al cliente, no, entonces le quita un trozo de ceja y le dice el jefe al aprendiz: “¿pero qué demonios estás haciendo al cliente?”. Entonces coge una silla y se la tira al aprendiz, el aprendiz se agacha y le da al cliente. Luego sigue cortando, le sigue afeitando y le quita un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

trozo de labio, entonces va el jefe “*¡pero, ay Dios mío, qué le hiciste al cliente!*” y éste le va a pegar un bofetón, se agacha el cliente, perdón el aprendiz, y le da al cliente. Sigue afeitando y le quita una oreja y entonces le dice el aprendiz al cliente “*oiga señor, que le he cortado una oreja*” y le dice “*es igual, písala, pero que no la vea tu jefe, si no me escaralla*”. Pues esto igual, cuando hablan de un tema, de un plan, pues ya es para echarse a temblar. Un plan de la Diputación que dice que va a generar empleo, o sea, é mellor xa queimalo. Si chego a ser eu, si dependera de min que pasara algún trámite, queimábao, porque xa sei o que vai pasar: generar pérdidas como todas as ideas que teñen vostedes. Aquí, al que está detrás de todas las mociones, que es aquí José Manuel Baltar, le gustan los nombres más que a un tonto una tiza. Entonces, coge una provincia como es la provincia de Orense, que es la última de España en prácticamente todo, según los datos, y entonces necesita inventarse un nombre y entonces le dice “provincia inteligente”, a la provincia última de España le llama “provincia inteligente”. Al tema este de aquí, pues cogen y se van a lo que está más de moda, que es el rollo este de la economía laranxa, *orange economy*, o que queiras, de una provincia que es –y ahora vamos a dar ahora los datos, lo que importa- la última en casi todos los parámetros. Mire, nos metieron en un gasto tremendo con la Vuelta Ciclista a España hace poco, que fue en el verano, aportó dinero la Diputación de Orense y aportó principalmente mucho dinero la Xunta de Galicia. La Vuelta Ciclista a España creo que nunca en la historia estuvo cuatro días en una provincia, algo impresionante. La promoción para Orense se suponía que era espectacular porque, hombre, cuatro días enteros saliendo en televisiones internacionales la provincia de Orense, eso tiene que tener una repercusión, no obviamente en el mes de agosto; aparte de que hay una población flotante por los ciclistas y todo el equipo, es la repercusión que va a tener en el turismo. Bueno, pues los datos de mes de diciembre, que son los que importan, de este 2016, cuatro meses después de la Vuelta Ciclista a España, Orense tuvo la menor ocupación hotelera de toda España, la menor ocupación hotelera de toda España en el mes de diciembre. Entonces, ¿de qué sirvió que viniera aquí la Vuelta Ciclista a España? ¿Por qué? Porque la publicidad es uno de los temas más complicados que hay. A mí me llama la atención que una persona que no tiene ni idea de esto, bueno yo no sé si en el PP tienen alguno que sepa de esto, pero cogen a una persona para hablar de la industria turística, el señor Doval, alguien que yo sepa no tiene ni idea. Vuelven aquí otra vez, en el enunciado de la moción, diciendo “*Esta terra*”, Orense, “*as súas xentes traballadoras, emigrantes*”, e volve co rollo de que emigrantes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

é unha característica boa que temos nós que destacar, non quedaron escarmentados da outra moción? Volve co rolo dos emigrantes. Ser emigrantes é unha maldición, hombre, que no nos queda máis remedio que emigrar, e vólveo a poñer como que realmente é un luxo ter aquí emigrantes. Entonces, ¿qué estaba diciendo? Estaba hablando de lo difícil que es quitar rentabilidad a esto. Mira, tenemos uno de los mayores puntos turísticos que hay en Galicia es a praia das catedrais, en Lugo; bueno, pues está petada. No hay ningún sitio en Orense que pueda tener eso, ni soñar con tener la gente que tiene ahí. Decía el alcalde, el alcalde de la playa de las catedrales, que no saben cómo rentabilizar eso, no sabe, porque la gente llega, ve eso, está un día y se va. Entonces no sabe cómo rentabilizar eso. Hablo de la playa de las catedrales con miles y miles de tal. Tenemos la aplicación de la red social de Twitter que obviamente tiene más millones de usuarios que visitantes de España de turismo, que España tiene setenta millones al año; Twitter tiene centenares de millones. ¿Cuál es el problema de Twitter? Que el modelo de negocio no saben cómo explotarlo para que sea rentable. Facebook lo está empezando a encontrar, pero Twitter no sabe cómo rentabilizar esa cantidad de gente que tiene. Yo ya hago incidencia aquí que fui la persona que organizó la primera carrera de escaleras que se hizo en Europa, que fue en el Hotel Bali y tuvo una repercusión tremenda porque salió en todos los medios de comunicación, en el Hotel Bali de Benidorm. Y me decían los dueños del hotel que no tenían claro que se tradujera en alguna rentabilidad económica, es decir, no le aumentaron las habitaciones de un año para otro por el tema de la carrera. Con esto quiero decir lo que dicen un poco los expertos, que el 70% de la publicidad no sirve para nada, con esto no digo que la publicidad sea mala, estoy diciendo que es difícilísimo dar con el punto para que realmente sea rentable y la prueba está en la Vuelta Ciclista a España. Hemos tenido aquí un escaparate fuera de lo normal, fuera de lo normal, mucho más del que se puede llevar con esta idea que traen aquí y ¿en qué se tradujo en visitantes? En nada, cero. Ourense es la última provincia de España en ocupación hotelera del mes de diciembre, en el año de la Vuelta. Entonces, que repercusión tuvo eso, nada de nada. Yo no conozco tanto la provincia aquí como Armando Ojea, que es una de las personas que más la conocen junto a aquel hombre que está allí –que es Domingo Castro- por temas de trabajo los dos, tanto Domingo Castro como Armando Ojea que por su trabajo en su día recorrieron la provincia; pero yo no conozco mucho la provincia, pero conozco en concreto la zona de donde viene mi familia. Yo soy de la zona de, bueno, de ahí del Concello de Parada do Sil. Y los tatarabuelos no los tengo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

controlados, pero mis ocho bisabuelos, mis cuatro abuelos y mis dos padres son todos del mismo ayuntamiento, o sea, que debe de haber una endogamia de carallo. Pero bueno, son os oito bisabuelos, os catro abuelos e os dous país, son todos do mesmo tal. Y recuerdo que cuando era pequeño, tenía 10-12 años, la mayor atracción que hay hoy en día en Orense, el punto posiblemente más espectacular que tiene Orense - el otro día salía que estaba entre los treinta mejores de España - lo que es la zona de los Balcones de Madrid, bueno lo que es esas vistas, está entre los treinta mejores de España; y sin lugar a dudas es lo más espectacular de la provincia de Orense, de Orense es lo más espectacular. Bueno, pues , obviamente de cuando yo era pequeño a ahora el número de visitantes se multiplicó, vamos por 300 y por 400, y voy a decir esto en qué se tradujo económicamente, al margen de que en verano hay más actividad con el camping y todo eso, en invierno viene muchísima gente los fines de semana a ver esa zona de la Ribeira Sacra; pero vamos, nada que ver de cuando yo era pequeño, de hecho no había ni mirador y ahora, pues, es uno de los lugares, de los 30 mejores de España. Bueno, pues cuando yo era pequeño, en Parada de Sil había dos bares, había dos bares cuando yo era pequeño en Parada de Sil; hoy, que es impresionante el turismo que hay, supuestamente hay tres, hay tres bares. Entonces, una cosa es lo bonito que es obviamente tener un sitio así, explotarlo para que la gente vea, y otra cosa es quitarle rentabilidad económica que es lo que aquí lo que realmente pretenden para que sea un revulsivo económico. Pero ¿qué carallo va a ser un revulsivo económico? Si en vez de haber tres bares, fueran diez tampoco era un revulsivo económico, son diez bares. Y me pone a hablar del tema del termalismo, del termalismo que es el mayor cáncer que tenemos aquí económico. El termalismo es una joya para los que vivimos aquí, pero económicamente es un cáncer ¿por qué? Porque se gasta en publicidad cien veces más de lo que rentúa. La prueba está en que las termas de Orense no es capaz de mantener un bar. En Outariz, en las termas do Muíño no hay ni un bar, y el que había enfrente entró en quiebra. Entonces, ¿de qué rentabilidad hablan ustedes? ¿están de coñas? Si no es capaz de generar un bar, ¿cómo va a ser un motor económico? Será una maravilla para los que vivimos aquí, vén xente de fóra, báñase , vaise no mesmo día e punto, nada máis. ¿De qué estamos hablando aquí? Entonces todo esto que hablan ustedes aquí de poner en valor, no tienen ustedes realmente ni idea de esto. Hay un dicho en marketing que dice: “si no puedes competir, no compitas”. Entonces, Orense es para mí obviamente la mejor provincia del mundo para vivir, es una tierra maravillosa, efectivamente, de la que estamos orgullosos; pero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

a nivel de turismo tenemos que ir con pies de plomo porque, primero es difícilísimo competir en turismo, porque no es que Orense sea bonito o feo, claro que es bonito, el problema es que no es la única del mundo y en el marketing tienes que competir, hay competencia. Entonces la pregunta es ¿podemos competir con los demás? Fíjate que en diciembre la gente no va a las playas y aun así tenemos la última ocupación hotelera; porque en verano se puede entender, ¿pero en diciembre? Que non temos a competencia da costa, pois aínda así, a última ocupación hotelera. Hablaban del tema de que diez puntos, que todavía no tienen claros esos diez puntos, quieren hacer el top ten. Y en las juntas de reunión preparativas, en la comisión preparativa para esta moción, tienen tan poca idea de lo que es generar empleo que hasta proponían cosas ilegales, como por ejemplo que había que producir, contar con los empleados, hablaban de que se iba a crear un tema para contratar a los titulados de la Facultad de Empresariales. Y les tuvieron que advertir, tanto Democracia Orensana como los del PSOE, que es ilegal porque no se puede favorecer a un foco concreto para el empleo. Es decir, es inconstitucional, todos los españoles tienen las mismas opciones. Y ahora lo quieren cambiar, después de la advertencia de Democracia Orensana y del PSOE, lo quieren cambiar por hacer un plan de becas con la Facultad de Empresariales y Turismo de Ourense, un plan de becas donde cooperaría la Diputación. Pero vamos a ver Doval, si es un plan de becas ya no puede generar empleo, es dar más dinero público ¿Dónde está ahí crear empleo? Si xa estamos falando de que vamos a dar unas becas para que esa xente esté ocupada seis meses, iso non é generar empleo. Eso es otro tipo INEM, es como el Instituto Nacional de Empleo pero tener a gente ocupada, como hacen aquí en la Diputación. Que por cierto, tenga cuidado cuando invita a gente como el Presidente de Cantabria, Revilla, que cuando lo invitó su padre, que vino aquí, lo traen a cuerpo de rey, lo tratan ahí con honores al Revilla. Luego va a la televisión, a la sexta y lo primero que dice es: *le voy a hablar de un sitio que hay allí en Orense que cuando fui, me llevaron, empezaron a salir por una puerta bedeles por todos lados*” y todo el mundo *escojonándose*, coño, entonces tenga cuidado con la gente que trae aquí, que aun encima que los invitamos luego se *escojonan* de Orense y nos ponen a parir. Esto me recuerda cuando se decía que el Club Orense Baloncesto es bueno porque genera publicidad para Orense, y resulta que habíamos traído a un jugador cubano y salió el tipo hablando después. Había estado en Orense un año y luego le hicieron una entrevista para el periódico –yo creo que *El Mundo*- y dice el cubano: “*yo estuve jugando un año en Orense, lo peor la ciudad. Uf, horrible*”. Manda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

carallo para como promocionamos nós a cidade con esta xente, que vai falando por aí de nós de esa forma, no. Entónces, nada máis, dicir que esta é unha moción tremendamente vaga onde lo único que va a traer é gastos. Y obviamente, claro que temos que intentar resaltar os puntos buenos que temos en a provincia de Ourense, que son muchos, acondicionarlos lo máximo posible. Agora, de ahí a intentar vender a moto como intentan vender en esta moción, de que isto va a ser un motor económico, ustedes están realmente de coñas y siguen riéndose de todo el mundo. O sea, si a playa das catedrais tendo moito máis do que vamos a ter nós soñando, non o consiguen, onde vamos facelo nós?, ou sexa é tomar o pelo, e outra cousa é vamos a intentar dentro do que é o noso entorno facelo desta forma. Pero vamos, tal e como está redactada, nós non podemos apoiála e temos que abstermos.

D^a. Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE: Moi bos días a todas e todos. Ben, moitas grazas Sr. Doval pola explicación, pero ao final non nos dixo nada referente á moción que vén a presentar. Nos traen aquí, ao Pleno unha moción que vai a saír adiante cos seus votos, polo que se deduce, e que van a aprobar poñer en valor dez puntos da provincia de Ourense de excepcional valor turístico; pero non sabemos nin cales van a ser. Vamos a ter primeiro que facer un plan cultural e creativo para poder determinar eses puntos. Na provincia de Ourense contamos xa con moitos plans e temos un verdadeiro problema en promoción do noso patrimonio. No ano 2016, como vostedes saben, foi un ano para o turismo de máximos históricos, acadou en Galicia, pero en Ourense só representa o 7% dos viaxeiros que chegaron a Galicia. A comparativa entre Ourense e o resto de Galicia é bastante negativa; a pesar de que, como saben, Ourense é a provincia con maior patrimonio románico, de España tras Palencia. Lugo, por exemplo, poderíamos dicir que é unha provincia con características similares pero con moito menos patrimonio, tivo dobre de pernoctas que en Ourense. Na comparativa nacional a provincia de Ourense ocupa os últimos postos, de por ser, non somos nin líderes no turismo rural de Galicia, e temos materia prima de abondo para poder selo. Temos un problema de promoción do noso turismo dentro da comunidade, pero sobre todo fóra. A deputación xa ten varios plans, entre algún que vou detallar son: o Plan de Turismo Termal, para a Vía da Prata, en materia deportiva, para a Ribeira Sacra... Se nos anunciou hai un ano, por parte do presidente, que iamos a ser un destino turístico intelixente. Pero si todas estas ideas e plans quedan nun *slogans* e logo as cifras non acompañan é que o *slogan* non serve para nada. A política turística desta Deputación está feita a base de anuncios e plans sen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

conexión; e non o dicimos o PSOE, o din os datos do INE. No terceiro punto nos fala, nos di que van a facer, a elaborar un plan de emprego. En primeiro lugar non entendemos o que quere dicir con “*un plan de emprego que oferte unha atención especial aos visitantes*”. Ben, en todo caso aos visitantes, esa atención será ofrecida por persoas e non por un plan de emprego. Un plan de emprego, xa saben vostedes, pero voullo a recordar, entre outras cousas ten que favorecer a inclusión social, a economía social, ter un claro enfoque de xénero e non discriminación para evitar as desigualdades. Un plan de emprego non pode ser excluín-te. Parécenos adecuado que tivese en conta aos graduados da Facultade de Empresariais e Turismo de Ourense, aínda que cremos que habería que abrir este abanico a graduados que vivan na provincia pero que sexan doutros campus distintos aos ourensáns. Abrir tamén esta proposta a persoas con formación turística ou hoteleira, con maiores problemas de empregabilidade. Un plan de emprego non pode ser discriminatorio, que é como vostedes poñen aquí. Nós non podemos apoiar esta moción porque o único claro que nos queda é que queren facer outro plan de turismo cultural e creativo. Ourense o que necesita é un plan estratéxico que englobe todas as propostas turísticas e non plans feitos en base de ideas soltas. Ourense o que necesita é un plan global de promoción, unha estratexia conxunta e non un puñado de plans desligados como temos agora. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: ben, de novo. Vou ler o que dixen o outro día na comisión. Dice: “*o presidente da comisión entende que iso non é nin moito menos a filosofía da proposta, reconece que a redacción quizás non sexa a máis afortunada e que o sentido da proposta é contar coa Facultade e os seus titulados, facilitarlles a oportunidade de emprego; pero en ningún caso discriminándoos positivamente fronte ás outras titulacións de outras universidades que puideran entrar en condicións de igualdade*”. Creo que quedou claro o outro día na miña explicación. En todo caso, dixen outro día na comisión que si existía aquí unha Facultade, perdón, unha carreira específica de turismo, entendo que eses profesionais son os que, xa que estamos falando de dinamización do turismo e de cultura en sentido amplo, pois creo que teñen a titulación axeitada, non intentaremos poñer mañá a un doutor en medicina para que promova o tema da cultura; aínda que todos temos cabida. Por outra banda, bueno , a visión catastrofista e visión de curto prazo de que a Volta Ciclista a España ten que ser rendible economicamente nun prazo de catro u cinco meses, pois ben, iso me parece unha visión en todo caso, que non ten moito sentido. A Deputación ten claro, vamos a seguir polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

camiño que temos marcado, está previsto, perfectamente definido que aparece nun plan e vamos a continuar. Evidentemente son distintas áreas, son distintos proxectos e todos eles, ao final estou seguro que coincidirán no que pretendemos: que a provincia de Ourense medre, en todos os termos, especialmente no campo da economía. E tamén dixen ademais que o sentido da moción ía tamén falando de patrimonio, falei en sentido amplo, fixen unha análise de todo o que tiñamos aquí, e falei tamén da parte pedagóxica, da parte cultural, porque non soamente é ás veces a riqueza económica en termos económicos, unha visión economicista lévanos, dende logo, a unha visión materialista, coa cal eu dende logo non estarei de acordo. En canto ao tema dos dez puntos, eu xa ese día dixen que íamos a iniciar un estudo. Que os dez puntos non estaban fixados. Se lle levara a vostede os dez puntos pois que dirían. Será en base a estudos técnicos e de persoas que teñan competencias na materia, ou os mellores posibles, e tamén contando coa xente e contando coa xente, hai que contar cos cidadáns; porque aquel que non conte cos cidadáns cando fai unha análise da realidade ou fai actuacións sobre a realidade e non conta cos que viven nesa realidade, pois seguro que se equivoca. Polo tanto o proxecto é amplo e aberto e estamos comezando e alí sairán eses 10 elementos máis significativos - que seguro que hai moitísimo máis - pero haberá que concretalos; e dende logo a visión que teñen non é a visión das cousas concretas, nin Ourense cidade, nin o termalismo do cal eu falei. Eu dende logo no sei o que ten o Sr. Jácome contra o termalismo, e dende logo, Ourense tense dito que é provincia termal. É unha provincia termal, déalle vostede as voltas que lle de. Vostede me fala sempre das charcas de aí, para min o termalismo é moito máis ca iso. O termalismo xa llo dixen unha vez, dende logo si hai unha cátedra de hidroxloxía en varias universidades, será porque a auga algo ten que ver coa vida, coas persoas e coa saúde e tamén preventivas. Pero ben, se vostede se empeñan en dicir que o termalismo é unha trapallada, que non vale para nada, pois dirao vostede, eu polo menos teño a seguridade de que non o comparto. A redacción quedará feita, solicito que quede feita en base ao que dixen na comisión para que calquera dúbida quede aclarada, é dicir, de ningún xeito vai a ser discriminatoria para ninguén. Polo tanto solicito que no punto tres quede recollido o que expuxen na comisión. E dende logo eu non teño a visión simplista, e dende logo catastrofista. E tamén lles teño que dicir a aqueles que falaban de plans anteriores, que dende logo eu non estaba aquí no ano 2009. Eu sempre falo e creo que o teño dito moitas veces, eu falo do futuro. O pasado: *auga pasada non move muíños*. E posiblemente houbera erros e cousas que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

fixeran, como todas as obras humanas, ás veces non dan resposta ao que pretendemos; pero dende logo teñan a seguridade de que vamos a seguir apostando pola provincia, no sentido máis amplo posible e buscamos con este plan con outros de similares características, que a provincia vai para arriba. Dende logo non temos esa visión, teñan a seguridade, catastrofista, nin moito menos. Moitas grazas de momento.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, Sr. presidente. Moi brevemente, só dicir, lembrarilles, a nós parécennos moi ben estas mocións que se auto - presentan a vostedes mesmos, pero teño que lembrarilles que non sei si ao mellor son para xustificar eses recursos que se lles poñen a disposición, como se nos recorda a outros, por parte desta institución, para darlle un sentido e unha utilidade. Pero teño que recordarilles que vostedes a parte de ser o Grupo Popular, son o grupo que sustenta o goberno desta casa e entendemos que unha moción redactada nestes termos, sen ningún tipo de concreción como lle preguntabamos o outro día, pois sendo como son vostedes, e repito, o grupo de goberno e tendo en conta tamén, como se nos acaba de lembrar, que é algo que levaban no seu Plan 14 - 19, pois entendemos que debería de ser moitísimo máis concretada e moitísimo máis elaborada. Se nos puxese sobre a mesa, como así llo dixemos, sobre a mesa os 10 puntos de excepcional valor turístico dos que nos fala aquí, pois teríamos a ocasión de valorar a ver que criterios utilizaron ou si estamos de acordo en que eses 10 puntos son de excepcional valor turístico, poderíamos falar sobre eles, opinar sobre eles. Si nos presentaran un plan ou un borrador do plan, poderíamos falar sobre o borrador do plan, poderíamos opinar sobre o mesmo, e non aconteceu nada diso. O que teñen é o que acabo de dicir, unha moción que vostedes se presentan a vostedes mesmos e que unha vez aprobada, como non vai ser de outra maneira, pois será cando empecen a traballar nela. En todo caso, e dito isto, nós non podemos dicir que non a elaborar un plan, a poñer en valor puntos de interese turístico da nosa provincia, como xa dixeron outros portavoces, non podemos opoñernos a iso. O que botamos de menos precisamente é a concreción, botamos de menos eses criterios, porque tampouco os vemos por ningún lado nin se nos explicaron. Agora fálanos de *Top Ten*, pero nós pensamos que si nos poñemos a facer unha lista, eu creo que non saen 10, saen 100 ou 200. *Top Ten*, vale, está ben como concepto, pero en todo caso agardaremos a ver en que se concreta. Lembrar o pasado, facer referencia ao pasado como fixen eu na miña primeira intervención é precisamente para xustificar que non temos moi boa experiencia ao respecto destes plans, a ver

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

si este definitivamente é o que nos fai cambiar esta percepción, e en todo caso, cando teñamos o plan será cando podamos opinar sobre el. De momento temos unha auto - moción presentada polo Grupo Popular e pouco máis. Nós tamén como outros grupos de momento optaremos pola abstención. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana: si, Doval, tu réplica da para outra moción. Eres como en las series estas, los *spin off*, porque realmente da para secuelas. Vamos a ver, primero fíjate que hasta te traiciona el subconsciente, cuando hablaste del termalismo digiste “*as termas, o termalismo é moito máis que as charcas que hai en Ourense*” Hasta tú le llamas charcas, está grabado, está grabado, no, no, está grabado. Dixo el , ata ti lle chamaches *charcas*. Dijiste que, vamos a ver, que la Vuelta Ciclista a España vino este año, en el 2016 en agosto, y entonces decías que cuatro meses es muy pronto para que se pueda tornar en repercusión al turismo, o sea, si o mesmo ano que vén a Volta dis que aínda é cedo, entonces estás dicindo que dentro de seis anos vai a empezar a chegar xente por aquí. “*Eu veño aquí porque hai seis anos vin a Volta Ciclista a España, ademais foiche no ano 2016, acordo como si fora hoxe, e por iso veño eu, acórdome como si fora hoxe*”. Si non veñen este ano, dí que a mellor hai que esperar cinco ou seis anos, ata que se acorden da Volta. É para *flipar*. Dice que empieza ya a hablar del tema del termalismo y entonces ya empieza a hablar de las propiedades del agua, de que son preventivas; mire, si ya le empezamos a meter temas ya de que el termalismo tiene propiedades curativas, ya entramos dentro del *rollo* esotérico, entonces nosotros ahí ya no vamos a discutir; porque realmente el termalismo, que efectivamente hay algún médico, de cada diez mil hay un médico que dice que tiene propiedades curativas. Entonces nosotros no entramos en el tema del esoterismo, no vamos a entrar. Lo que está claro es que no hay ningún estudio concluyente, serio, que pueda decir eso de las aguas termales ¿vale? Ahora si tú te quieres anotar al carro del esoterismo, nosotros ahí no vamos a estar. Yo nunca dije que el termalismo fuera una *trapallada*, de hecho me consta que yo utilizo el termalismo muchísimo más que tú. Y otra vez, haciendo referencia a Domingo Castro que está aquí, debe de ser das persoas de Ourense que máis vai ao termalismo, y apuntó algo tremendamente interesante, Domingo, que yo no había caído que dice lo siguiente (va siempre a las termas, a las pozas do Muíño) y apuntó algo interesante: “*oye, te das cuenta que cuando llueve o hace mal tiempo no viene nadie a las termas*”. Claro, la gente va a tomar el sol principalmente, cuando las termas, lo bonito de las termas es cuando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

te metes en ellas y hace frío y llueve, no cuando hace sol; sin embargo, ¿cuándo está *petado* as zonas de termalismo de Orense? Cuando hace sol ¿Por qué? Porque el 95% no se mete en las termas, la gente va a un tema social donde haya gente, poner una toalla y pasarse una tarde allí. A las termas quienes van son cuatro, por eso cuando llueve o hace frío no va nadie. ¿Te das cuenta de lo que es el termalismo,? ¿eh? La diferencia es un tema que va por el tema social, es un tema de ocio, donde realmente si en vez de poner unas termas, pones unas piscinas normales, sin aguas termales pero lo acondicionas, la gente iría exactamente igual, porque lo que va la gente es a un sitio donde estirar la toalla, tomar el sol y estar con más gente. En ningún caso dije que fuera una *trapallada*, digo que económicamente es imposible de rentabilizar. Tanto es así, fíjate si es imposible de rentabilizar el termalismo que en el mundo hay seis o siete sitios donde sea rentable y son porque son sitios históricos: Bath en Inglaterra, Baden Baden, Spa en Bélgica.. son cinco o seis sitios. ¿qué ocurre? Cuando no existían los *resorts*, cuando no existían los *jacuzzi*, hace un siglo, aquello era la vanguardia, era *el no va más* y hoy quedaron como sitios clásicos. Sin embargo, todos, todos los balnearios de España, prácticamente todos, están en bancarrota. Fíjate que ahora en la isla de la Toja hay uno que cerró los meses de invierno, lo mismo que hacen aquí los de Orense. Antes dijiste tú, cuando hablaste de las charcas, dijiste “el termalismo de Orense es mucho más que las charcas”, claro que sí, es verdad. El termalismo de Orense es mucho más que las termas de Orense. El termalismo de Orense son las subvenciones que lleva a Laias, que lleva a Lobios, porque sino no existirían. El termalismo en Orense es mucho más que eso, son las subvenciones para que los demás existan, porque sin subvenciones no habría un balneario abierto en Orense. Sin subvenciones no hay ninguno. Entonces es una ruina económica ¿por qué? Porque genera más gastos que ingresos, entonces es una ruina. Por eso dije antes lo de esa persona “tapa la oreja que no la vea aquel tío”, por culpa del termalismo hemos perdido millones y millones promocionando lo que no es rentable. ¿Qué había que hacer con las termas? Efectivamente, crearlas y usarlas, pero no te pongas a gastar millones y millones en promocionar cuando no vas a tener retorno económico alguno. Y ¿qué más? Ah! Decías que o tema para crear ese *top ten* que hai que contar coa xente. Dices, para tú crear un *top ten* de cuáles son los sitios emblemáticos de Orense que aí hai que contar coa xente. Pero tú no tienes ni idea de marketing, contar coa xente, para que?; o sea, vamos a ver, lo que le importa a la gente, en el marketing, fíjate por lo que triunfa Zara, es porque a Zara le importa un bledo lo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

que la gente diga y opine. A Zara lo que le importa es lo que la gente haga, según van comprando, van cambiando la producción; es decir, lo que dicen los yanquis: *It's not what you say. It's what you do*. Me importa un bledo lo que digas, lo que me importa es lo que hagas. Entonces, el Top Ten de Ourense será aquel que arrastre más gente, no el que diga la gente. Lo que diga la gente no importa. Lo que importa es lo que haga la gente, no lo que diga.

D^a. Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE: o noso voto como xa anunciei antes ía ser en contra da moción, porque non consideramos que teñamos que ter outro plan de turismo cultural, porque para que nos serve si apenas conseguimos traer turistas. Temos que poder facer un plan de turismo conxunto. En materia de turismo, como xa dixen antes, temos que ter una estratexia conxunta que implique a todos os sectores. Porque, ao final, estamos facendo plans sen ter unha sinerxia que mesture todos os atractivos que temos na provincia. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: ben, evidentemente Ourense ten bastantes máis de dez elementos que sexan dignos de ser, pero terá dez que serán os significativos e serán, os que aparecerán no cumio dese plan, unha vez chegue á súa redacción. Estamos dicindo que vamos a poñer e marcha un plan, e polo tanto o plan non está feito. Eu nunca vin que a casa, cando se presenta o proxecto, que a casa xa estivera feita. Si se sabe por onde vana a ir as liñas. En canto ao da palabra charcas, díxoa vostede, eu non dixen as charcas, eu repetín o que vostede dixo; e tamén lle sigo dicindo outra vez o mesmo, que cando vostede fala das propiedades da auga, eu digo que as universidades, vostede non me dixo nada en contra diso, si as universidades teñen cátedras de hidroloxía, pois por algo será. E dende logo non son, xa llo dixen unha vez que vostede de coñecementos e de títulos académicos e demais seguro que me superaba moitísimo, pero desde logo eu o que lle digo é iso. Eu remítome á Universidade de Santiago, que é a que está máis cerca, pois ten unha cátedra de hidroloxía. Supoño que algunha propiedade terá, e hai bastantes máis. Ben, o que buscamos con este plan é sumar, nunca restar, e desde logo este plan por si solo, o termalismo por si so, este plan por si so, quizá non, pero si seguimos metendo cousas no cesto, seguro que chegamos ao porto ao que pretendemos: que esta provincia saia adiante. E tamén lle tiño que dicir, vostede fala moitísimo de *marketing*, dende logo, a provincia de Ourense, nin a realidade de Ourense non é algo que se poda vender unicamente como *marketing*, como un produto comercial. É algo máis ca iso. E tamén xa llo dixen antes que a visión economicista a min, eu dende logo non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

estaría aquí só por unha visión economicista. En canto ao tema da portavoz do Grupo Socialista, dende logo eu o que dixer, xa se di aquí, evidentemente non están definidos eses dez elementos, pero si o que se vai a facer. E cando din o de estudar á xente, evidentemente non se pode actuar as costas da realidade e as costas dos cidadáns que viven no territorio; porque ás veces ten ocorrido iso, algún caso en concreto. Entón, isto é o comezo, non sei si outros plans non funcionaron, o que pretendemos dende o goberno provincial – que temos a responsabilidade de gobernar - pretendemos que o plan evidentemente sexa o mellor posible; e dende logo queremos contar, é un plan aberto, e queremos contar sobre todo cos técnicos, para que non sexamos só os políticos os que o facemos e logo digan “ é que non saíu ben”. Dende logo, se teñen a resposta e o respaldo dos técnicos, estamos seguros que este plan vai a ser un éxito. E as actuacións que vén facendo a Deputación, non sei si conseguiremos todo o que pretendemos, pero dende logo creo que estamos no bo camiño, e eu así o creo. Lamento que vostedes non aproben a moción, sobre todo a filosofía da moción, porque aquí non hai cousas concretas. O futuro está por descubrir. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Elaborar un Plan de Turismo Cultural e Creativo da Provincia de Ourense.
- 2º.- Poñer en valor os dez puntos da provincia de excepcional valor turístico.
- 3º.- Elaborar n plan de emprego que oferte unha atención especial a visitantes para eses dez puntos concretos, tendo en conta aos titulados da Facultade de Empresariais e Turismo do Campus de Ourense.

12º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

O Sr. secretario dá lectura á parte dispositiva da proposta da Presidencia, da que se deu conta na Xunta de Portavoces, e di que primeiro hai que ratificar a inclusión do asunto na orde do día, xa que non foi ditaminado en comisión.

O Sr. presidente somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día do asunto que é aceptada co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. En congruencia co que xa expresamos no Pleno onde se aprobou o Plan, non compartimos algunhas das cuestións das bases e estaríamos radicalmente en contra da aprobación dun Plan de rede viaria que o único que pretende é ir parcheando, mal que ben, as moitas necesidades que existen en canto á mellora de infraestruturas; mais non aborda a necesidade de aprobar un Plan real de mellora e actuación da rede con criterios obxectivos, como temos reclamado desde este grupo en varias ocasións. Polo tanto o noso voto vai a ser en contra. Nada máis, moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Nós simplemente dicir que vamos manter o mesmo sentido de votación cando foi o da aprobación inicial, que é o de abstención, sen entrar, e polos mesmos motivos xa expostos no seu día, sen entrar na modificación do Plan, que entendemos, desta obra, que entendemos responde á autonomía municipal. Nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, grazas Sr. presidente. Brevemente, recórdolles que é a aprobación definitiva dun Plan, aprobado inicialmente e logo publicado no Boletín da Provincia, o sexa, que creo que o argumentario, que vostedes expresaron cando se aprobou inicialmente será o que manteñan, e o demais é un trámite, simplemente formalista, coa inclusión do Concello de Cortegada nese sentido, porque respecto máximo á autonomía municipal como fixemos sempre. No Plan de obras e servizos, as obras que solicitaron os concellos e na rede viaria local, unha vez máis digo que hai moitas necesidades, moitísimas, e que se incluíron as que se puideron escoitados os técnicos municipais. Moitas grazas. Perdón, provinciais.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2017, coa seguinte modificación: Incorporar ao plan polo Concello de Cortegada a obra “Entroncamento con estrada OU-801”, cun orzamento de 55.000,00 €, en substitución da obra “Instalación de céspede artificial”, cun orzamento de 250.000,00 euros, co número 32/POS/2017.

13°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xaneiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2017 e 1º adicional de decembro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: teño tres preguntas. ¿Por qué non figuran paneis informativos nas obras da Deputación, nos que se poidan ver prazos de execución, a quen se lle adxudica e orzamento?.

Sr. presidente: pedirei un informe técnico desa circunstancia a ver en qué concellos e con ocasión de qué obras non aparece esa cartelería, e lle será remitido.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: ¿Cando teñen previsto o inicio das obras de reforma do edificio sito da rúa Monterrei que albergará o futuro Museo da Roda de Afiar?

Sr. presidente: estase na elaboración do proxecto correspondente e unha vez que teñamos coñecemento dese proxecto será o momento de iniciar os trámites correspondentes.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: poderíame explicar cales son as razóns polas cales os grupos que forman parte do convenio cultural teñen distinta caché en función do concello onde actúen.

Sr. presidente: pedirei un informe ao responsable administrativo desa rede, para que me diga se efectivamente esa circunstancia se está a producir e lle será remitida oportunamente.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: para rematar teño un rogo-pregunta que me trasladan desde un colectivo, a respecto do que se está facendo cos papeis dos periódicos para reciclar desta casa. Parece ser que na redes de canceiras é bastante importante e necesitan bastante papel de periódico, entón o rogo iría no sentido de se se está simplemente tirando e non se recicla e non hai ningunha empresa que o estea recollendo, pois que se lle fixera chegar á canceira municipal ou a algunha canceira da rede de canceiras para que o poidan utilizar nas mesmas. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente: tomamos nota dese rogo e procederase así.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: yo quería preguntar por qué motivo, un exemplo, o sea, se le van a dar 200.000 euros a un periódico como El Correo Gallego, que no es de Orense. Mi pregunta es, gastos como este ¿por qué se le dan 200.000 euros al año a un periódico como es El Correo Gallego que no es de Ourense? ¿Qué sentido tiene?

Sr. presidente: responderílle por escrito. ¿Algunha cuestión máis?.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: si, hombre por escrito normal porque é un periódico. Chiste fácil. ¿Por qué motivo, con la misma, lleva años siendo prácticamente la única administración que le deniega ayuda al Proyecto Hombre en Ourense? Que no le dá ni un euro ¿por qué lleva varios años la Diputación siendo la única que no le dá nada? ¿Por qué no le dá nada al Proyecto Hombre que es gente necesitada?

Sr. presidente: non teño constancia de solicitude algunha nese sentido. Solicitarei informe á Área de Benestar e tan pronto me informen lle respostarei.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: en el momento en que entraste como presidente se acabó la ayuda al Proyecto Hombre. Justo el año que entraste tú se acabaron las ayudas.

Sr. presidente: non me consta ningunha petición en relación con esa organización , entrevisteime con ela pero non me consta que tivese formulado ningunha petición a esta Deputación.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: su primera esposa y actualmente gerente del Teatro Principal, una alta ejecutiva que tiene un sueldo enorme aquí en esta institución, que pagamos todos los ourensanos, creo que has firmado un decreto estos días para darle un adelanto, un préstamo de 3.000 euros. ¿Qué pasa, que non lle chega o sueldo?

Sr. presidente: ¿algunha pregunta máis?.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: ¿Me vas contestar por escrito?

Sr. presidente: non, a iso non lle vou contestar.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: ¿es tema personal? Pues es dinero público.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: bos días a todos e a todas. Primeiro quería facer un rogo, así a modo de anécdota. Plácido, que che deixen falar un pouco máis, porque íache dicir que vives como un duque, pero non procede, pero o que vives agora é como un marqués. En todo caso, imos falar. Eu creo que toca falar da fiscalización que lle hai que facer a esta casa, porque aquí ultimamente se fala de case todo menos do que se ten que falar, que é precisamente a xestión que fai este grupo de goberno. Neste caso o Partido Popular. Con respecto a isto quería facer algunha pregunta e algún rogo. Empezo polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

seguinte: anteriormente, cando se falou do parque de bombeiros e dos parques, e da selección do persoal que vai cubrir eses parques, quería facer unha pregunta. Primeiro, porque aquí se dixo primeiro unha cousa e a contraria. Se dixo que a Deputación non participaba desde o punto de vista formal nesa cuestión, pero despois se dixo que había informes que sustentaban esas contratacións. Eu quería saber se hai informes dalgún técnico desta casa que sustenten esas contratacións. Esa é a miña primeira pregunta por o seguinte, por unha cuestión bastante rechamante. Para que todo o mundo que está nesta cuestión saiba certas cousas a través desas bases, que ben, teñen que ser a través dunha empresa privada, cuestión bastante significativa, pero non por isto se pode permitir, polo menos aqueles concellos que temos a responsabilidade desde o ámbito público que vixiar algo que vai darlles servizos aos nosos concellos, como pode ser o meu, neste caso. A min faime moitísima graza unha cuestión. A modo de exemplo: os requisitos para a praza de xefe de servizo, por exemplo, se di que ten que estar en posesión do permiso de condución da clase B, en cambio, aos que van estar debaixo deste xefe de servizo se lle pide o C. Aos bombeiros lles pedimos o C e ao xefe de servizo non lle vamos esixir que teña o que se lles vai esixir aos seus empregados neste caso. Ao mellor teremos que preguntarnos por qué. Despois hai outra cousa moi curiosa, para bombeiros e xefes de quenda se lle esixe: ter coñecementos básicos dalgún dos seguintes oficios, salvamento, albanel, fontaneiro, electricista, carpinteiro ou mecánico. Isto téñeno que coñecer os medios tamén, porque ninguén fala destas cuestións, pois eu si que vou falar, que me parece asombroso que se pida isto para ser bombeiros profesionais. Home, dalgunha cuestión en concreto, que sexa algo que se poida engadir, pois me parece ben, pero é que nos xefes de quenda non se pide coñecemento ningún da materia que se trata. É algo alucinante, porque vostedes miran o que se lle esixe aquí e non se lle pide ao xefe de quenda dese parque. Eu o que pido e solicito, como teñen pedido as organizacións sindicais, algunha, é que este proceso se paralice, entre outras cousas porque senón o teremos que paralizar algúns porque ten graves erros administrativos. Primeiro, se non o controlan aquelas administracións que poñen os cartos ¿a onde se teñen que dirixir as persoas que se sintan agraviadas se non comparten os criterios de selección que se están facendo, a esta Deputación, á Xunta de Galicia ou a unha empresa privada? Pregunto. É a miña pregunta. ¿A quen se dirixen os que se senten agraviados? ¿A quen? Cando se están empregando fondos públicos. Isto é unha tomadura de pelo e unha vergoña, e polo tanto non se pode permitir. É así de claro: non se pode permitir. Polo tanto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

primeira pregunta, que se me resposte e a segunda tamén, e se é posible que se paralice. Porque o que estou dicindo é así, ben nas bases que publica a propia empresa, non o estou dicindo por dicir. Primeira cuestión, espero que alguén me resposte. Non sei se vou seguir preguntando ou se o presidente me vai respostar algunha. Xa, por escrito, cando pase o proceso. Pois cando pase o proceso ao mellor terémolo que parar outros, vólvollo dicir. Cuestión tamén significativa, non sei se onte ou hoxe (a min ma enviaron, porque a verdade ás veces nos tes tempo nin para ver os xornais), pero a este deputado, xa o dixen o outro día, non se lle resposta, de forma que é unha cuestión bastante vergoñenta tamén, unha cousa tan sinxela como cales son os alugueiros que se van producir para vehículos nesta casa, cales son as empresas, cales son as demais cuestións relacionadas cos vehículos, e hoxe (creo que hoxe ou onte, non o sei agora exactamente) vemos que esta casa vai adquirir un Audi A6. Eu pregunto ¿para quen é o Audi A6?, para o Sr. presidente. Claro, que o diga o Partido Popular, que fixo unha campaña sistemática de acoso e derribo contra un presidente autonómico por esta cuestión, e agora nós mercamos un Audi A6 nesta casa, claro, vamos *sobraos*. Entón que é para vostede Sr. presidente, digo, porque entón teralle que dicir a Feijoo que el está errado, porque dixo que el ten que andar nun Citroën porque, loxicamente, se fabrica aquí. Queremos saber para que vai ser utilizado ese Audi A6 de 60.000 euros. Despilfarro, sultán... ¿acórdanlles a vostedes aquelas cousas? Cando o Audi A6 o comprara o anterior presidente, curiosamente, pero este non, este comprámolo nós, porque aquí como non hai cambio, agora non hai despilfarro, vamos *sobraos*. Entón que me resposte se vai ser utilizado por vostede. Despois o que si rogaría é unha cuestión tamén. A madre do cordeiro nesta casa, de moitas cuestións que acontecen, de moitas, só hai que coller os decretos de Presidencia, está nos decretos que se asinan todos os meses de pagos e demais. Aí está a fiscalización que hai que facer, non en vir aquí falar de non sei o que. Digo isto porque eu rogaría, se é posible, que cando se fan estes decretos e se especifica para que son determinados gastos, rogaría que se especificase máis. A min non me serve, polo menos para fiscalizar (a min, ao mellor a alguén si) os seguintes textos: apróbase expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para subministración de combustible durante 2017, na zona de influencia da parcela do polígono de San Cibrao, autorizándose un gasto de 200.000 euros. A min iso non me serve. A min se me ten que dicir, para fiscalizar, a qué empresa, porque supoño que en San Cibrao se hai unha ou dúas, non é tan difícil, igual que nos outros sitios, a qué empresas se lles merca a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017

subministración por valor de 200.000 euros, e gustaríame sabelo, e como me gusta sabelo porque teño que facer o meu traballo, me gusta que así conste, porque se non se pode dar a entender que ao mellor non se quere dicir a quen se lle subministran certas cousas. Eu, que non son desconfiado, creo que non é a súa intención, por iso pido que o rogo sexa ese. Tamén se falou nesta casa de algo que é bastante curioso, o dicía o Sr. Doval. Se falou, a min a verdade é que a veces me producen sonrojo certas cousas. O top ten, falábase aquí do top ten todo o rato. Miren ¿saben cales son os top ten desta casa? O top ten son, tamén algo que hai que fiscalizar, porque o fan vostedes a través destes decretos, fan vostedes o seguinte: as axudas directas a concellos, no ano 2016, e mancomunidades, ou sexa, non das que nos reparten a todos, non as que lles meten a vostedes en subvencións nominais no orzamento, non, non, aquelas que o presidente lles dá a cada un de vostedes, e digo cada un de vostedes porque lle é o seguinte, os datos sonlle estes: a concellos do Partido Popular (asómbrense vostedes) son 3.428.991 euros; a concellos gobernados polo Partido Socialista, que son seguramente tanta poboación ou máis como poden ter os concellos que vostedes representan, son 255.000 euros; e aos do BNG ou similares, son 79.700 euros. Isto é sinxelamente un escándalo. Eu pido e rogo que por parte de Intervención e por parte de Secretaría se informe sobre estas cuestións. Porque cando digo top ten, despois, cando aínda encima indagas en quen son os beneficiarios, o top ten empeza por Bande, ben, ao mellor non ten, si que ten que ver con esta Deputación, ou tiña, despois seguimos por Baltar 200.000 euros, Xinzo 184.000, por Cortegada 184.000, páganse certas cousas ¿verdade?, por Muíños, Plácido tes que espabilar que xa che adiantan, etcétera, etcétera. Entón isto simplemente non é soamente un escándalo, é algo que os alcaldes socialistas (dende logo eu o vou tratar de impulsar) que fagan algo máis que estar xa calados ante estas situacións. Porque esta casa, o concello dos concellos como di o Sr. vicepresidente, non se tornou niso, aínda segue sendo peor que era antes, e isto é simplemente unha vergoña. Polo tanto, pido que se faga un informe por parte de Secretaría e Intervención destas cuestións e de cómo están xustificadas e como están as peticións feitas. Por favor, porque dende logo non é unha cuestión menor nin moitísimo menos, cando está ben regulado no réxime de bases locais como se teñen que repartir as axudas e como se teñen que repartir en función dos habitantes e demais, tamén está regulado. E xa para rematar, porque daría para moito se un indaga por aquí, pídlolle tamén, que, é un rogo que fan os meus compañeiros en Leiro, que na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

estrada OU-0307 se arranxe dunha vez por todas, porque levan non sei cantos anos esperando por unhas curvas que son da propia Deputación. Nada máis e moitas grazas.

O **Sr. presidente**: tomo nota dos rogos e as respostas por escrito. ¿Algunha cuestión máis?

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: Bo día teñan todos os deputados e deputadas, Sr. presidente, Sr. secretario, señores que nos están escoitando. Isto é un rogo para o Sr. presidente. Vou facer unha pequena explicación para que entenda o meu rogo. É referente ao meu benquerido Concello de Ramirás, onde temos unha poboación aproximada de 1.600 habitantes, cun 70% aproximadamente que pasan dos 60 anos, e onde existe unha única oficina de banco que é Abanca, situada no núcleo de Villavidal. Ao seu carón desenvólvense pequenos comercios e negocios, como é o aserradoiro, o dos pelets, bares, perruquería, farmacia, supermercado, panaderías e carpintería. Son negocios que subsisten a raíz de que os clientes e os usuarios veñen facer as xestións alí á Abanca. Parece ser que van pechar esta oficina, única oficina no medio rural. O meu rogo é porque penso que a Deputación, unha das súas funcións, para o meu modo de entender, é a defensa dos servizos no medio rural dos pequenos concellos. O día 9 deste mes solicitamos un pleno extraordinario por parte do Grupo Socialista cun único punto da orde do día, para o posicionamento da Corporación municipal en contra do peche da oficina de Abanca no noso concello, a única que hai, onde foi aprobado por unanimidade dos que estabamos presentes (por certo, non se presentou o voceiro do BNG, supoño que tería algún problema por asistir e non estar facendo país nese momento no Concello de Ramirás, porque creo tamén será importante para el). O día 22, que foi onte, tivemos pleno ordinario e si estabamos toda a Corporación e todos os representantes. A Corporación está composta polo Partido Popular, o Partido Socialista e o BNG, e nese pleno ordinario aprobouse un manifesto, cuns acordos, por unanimidade de toda a Corporación. Ao respecto do meu rogo, Sr. presidente, dentro deses acordos, á parte de ser aprobado por unanimidade como digo de toda a Corporación, rexeitamos de xeito unánime o peche da oficina que a entidade bancaria Abanca ten no noso concello, adquirindo o compromiso de pór en marcha todas as actuacións necesarias para que se mantenga o servizo nas condicións actuais. Parece ser que só quere mantela agora dous días, cando está actuando todos os días. O rogo, repito Sr. presidente, para que vostede lle dea trámite, é o seguinte, que lle vai chegar por parte do Concello de Ramirás para a seguinte semana dirixido a vostede:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

solicitar do presidente da Deputación Provincial de Ourense que adquira o compromiso irrenunciable, derivado das responsabilidades propias do seu cargo, da posta en marcha de todas as actuacións que estean ao seu alcance, para impedir que se peche este servizo esencial para a cidadanía de Ramirás. Moitas grazas, e insisto no rogo Sr. presidente.

O **Sr. presidente**: moitas grazas, tomamos nota dese rogo.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: é un rogo concreto. Vimos hoxe na páxina web da Deputación como se vai poñer en marcha un proxecto piloto, que se chama “Revivenda” ou algo así, asinado polos concellos da Veiga e máis de Oímbra, parabéns aos dous alcaldes que están aquí por ese convenio, pero o rogo vai no sentido de que nos vindeiros proxectos piloto, ou neste se é posible, que se fagan desde esta entidade, se teña en conta a pluralidade política dos concellos da provincia de Ourense e se inclúan concellos socialistas tamén, xa que tamén están interesados en poñer vivendas en aluguer para asentar poboación. Moitas grazas.

O **Sr. presidente**: tomo nota dese rogo e xa existe neste momento algún proxecto piloto cun concello gobernado polo Partido Socialista e no pleno do mes de abril seguramente assistiremos a algún outro tamén gobernado polo Partido Socialista. Insisto, os proxectos piloto son a iniciativa dos concellos que os traballan. Levan bastante tempo traballando neles, que implican a aprobación dunhas ordenanzas municipais, e que, como dixen onte, se se demostra, se teñen éxito, non hai ningún tipo de problema en estendelos e extrapolalos ao resto da provincia, poñendo en marcha un plan de cooperación xenérico.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: máis que nada é para o portavoz do Partido Popular, Sr. Plácido. Un rogo ou unha información, para que agora ao saír recolla un presuposto do prezo do metro cúbico do baleirado de fosas sépticas, para que lle aforre ao seu concello, xa que no pleno pasado me dicía que mentía no prezo. Agora ao saír doullo para que lle poida saír máis barato no seu concello.

Don Plácido Álvarez Dobaño dalle as grazas dende o escano.

O **Sr. presidente**: agradecemento por parte do voceiro do Grupo Popular. Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15](#).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de febreiro de 2017
--

E, ás 14.15 horas do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,